

O Impacto económico do Campus Terra na provincia de Lugo

Informe final

Outubro 2024

Contido

Equipo realizador	4
Resumo executivo	5
Capítulo I: O Campus Terra	9
1.1. Algunhas cifras do Campus Terra	10
1.2. A dimensión económica do Campus Terra	15
Capítulo II: O impacto económico dos gastos dos estudantes do Campus Terra	17
2.1. Introducción	18
2.2. Recollida de información: a enquisa aos estudantes	18
2.2.1 Deseño e estrutura do cuestionario da enquisa	18
2.2.2. Deseño da mostraxe e mostra realizada	20
2.3. Análise descritiva de resultados	23
2.3.1. Datos académicos e persoais	23
2.3.2. Determinantes do gasto dos estudantes	28
2.3.3. Estructura de gasto dos estudantes	30
2.3.4. Coñecemento do Campus Terra	33
2.4. Impacto económico do gasto dos estudantes	36
2.4.1. Gasto medio dos estudantes do Campus Terra: filtrado e resultados	37
2.4.2. Impacto directo	40
2.4.3. Impacto indirecto	41
2.4.4. Impacto inducido	43
2.4.5. O gasto dos visitantes e o seu impacto	45
2.5. O impacto total asociado aos estudantes	46
Capítulo III: Impacto económico dos gastos de persoal do Campus Terra	50
3.1. Introducción	51
3.2. Recollida de información: a enquisa ao persoal	51
3.2.1. Deseño e estrutura do cuestionario da enquisa	51
3.2.2. Deseño da mostraxe e mostra realizada	53
3.3. Análise descritiva de resultados	55

3.2.1. Datos persoais	55
3.2.2. Determinantes do gasto do persoal.....	56
3.2.3. Estrutura de gasto do persoal	57
3.3. Impacto económico do gasto do persoal	61
3.3.1. Gasto medio do persoal do Campus Terra: filtrado e resultados.....	61
3.3.2. Impacto directo.....	63
3.3.3. Impacto indirecto	66
3.3.4. Impacto inducido	67
3.4. O impacto total asociado ao persoal.....	69
Capítulo IV: Impacto económico dos gastos do Campus Terra	74
4.1. Introducción	75
4.2. Obtención da información	75
4.3. Impacto económico do gasto do Campus Terra.....	77
4.3.1. Impacto directo.....	77
4.3.2. Impacto indirecto	80
4.3.3. Impacto inducido	81
4.4. O impacto total asociado ao gasto do Campus Terra	83
Capítulo V: O impacto económico total do Campus Terra	89
5.1. O Impacto económico total do gasto do Campus Terra	90
5.2. Comparacións con outras universidades	100
Referencias	102
Anexo I: A metodoloxía input-output.....	104
Multiplicadores do output.....	106
Multiplicadores de renda.....	106
Multiplicadores do emprego.....	108
Anexo II: Cuestionario da enquisa ao alumnado.....	109
Anexo III: Cuestionario da enquisa ao PDI e PTXAS.....	117
Anexo IV: Correspondencia entre ramas e CNAE-09.....	123

Equipo realizador

- Roberto Bande Ramudo, GAME-IDEGA, Universidade de Santiago de Compostela
- Diana Fernández Méndez, GAME-IDEGA, Universidade de Santiago de Compostela

Resumo executivo

O obxectivo fundamental deste informe é recoller as conclusións derivadas da análise do impacto económico que o Campus de Lugo ten no ámbito territorial máis próximo, nomeadamente a provincia de Lugo. A actividade económica da Universidade de Santiago de Compostela é susceptible de xerar efectos a corto e a longo prazo, derivados do estímulo que supón para o tecido empresarial provincial. Non obstante, o impacto económico non está vinculado tan só ao gasto directo realizado pola institución no conxunto de provedores localizados na provincia (ben sexa por pagos a provedores de bens e servizos, subministracións, inversións en infraestruturas), senón que tamén existe un impacto derivado do gasto realizado por outros axentes económicos asociados á actividade universitaria, fundamentalmente o alumnado e o persoal. Estes gastos non son realizados directamente pola USC pero teñen lugar precisamente pola súa presenza e actividade na cidade.


Seguindo diferentes estudos existentes para outras universidades, neste traballo empregaremos a metodoloxía *input-output*, moi estendida na análise de avaliación de impacto. Esta metodoloxía considera a interrelación entre as diferentes ramas e sectores de actividade da economía. A base da análise é a Táboa Input-Output (TIO). Esta táboa de dobre entrada recolle por filas a distribución da produción de cada sector entre varios usos, tanto consumos intermedios (os inputs a outros sectores) como o consumo final. Por columnas recolle os inputs de cada sector á produción do resto de sectores. Deste xeito é posible analizar a aportación da actividade económica da universidade (ben sexa polo gasto realizado pola institución ou polos axentes económicos asociados á actividade universitaria) a cada un dos sectores, e polo tanto á actividade económica agregada (O Anexo I presenta un resumo da metodoloxía Input-Output).

Seguindo a metodoloxía formulada polo Instituto Valenciano de Investigaciones Económicas (IVIE), a análise de impacto da actividade universitaria na contorna próxima consta de 4 etapas (Figura 1):

- **Etapa I:** Identificación dos axentes xeradores do gasto. En función dos casos concretos a analizar e da información dispoñible estes axentes poden identificarse de diferente xeito. No caso do Campus Terra identificamos 3 grandes grupos de xeradores de gasto. En primeiro lugar a propia universidade, que a través do seu funcionamento corrente e inversor xera fluxos de gasto, e polo tanto, impacto económico. En segundo lugar, o estudiantado, sempre e cando o gasto realizado sexa consecuencia do feito de estudar na universidade. Dentro deste grupo incluímos aos visitantes que reciben os estudantes durante o curso

- académico. Por último, o persoal da USC (PDI, PTXAS e persoal investigador) tamén realiza un gasto asociado á actividade da universidade.
- **Etapa II: Cuantificación do gasto dos axentes.** En función da tipoloxía de axentes identificados na etapa anterior procedeuse a cuantificar os gastos realizados por cada un deles. Para a universidade como institución empregamos a liquidación orzamentaria en provedores localizados na provincia de Lugo. Para calcular o gasto dos estudantes e as persoas que os visitan ao longo do curso desenvolveuse unha enquisa de gasto. Por último, para o persoal da universidade desenvolveuse outra enquisa adaptada ás características do grupo.
 - **Etapa III: Imputación sectorial do gasto.** Cada un dos gastos identificados na etapa anterior é asignado a un dos sectores económicos da Táboa Input-Output de Galicia.
 - **Estimación do impacto económico:** Unha vez temos asignados os gastos a cada un dos sectores, e en base á metodoloxía input-output procederemos a estimar o impacto total agregado e desagregado por sectores económicos.

Figura 1. Etapas no deseño da investigación




Fonte: Elaboración propia a partir de IVIE, 2024

Segundo a tradición na metodoloxía input-output pódense identificar tres tipos de impacto derivados dun determinado gasto:

- **Impacto directo:** Son os cambios iniciais na actividade económica da provincia asociados aos gastos realizados polos diferentes axentes identificados na Etapa I, e que non terían existido de non existir o Campus Terra.
- **Impacto indirecto:** Son os cambios na actividade económica que resultan das interaccións de cada sector cos outros sectores dentro da provincia. A partires da demanda recibida polos sectores (impacto directo), as empresas da provincia de Lugo localizadas nos diferentes sectores realizan compras de bens e servizos a outras empresas da provincia, xerando deste xeito un impacto indirecto que se vai propagando pola economía da provincia (estes provedores demandarán, á súa vez, bens e servizos a outras empresas, nunha terceira rolda de gasto). O impacto indirecto correspóndese coa suma de todos estes aumentos da demanda en cada unha das roldas.
- **Impacto inducido:** Corresponderíase cos aumentos da actividade económica que resultan dos gastos dos fogares, como resultado dos cambios nos ingresos do fogar a partires dos impactos directo e indirecto.

Figura 2. Identificación dos impactos



Fonte: Elaboración propia

A información necesaria para os cálculos realizados neste informe ten procedencia diversa. En primeiro lugar, emprégase a información proporcionada pola área de xestión orzamentaria da USC relativa aos gastos realizados dende o Campus de Lugo en provedores da provincia. Por outra banda, para poder calcular o impacto derivado do gasto realizado polos diferentes axentes

xeradores (alumnado e persoal) deseñáronse unha serie de enquisas para identificar o vector de gasto específico de cada un destes colectivos. Nos capítulos que seguen descríbense as devanditas enquisas e os principais resultados obtidos.

Os resultados principais deste estudo indican que o valor total da produción provincial en 2023 vinculada ao Campus Terra é de máis de 75 millóns de euros, dos cales un 52 % se corresponde ao impacto directo (39 millóns de euros), o 21,2 % ao indirecto (15,9 millóns de euros) e o 26,8 % ao efecto inducido (20,1 millóns). Dende o punto de vista dos axentes sociais que xeran este impacto total, o 5,5 % é xerado polas unidades de gasto do propio campus, o 37,5% polos gastos realizados polos traballadores do campus na provincia e o 56,9% polos gastos vinculados aos estudantes. Este impacto total sobre a produción implica un multiplicador de 1,92, é dicir, por cada euro de produción que xeran os gastos vinculados ao Campus Terra de forma directa, xéranse 0,92 € adicionais de produción como consecuencia dos efectos indirectos e inducidos.

En termos de VEB, o impacto total do Campus Terra ascende a 44,5 millóns de euros, dos cales un 56,1 % lle corresponde ao impacto directo (25 millóns de euros), o 18,6 % ao indirecto (8,3 millóns) e o restante 25,3 % ao inducido (11,3 millóns). O multiplicador total do VEB é de 1,78, polo que por cada euro de VEB que se xera de forma directa grazas aos gastos vinculados ao Campus Terra, xéranse 0,78 € adicionais de VEB a través dos efectos indirectos e inducidos.

En termos de mantemento e creación de emprego, o gasto realizado polos distintos axentes vinculados ao Campus Terra é de 878 postos de traballo equivalentes a tempo completo, dos que o 64,3 % se corresponde co impacto directo (564), o 13,8 % co indirecto (121) e o 21,9 % co inducido (192). Este resultado tradúcese nun multiplicador de emprego de 1,55, isto é, por cada emprego directo derivado dos gastos directos vinculados aos axentes do Campus Terra, xéranse 0,55 empregos máis a consecuencia dos impactos indirecto e inducido.

O informe estrutúrase en 5 grandes capítulos. O capítulo I fai unha contextualización do campus universitario de Lugo e do Campus Terra. O Capítulo II resume o impacto económico dos estudantes do campus, mentres que o Capítulo III recolle a análise realizada para determinar o impacto económico dos gastos do persoal da USC no Campus Terra. O capítulo IV resume o impacto dos gastos directos realizados pola institución (gasto corrente e investimento), mentres que o Capítulo V resume o impacto total (directo, indirecto e inducido).

Capítulo I: O Campus Terra

O Campus Terra é un campus de especialización, que nace ao abeiro do acordo entre a Universidade de Santiago de Compostela e a Secretaría Xeral de Universidades, dependente da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional da Xunta de Galicia, plasmado na acreditación como Campus de Especialización do Sistema Universitario de Galicia por un período de catro anos (Resolución do 10 de agosto de 2021 publicada no DOG núm. 173, do 8 de setembro de 2021) e formalizado no correspondente convenio de colaboración entre a Consellería e a USC. O obxectivo fundamental deste proceso é transformar o campus universitario de Lugo nun referente científico e social nos ámbitos vinculados á sustentabilidade económica, social e medioambiental do uso da terra.

A especialización do campus céntrase no eido agroalimentario desde unha perspectiva multidisciplinar, ben sexa dende o punto de vista da docencia impartida no campus (en seis facultades e escolas e dous centros adscritos), a investigación que se desenvolve dende estes centros, e a transferencia de coñecemento ao sector produtivo e á sociedade en xeral.

O proxecto conta cun longo percorrido, que arranca en 2015, nos que comezaron os traballos para lograr a especialización descrita. Logo de diferentes etapas, condicionadas en moitas ocasións polo contexto socioeconómico (cambios no goberno da universidade, a pandemia do COVID-19), finalmente no ano 2021 o Campus Terra logrou a acreditación como campus de especialización e comezou coas súas tarefas, encadradas en tres eixos fundamentais: a docencia, a investigación e a interacción co tecido produtivo. Neste informe non imos a facer unha descrición detallada das accións desenvolvidas en cada un destes eixos, aínda que para ter unha imaxe completa do potencial impacto económico das actividades do Campus Terra é convinte facer un repaso ás principais liñas de actuación. Non obstante, e dada a información dispoñible, en moitos casos non é posible distinguir que accións se corresponden coas actuacións do Campus Terra e cales son da USC como institución. Por este motivo, ao longo deste informe imos a identificar Campus Terra co campus de Lugo, o que é relevante sobre todo no que atinxe aos gastos directos da USC,

1.1. Algunhas cifras do Campus Terra

O Campus Terra está conformado por cinco facultades (Facultade de Administración e Dirección de Empresas, Facultade de Ciencias, Facultade de Formación de Profesorado, Facultade de Humanidades e Facultade de Veterinaria), unha escola superior (Escola Politécnica Superior de Enxeñaría) e dous centros adscritos (Escola Universitaria de Enfermaría e a Escola Universitaria de Relacións Laborais). Estes centros imparten un total de 21 títulos de grao, 14 de mestrado universitario e 6 programas de doutoramento.


Táboa 1.1. Alumnado de grao por áreas no Campus de Lugo. 2016-2023

Área	2016/2017	2017/2018	2018/2019	2019/2020	2020/2021	2021/2022	2022/2023
Artes e Humanidades	113	131	121	91	68	78	55
Ciencias					44	89	134
Ciencias da Saúde	1.113	1.086	1.093	1.066	1.074	1.037	1.080
Ciencias Sociais e Xurídicas	1.291	1.251	1.216	1.176	1.218	1.234	1.241
Enxeñaría e Arquitectura	668	610	553	550	617	661	674
Total	3.185	3.078	2.983	2.883	3.021	3.099	3.184

Fonte: USC en cifras

A táboa 1.1 resume a evolución do número total de estudantes matriculados en títulos de grao entre o curso 2016/17 e o curso 2022/23. Así, observamos que o número de estudantes no campus mantense no entorno dos 3000, cunha tendencia á alza dende o c curso 2019/20. A evolución por áreas é diversa, cunha forte caída na área de Artes e Humanidades e un incremento moi forte na área de Ciencias. Porén, a análise por centros permite obter unha imaxe máis clara desta evolución (gráfico 1.1).

Gráfico 1.1. Alumnado por centro no Campus de Lugo. 2016-2023



Fonte: USC en cifras

O centro cun maior número de estudantes é a Facultade de Formación do Profesorado (757 no curso 2022/23), seguido da Facultade de Veterinaria. A Facultade de Humanidades, pola contra, amosa un reducido número de estudantes (55), cunha tendencia á baixa dende o curso 2014-2015. Das dinámicas recollidas neste gráfico destacan o repunte no alumnado da EPS dende o curso 2019/20 (en boa media debido á implantación do grao en Robótica), na Facultade de Ciencias (debido á implantación do grao en Bioquímica) e na Facultade de ADE (debido á implantación do grao en Empresa e Tecnoloxía). Os centros adscritos presentan evolucións dispares, xa que a Escola de Enfermería vai recuperando os niveis do curso 2014/15, mentres que a Escola de RRLR perdeu máis da metade do seu alumnado respecto a ese mesmo ano académico.

Táboa 1.2. Alumnado de grao por titulación. 2019-2024

	2019-2020	2020-2021	2021-2022	2022-2023	2023-2024
Dobre Grao en Enxeñaría Agrícola e Agroalimentaria e en Enxeñaría Forestal e do Medio Natural	38	50	52	48	46
Dobre Grao en Enxeñaría Civil e en Enxeñaría en Xeomática e Topografía	3	3	1	1	1
Dobre Grao en Mestre de Educación Infantil e en Mestre de Educación Primaria	53	70	77	91	87
Grao en Administración e Dirección de Empresas	261	246	247	234	222
Grao en Bioquímica		44	89	135	180
Grao en Ciencias da Cultura e Difusión Cultural	63	56	34	19	15
Grao en Empresa e Tecnoloxía		51	88	125	169
Grao en Enfermaría	214	209	219	151	109
Grao en Enfermaría (3ªed)				86	164
Grao en Enxeñaría Agrícola e Agroalimentaria	139	147	138	148	162
Grao en Enxeñaría Civil	87	78	72	69	69
Grao en Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais	110	117	124	123	106
Grao en Enxeñaría en Xeomática e Topografía	21	12	14	4	
Grao en Enxeñaría Forestal e do Medio Natural	86	85	81	70	65
Grao en Lingua e Literatura Españolas	30	13	3	1	1
Grao en Mestre de Educación Infantil	324	326	326	319	320
Grao en Mestre de Educación Primaria	399	386	372	356	372
Grao en Nutrición Humana e Dietética	215	219	214	228	238
Grao en Paisaxe	28	30	37	34	27
Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos (ADSCRITA)	139	140	125	123	108
Grao en Robótica	49	95	136	177	185
Grao en Veterinaria	679	667	648	658	670
Grao en Xestión Cultural			41	35	55
Grao en Xestión de Pequenas e Medianas Empresas	12	9	7	4	2
Total	2950	3053	3145	3239	3373

Fonte: USC, Centro de datos e procesos

Táboa 1.3. Alumnado de mestrado por titulación. 2019-2024

	2019-2020	2020-2021	2021-2022	2022-2023	2023-2024
Máster Universitario en Arquitectura da Paisaxe Juana de Vega (semipresencial)	2				
Máster Universitario en Avogacía (Lugo)	18	16	20	10	1
Máster Universitario en Dirección de Actividades Educativas na Natureza	34	33	26	37	26
Máster Universitario en Dirección de Empresas	17	21	27	20	33
Máster Universitario en Dirección de Proxectos	17	19	27	18	32
Máster Universitario en Enxeñaría Agronómica	36	41	39	33	27
Máster Universitario en Enxeñaría de Montes	21	26	15	18	32
Máster Universitario en Enxeñaría de Procesado de Alimentos	5	10	9	7	1
Máster Universitario en Innovación en Nutrición, Seguridade e Tecnoloxía Alimentarias	30	31	37	40	50
Máster Universitario en Operacións e Enxeñaría de Sistemas Aéreos non Tripulados	4	15	12	2	2
Máster Universitario en Planificación e Xestión Territorial		5	5	4	7
Máster Universitario en Prevención de Riscos Laborais e Saúde Medioambiental	2				
Máster Universitario en Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensinanzas de Idiomas	71	71	66	80	84
Máster Universitario en Servizos Culturais (3ªed)	45	47	37	44	37
Máster Universitario en Sistemas Aéreos non Tripulados			11	15	16
Máster Universitario en Xenómica e Xenética	15	16	15	15	17
Total	317	351	346	343	365

Fonte: USC, Centro de datos e procesos

O aumento do alumnado, tanto de grao como de mestrado, que supón na maior parte dos casos a presencialidade física do estudantado na cidade é susceptible de ter un impacto significativo sobre a actividade económica, que será avaliado no capítulo II deste informe.

Táboa 1.4. Persoal Docente e Investigador por centro.2019-2023

	2019	2020	2021	2022	2023
Escola Politécnica Superior de Enxeñaría	137	135	133	135	131
Facultade de ADE	36	35	39	44	44
Facultade de Ciencias	43	36	33	36	42
Facultade de Formación do Profesorado	64	65	68	73	72
Facultade de Humanidades	43	43	38	37	38
Facultade de Veterinaria	99	94	101	104	100
Total	422	408	412	429	427

Fonte: USC, Centro de datos e procesos

En canto ao persoal da USC no ano 2023 un total de 756 persoas tiñan o seu destino nalgún centro situado no Campus Terra, dos que 427 se correspondían con Persoal Docente e Investigador. A distribución do PDI por facultade (Táboa 1.4.) e escolas concentra o maior número na EPS e na facultade de Veterinaria, seguidas por Formación do Profesorado, ADE, Ciencias e Humanidades.

Táboa 1.5. Clasificación do PDI por categorías. 2023

Asociado/a de ciencias da saúde LOU	6
Asociado/a LOU	56
Catedrático/a de universidade	57
Lector/a	1
Profesorado axudante doutor	59
Profesorado colaborador/a	8
Profesorado contratado doutor	64
Profesorado emérito LOU	5
Profesorado interino de substitución	18
Profesorado interino de substitución (vacante)	7
Titular de escola universitaria	15
Titular de universidade	165
Total xeral	461

Fonte: USC, Centro de datos e procesos

A clasificación do PDI por categorías (Táboa 1.6.) amosa un certo desequilibrio en favor das figuras correspondentes ás etapas da carreira máis avanzadas (profesor contratado doutor, titular de universidade e catedrático de universidade), mentres que o número de profesores axudantes doutores é reducido en comparación coa plantilla de persoal funcionario. O número e categoría do PDI é relevante dende o punto de vista da análise de impacto económico, xa que determina a capacidade de gasto deste colectivo, cuxo impacto será analizado con detalle no Capítulo III do informe.

En canto ao PTXAS, en 2023 o número de persoas cuxo centro de destino estaba situado no Campus Terra era de 166. A clasificación por categorías

recóllese na Táboa 1.6, da que se deduce que a maior parte (29%) pertence á categoría C1, seguido do grupo 4.1 (22%). Ao igual que acontece coa distribución do PDI, esta clasificación é relevante dende o punto de vista da análise de impacto, xa que determina os niveis salariais percibidos, e a capacidade de gasto do colectivo, e polo tanto, o impacto económico que pode xerar vía demanda. Esta análise tamén se realiza no Capítulo III do informe, que inclúe adicionalmente ao Persoal Investigador (PI), que é significativo en canto ao tamaño (129 persoas en 2023). A Táboa 1.7 resume a clasificación do PI por categorías, sendo maioritarios (como era de esperar) aquelas figuras vinculadas á investigación nas súas diferentes etapas (predoutorais, titulados superiores, investigadores asociados e colaboradores, etc.)

Táboa 1.6. Clasificación do PTXAS por categorías e grupos. 2023

Grupo	Número de efectivos
1	23
2	3
3	29
4.1	37
A1	3
A2	11
C1	48
C2	12
Total xeral	166

Fonte: USC, Centro de datos e procesos

Táboa 1.7. Clasificación do PI por categorías. 2023

Categoría	Número de efectivos
Auxiliar Administrativo (G4.1)	2
Axudante de apoio á investigación	3
Investigador asociado	12
Investigador colaborador	14
Investigador distinguido Manuela Barreiro	1
Investigador en Iniciación	3
Investigador Predoutoral	25
Técnico especialista investigación	13
Técnico grao medio investigación	2
Técnico superior de apoio á investigación (grupo I)	1
Técnico superior investigación	16
Técnico Superior Xestión (GI.2)	6
Titulado superior	31
Total xeral	129

Fonte: USC, Centro de datos e procesos

1.2. A dimensión económica do Campus Terra

A acreditación do Campus Terra como campus de especialización leva aparellado un fluxo de financiamento procedente da Xunta de Galicia, que ten diferentes compoñentes, e que ascende, no seu global, a catro millóns de euros, polo que supón unha importante inxección de gasto, que potencialmente pode ter un retorno económico susceptible de ser avaliado.

No convenio asinado entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e a USC no ano 2022 recóllense as diferentes partidas asignadas a cada unha das liñas de actuación previstas na memoria de acreditación do Campus. A Táboa 1.8 resume estas cantidades por anualidades. A partida máis salientable en termos cuantitativos é a correspondente a Investigación (2,5M€), na que maior parte dos fondos se dirixe á captación e retención de investigadores no campus, a través de diferentes liñas de actuación (bolsas pre e postdoutorais, fundamentalmente). Isto implicará a incorporación de persoal investigador durante o período de desfrute das bolsas, co correspondente incremento na capacidade de gasto. En calquera caso, é importante sinalar que o conxunto de gastos e investimentos previstos no conxunto do proxecto non teñen por que impactar necesariamente en Lugo, xa que dependerá da localización dos provedores dos diferentes bens e servizos.

Táboa 1.8. Orzamento do Campus Terra

Actuacións		2022	2023	2024	2025	Total	
Gobernanza	<i>Implementación das comisións</i>	17.700,00	10.700,00	10.700,00	10.700,00	49.800,00	66.800,00
	<i>Desprazamentos e conferencias</i>	9.500,00	2.500,00	2.500,00	2.500,00	17.000,00	
Docencia e Comunicación	<i>Desenvolvemento do novo modelo de titulacións</i>	47.490,00	35.000,00	31.000,00	29.000,00	142.490,00	945.738,00
	<i>Melloras na calidade docente</i>	228.394,00	130.000,00	130.000,00	95.000,00	583.394,00	
	<i>Facilitar a empregabilidade</i>	41.901,00	40.581,00	40.581,00	20.791,00	143.854,00	
	<i>Plan de comunicación</i>	30.000,00	16.000,00	15.000,00	15.000,00	76.000,00	
Investigación	<i>Reforzo de estruturas de investigación</i>		45.000,00	30.000,00	15.000,00	90.000,00	2.541.197,00
	<i>Potenciar a carreira investigadora</i>	231.934,00	641.752,00	558.068,00	399.193,00	1.830.947,00	
	<i>Colaboración entre grupos e participación en redes</i>	135.000,00	110.000,00	85.000,00	20.000,00	350.000,00	
	<i>Participación en proxectos internacionais</i>	24.132,00	32.000,00	33.000,00	30.000,00	119.132,00	
	<i>Contratación dun/unha técnico/a de Innovación e Xestión de I+D</i>	35.868,00	41.000,00	42.000,00	32.250,00	151.118,00	
Interacción co tecido produtivo	<i>Ferramenta dixital contacto único de servizos e infraestruturas do Campus</i>	8.153,00	8.847,00	1.000,00	4.000,00	22.000,00	438.050,00
	<i>Formación continua do sector produtivo</i>	3.800,00	4.000,00	4.000,00	2.000,00	13.800,00	
	<i>Impulso plataformas tecnolóxicas</i>	27.300,00	24.000,00	24.000,00	15.000,00	90.300,00	
	<i>Programas de valorización e protección de resultados</i>	600,00	22.100,00	22.100,00	21.900,00	66.700,00	
	<i>Actividades de transferencia e innovación</i>	29.144,00	25.000,00	24.000,00	18.000,00	96.144,00	
	<i>Contratación dun/unha técnico de Transferencia</i>	33.856,00	41.000,00	42.000,00	32.250,00	149.106,00	
Información pública e transparencia		1.500,00	1.500,00	1.500,00	1.500,00	6.000,00	6.000,00

Fonte: Xunta de Galicia

Capítulo II: O impacto económico dos gastos dos estudantes do Campus Terra

2.1. Introducción

A información relacionada coa actividade económica xerada polo alumnado, en función do seu lugar de residencia, así como coa actividade económica xerada polos visitantes que se desprazan á contorna onde se sitúa a universidade por motivos relacionados con ela (amigos e familiares neste caso), son datos que as universidades normalmente non teñen. Neste caso, para a súa cuantificación realizouse unha enquisa para o conxunto de estudantes do Campus Terra co obxectivo de coñecer o seu comportamento en termos de gasto. de forma que posteriormente se poida cuantificar o seu impacto na economía provincial.

Este capítulo resume os resultados da análise das enquisas realizadas ao alumnado, a información obtida así como o cómputo dos efectos directos, indirectos e inducidos descritos anteriormente.

2.2. Recollida de información: a enquisa aos estudantes

2.2.1 Deseño e estrutura do cuestionario da enquisa

Os datos primarios para a análise do impacto económico dos gastos dos estudantes universitarios obtivéronse a partir dunha enquisa. A enquisa deseñouse co obxectivo principal de recoller información sobre os patróns de gasto dos estudantes do Campus Terra durante o curso académico. Trátase tamén de obter a información sobre varias características persoais e académicas dos individuos, en particular, os estudos que cursan e a súa motivación para facelo tanto a nivel de elección de titulación como de elección de campus. Por último, aproveitouse a enquisa para formular unha serie de preguntas relativas a este Campus de especialización e medir o grao de coñecemento do mesmo por parte do alumnado.

O modelo de enquisa utilizado está baseado no utilizado por Pastor e Pérez (2009), Pastor e Peraita (2010a; 2010b; 2010c; 2010d; 2011a; 2011b; 2012; 2014), e Pérez *et al.* (2015) nos seus estudos sobre o impacto socioeconómico de distintas universidades españolas, e é moi similar ao empregado noutros estudos de análogas características, como por exemplo o realizado sobre o Campus de Gandía (Miret *et al.* 2019) ou sobre a Universidade de Granada (Luque *et al.*, 2009) e a de Salamanca (Múñoz *et al.*, 2015). Ese modelo base foi modificado para incluír a desagregación de gastos segundo unha tipoloxía que se adapte o mellor posible á información estatística dispoñible, así como para introducir preguntas sobre motivación de estudos e preguntas sobre o coñecemento do Campus Terra.

Antes do deseño definitivo, realizouse unha enquisa piloto a trinta estudantes da Facultade de Administración e Dirección de Empresas distribuídos en dous grupos de docencia en aula de informática. Nesta fase testouse se a redacción das preguntas era adecuada para unha boa comprensión, detectar valores

inesperados das variables, fluxos de preguntas erróneos, considerar se a duración do cuestionario era adecuada etc. As cuestións e opinións formuladas polo alumnado respecto a estes aspectos, así como a análise das respostas foi satisfactoria modificándose só aspectos moi concretos na redacción das aclaracións contidas na enquisa.

A enquisa deseñouse para recadar información sobre distintos aspectos de interese para o traballo e tamén para o propio Campus Terra. Na súa versión definitiva o cuestionario está dividido en catro bloques (dispoñible no Anexo I). No primeiro pregúntase sobre aspectos persoais e académicos. O segundo recolle aspectos relacionados coas visitas de familiares e coñecidos ao alumnado. O terceiro bloque trata de recoller a tipoloxía de gasto que realizan os estudantes así como a súa contía. O cuarto bloque, que xa non forma parte da análise de impacto, trata de identificar o nivel de coñecemento do Campus Terra por parte do alumnado.¹

O **primeiro bloque** está dedicado á información académica e persoal. É de esperar que a propia presenza de estudantes universitarios teñan un impacto económico nos lugares onde estudan. Este impacto debería observarse na actividade económica e na creación de emprego. A existencia deste impacto está principalmente relacionada cos alumnos que teñen que trasladar a súa residencia durante o curso académico ou que se desprazan habitualmente dende o seu lugar de residencia.

Os estudantes que xa residen habitualmente no mesmo ámbito xeográfico no que se atopa a universidade son obviados dos estudos de impacto, polo menos parcialmente, xa que unha gran parte dos gastos serían realizados aínda que non estudasen e/ou son gastos soportados polos cabeza de familia.

Por tanto, neste bloque, ademais de información demográfica básica (sexo e idade), pregúntase polo concello de residencia habitual ou familiar, así como polo de residencia durante o curso. Dende un punto de vista académico, ademais de obterse información sobre os estudos que se están a realizar (titulación e curso), tamén se inclúen cuestións sobre a motivación para realizar ditos estudos no Campus Terra. A este respecto, unha pregunta moi relevante para posteriormente determinar que tipos de gasto se deben considerar na análise de impacto, é aquela acerca de que terían feito en caso de non existir o Campus Terra, isto é, se estudarían noutro Campus/Universidade galega, fóra de Galicia, ou se non cursarían estudos universitarios.

O **segundo bloque** está dedicado aos determinantes do gasto. Neste bloque preténdese recoller información xeral relacionada co aloxamento durante o curso académico, a cal vai condicionar de forma importante o patrón de gasto de cada estudante. A tipoloxía do aloxamento do estudante (vivenda familiar, alugueiro ou

¹ O Anexo II recolle o cuestionario empregado na enquisa.

residencia) determina a estrutura de gasto do alumnado, tanto no relativo á súa composición como na súa distribución.

Tamén se pregunta o período en meses que residen estes estudantes no ámbito xeográfico de estudo xa que é de gran utilidade para coñecer durante canto tempo se repetirán os seus patróns de gasto e así poder calcular o gasto dos estudantes durante o curso académico.

Neste bloque tamén se fan preguntas en referencia as visitas que o estudante recibe de amigos e/ou familiares. Esas cuestións fan referencia a se o aloxamento destes implica algún gasto e, de ser o caso, o número de visitas, de persoas por visita e duración da estancia.

O **terceiro bloque** está dedicado á estrutura do gasto. Este bloque pretende obter información sobre os gastos aproximados (reais ou previstos) realizados na provincia de Lugo polos estudantes durante o curso académico.

Pregúntase sobre gastos concretos de sete categorías de gasto: cuestións académicas e papelería, aloxamento, manutención, transporte, comunicación e novas tecnoloxías, ocio e outros gastos. A desagregación por tipoloxía de gasto en cada categoría deseñouse tratando de que non resultase excesiva pero si suficientemente detallada para poder realizar a análise de impacto de forma precisa. Para cada un deses tipos de gasto, pregúntase polo seu importe aproximado en función daquela opción que resulte máis cómoda ao enquisado (por semana, mes ou ano).

Esta información é moi importante para o estudo que se está a realizar pois o impacto económico dos estudantes, tanto a súa magnitude como a súa distribución sectorial, ven condicionado polo patrón de gasto.

O **cuarto bloque** está dedicado ao coñecemento do Campus Terra. Este é un bloque adicional dirixido só ao alumnado de 2º curso e posterior ou estudantes de posgrao, e cuxa inclusión na enquisa foi solicitado pola dirección de Campus Terra. Formúlanse unha serie de preguntas relativas a este Campus para saber o grao de coñecemento deste proxecto por parte do alumnado. As preguntas están relacionadas co coñecemento do propio Campus Terra, tanto a nivel xeral como a nivel de imaxe; co coñecemento das súas canles de comunicación e coa orientación ou especialización do mesmo.

2.2.2. Deseño da mostraxe e mostra realizada

O universo obxecto de estudo está formado por todos os estudantes matriculados no Campus Terra no curso académico 2023-2024, independentemente do tipo de

estudos (3.970 persoas). Para o cálculo do tamaño da mostra² pártese dos datos de matrícula para o citado curso académico proporcionados polo Centro de Datos da Universidade de Santiago de Compostela.

A mostraxe realizada é aleatoria estratificada, sendo os estratos considerados o curso no que se está matriculado (entendendo como curso aquel no que se teña un maior número de créditos). Establécense cinco estratos: 1º curso de grao; 2º curso de grao; 3º curso de grao; 4º, 5º ou 6º curso de grao ou dobre grao; mestrado e doutoramento. Para a afixación da mostra tómase o criterio proporcional, é dicir, o reparto dos elementos entre os estratos da mostra na mesma proporción na que se presentan na poboación obxecto de estudo.

Ao non dispor de información previa, a estimación do tamaño da mostra realízase tomando $p=q=0,5$ dado que ditos valores para a proporción maximizan o tamaño da mostra e aseguran a súa representatividade.

Establécese un nivel de confianza do 95,5 % e unha marxe de erro do 3,75 %, parámetros que se atopan dentro do abano habitual para extraer mostras estatísticas no ámbito das ciencias sociais. Así, o tamaño da mostra ascende a 606.

O proceso de recollida da información tiña que cumprir uns obxectivos concretos. En primeiro lugar, que fose un proceso áxil e rápido, posto que se trataba de contactar con centos de estudantes universitarios, colectivo remiso a participar nas enquisas lanzadas pola universidade. En segundo lugar, tiña que ser un proceso eficaz e eficiente, pola limitación de recursos, non só económicos senón de persoal e de tempo. Por eses motivos optouse pola resposta de cuestionarios auto-administrados en Microsoft Forms obviando outros procedementos máis lentos e caros como o correo postal, a entrevista persoal, e incluso o contacto telefónico.

Para fomentar a participación do alumnado, sorteáronse dúas tabletas iPad entre os estudantes que responderon o cuestionario e superasen a fase de validación. Ademais, para favorecer a devandita participación, solicitouse tanto a través dos decanos como dos coordinadores das distintas titulacións, a colaboración dos docentes con clases en aulas de informática para que informasen da enquisa ao alumnado e lles deixasen de ser posible, uns 20 minutos para que aqueles que o desexaran puideran respondela. Ademais, pediuse a difusión da existencia desta enquisa facilitando a ligazón e o QR a través das aulas de coordinación e das redes sociais.

² Tamaño da mostra (poboacións finitas): $n = \frac{Z^2 \cdot N \cdot p \cdot q}{E^2 \cdot (N-1) + Z^2 \cdot p \cdot q}$, onde Z é o valor da distribución normal (0,1) para o nivel de significación elixido, N é o tamaño da poboación, p é a proporción de éxitos, q é a proporción de fracasos, e E é a marxe de erro máxima.

Obtivéronse 720 cuestionarios, arredor da metade no primeiro día, que representan o 18,1 % do universo de estudo. Finalmente, tras un proceso de depuración da base e de eliminación de casos estraños a mostra final obtida foi de 636 enquisas válidas (o 88,3 % do total), superando o número de enquisas do deseño da mostraxe. Tendo en conta o número final de enquisas válidas, o erro máximo de mostraxe³ ascende a 3,64 %, lixeiramente por debaixo do erro do deseño da mostraxe. No cadro 2.1 preséntase a ficha técnica da enquisa, que resume os aspectos previamente explicados.

Cadro 2.1. Ficha técnica da enquisa

Universo	Poboación matriculada no Campus Terra no curso académico 2023-2024	
Tamaño poboación	3.970	
Procedemento da mostra	Mostraxe aleatoria estratificada por curso (maior número de créditos matriculados)	
Nivel de confianza	95,5 %, con $p=q=0,5$	
Tamaño mostra	Mostra Deseñada	606
	Mostra Realizada	636
Erro da mostra	Mostra Deseñada	3,75 %
	Mostra Realizada	3,64 %
Tipo de entrevista	Cuestionario auto-administrado	
Datas de realización	Do 16 ao 31 de outubro de 2023	

Fonte: elaboración propia

A descrición das características principais da mostra realizada, extraída dos datos dos cuestionarios válidos, e a comparación coa mostra que foi deseñada para garantir a súa representatividade, está recollida no cadro 2.2.

Como pode observarse nos datos do cadro 2.2, a mostra realizada é maior que a deseñada para os cursos máis baixos (1º a 3º curso de grao) mentres que é inferior para niveis de estudos máis elevados. Este comportamento da participación explícase porque o alumnado de cursos máis altos e de posgrao ten unha menor presencialidade,⁴ o que fai máis difícil chegar a eles, e porque son menos sensibles á recompensa ofertada por cubrir a enquisa.

Respecto aos estudantes de posgrao, cabe sinalar que algo máis da metade (52 %) cursaron os seus estudos de grao tamén no Campus Terra.

³ Erro máximo de mostraxe (poboacións finitas): $E_{max} = Z \cdot \sqrt{\frac{p \cdot q}{n} \cdot \frac{(N-n)}{(N-1)}}$

⁴ O alumnado de últimos cursos e de posgrao en moitas ocasións traballa, ten poucas materias pendentes e/ou ten a posibilidade de facelo de forma non presencial (formación semipresencial/virtual ou dispensa de asistencia a clase).

Cadro 2.2. Descrición da mostra

Estratos	Mostra deseñada		Mostra realizada		Factor de elevación
	Número	%	Número	%	
Primeiro curso de grao	136	22,4	156	24,5	0,87
Segundo curso de grao	119	19,6	140	22,0	0,85
Terceiro curso de grao	97	16,1	137	21,5	0,71
Cuarto curso de grao ou quinto/sesto curso de dobre grao	164	27,1	129	20,3	1,27
Mestrado e doutoramento	90	14,9	74	11,6	1,22
Total	606	100,00	636	100,0	

Notas: Factor de elevación: $f_i = N_i/n_i$

Fonte: elaboración propia


2.3. Análise descritiva de resultados

2.3.1. Datos académicos e persoais

A descrición das principais características, en base ás respostas dos cuestionarios válidos, ademais das utilizadas para estratificar a mostra que xa foron descritas no apartado anterior móstranse a continuación.

En relación ao sexo (gráfico 2.1), as enquisas obtidas foron cubertas maioritariamente por mulleres (446). Respecto á idade, os estudantes do Campus Terra teñen entre 17 e 57 anos cumpridos na data de realización da enquisa, sendo a media de idade de 22 anos mentres que a moda e máis a mediana son 20 anos de idade.


Gráfico 2.1. Distribución por sexo



Fonte: elaboración propia

En canto ao lugar de residencia durante o curso, o 95,6% reside na provincia de Lugo e máis en concreto no concello de Lugo (88,6% do total de enquisados). Tan só o 3,8% dos estudantes residen noutra provincia galega durante o curso académico e un 0,6% residen fóra da CCAA ou incluso noutro país⁵. Respecto ao lugar de residencia familiar ou habitual tense unha variedade maior (gráfico 2.2). A maioría dos estudantes xa non son lucenses, senón que preto da metade do alumnos do Campus Terra proveñen doutras provincias galegas, especialmente da Coruña (30,7% do total)⁶. Tamén se observa unha cifra significativa de alumnos procedentes do resto de España, sendo as rexións veciñas, Asturias e Castela e León, os lugares de orixe maioritaria. Os estudantes internacionais representan unha porcentaxe reducida (arredor do 2%) e proceden principalmente de países de América do Sur.

Gráfico 2.2. Provincia de residencia habitual/familiar




Fonte: elaboración propia

⁵ Este perfil de estudante é moi minoritario e está asociado a estudantes de posgrao ou de grao realizando estudos de carácter semipresencial ou virtual que só se desprazan ocasionalmente á contorna do Campus.

⁶ Pontevedra aporta o 14,6% do alumnado e Ourense o 3,9%.

As enquisas obtidas proceden, como é lóxico, principalmente do alumnado daqueles centros cunha maior matrícula aínda que non exactamente na mesma prelación xa que a difusión e colaboración ou disposición de aulas de informática foron determinantes á hora da participación. Das oito escolas e facultades que existen no Campus Terra, como pode observarse no gráfico 2.3, catro delas destacan en canto a participación do alumnado. A Facultade de Administración e Dirección de Empresas acumula case un cuarto das enquisas válidas (24,8%), a Facultade de Ciencias dous puntos porcentuais menos, e as Facultades de Formación do Profesorado e de Veterinaria aportan ambas un 18,4%.

Gráfico 2.3. Centro de estudos



Fonte: elaboración propia

As respostas da enquisa proceden de alumnado de case todas as titulacións existentes no Campus Terra, tanto de grao como de posgrao (cadro 2.3), non obstante, como era de agardar a maioría correspóndense con estudantes dalgún grao. Os datos de avance de matrícula para o curso 2023-2024 mostran un peso relativo do 85,1% do alumnado de grao e dobre grao mentres que na enquisa esta agrupación representa 3,2 puntos porcentuais máis, aspecto da resposta xa comentado no epígrafe anterior.

Cadro 2.3. Enquisas válidas segundo centro e tipo de titulación


	Grao	Dobre grao	Posgrao
Facultade de Veterinaria	106	--	11
Facultade de Humanidades	15	--	11
Facultade de Formación do Profesorado	77	26	14
Facultade de Ciencias	139	--	7
Facultade de Administración e Dirección de Empresas	145	--	13
Escola Universitaria de Enfermaría	16	--	--
Escola Universitaria de Relacións Laborais	6	--	--
Escola Politécnica Superior	24	8	19
TOTAL	528	34	74

Fonte: elaboración propia

Por último, neste bloque pregúntase sobre a motivación da elección de estudos e de campus, así como cal sería a decisión tomada sobre os estudos universitarios de non existir o Campus Terra.

No relativo á motivación (independentemente da cidade/universidade), o 72% dos estudantes do Campus Terra que responderon tiñan clara a titulación que desexaban cursar, fronte ao 11% que manifestan que non tiñan claro que cursar. Para os restantes, non era a súa primeira opción máis si estaba de segunda ou terceira na súa orde de prelación (gráfico 2.4).

Gráfico 2.4. Elección de titulación



Fonte: elaboración propia

Respecto ao motivo principal polo que escolleron realizar os seus estudos no Campus de Lugo existe gran variedade de respostas, sendo as máis repetidas as que se presentan no cadro 2.4. Como se pode observar, a motivación principal para escoller o Campus Terra é a proximidade ao lugar de orixe ou de residencia habitual (48 %), dentro dos cales, 73 dos enquisados manifestan que a titulación

que cursan só se oferta no campus lucense a nivel galego. En segundo lugar, pero a moita distancia, atópanse aqueles estudantes que non entraron na mesma titulación doutro campus ou universidade (12,5%), seguidos dos que escolleron por prestixio, xa sexa da titulación ou da propia institución.


Á pregunta relativa a que terían feito de non existir o Campus Terra (gráfico 2.5) poucos dos estudantes que responderon á enquisa non terían realizado estudos universitarios. A meirande maioría terían realizados os seus estudos superiores noutros campus ou universidades galegas ou de fora de Galicia en menor medida.

Cadro 2.4. Estudando no Campus Terra: principais motivos de elección

	Frecuencia
Polo prestixio da titulación	54
Polo prestixio da USC	47
Por proximidade ao lugar de orixe / resido en Lugo	307
Porque non entrei na mesma titulación que estudo noutro Campus/Universidade	80
Porque non entrei noutra titulación diferente á que estudo noutro Campus/Universidade	27
Porque o custe da vida en Lugo é máis baixo que noutras cidades	29
Porque quería estudar fora da casa	31

Fonte: elaboración propia

Gráfico 2.5. Elección de non existir o Campus Terra




Fonte: elaboración propia

2.3.2. Determinantes do gasto dos estudantes

A tipoloxía do aloxamento do estudante determina en gran medida a estrutura do seu gasto. Como se observa no gráfico 2.6, a maioría dos estudantes do Campus Terra alóxanse en vivendas de alugueiro (60,7%) e tan só un 10% o fai en residencias ou colexios maiores. Por outra banda, existe unha importante cantidade de alumnado que mantén a súa residencia habitual tamén durante o curso académico. Ese 26,1% de alumnado correspóndese tanto con residentes no concello de Lugo como de estudantes que se desprazan diariamente ao campus. Por último, existe un pequeno grupo de estudantes que manifestan ter outro tipo de aloxamento, isto é, maioritariamente estudantes que cursan os estudos a distancia ou se desprazan de forma diaria á cidade de Lugo pero que en períodos especiais, como por exemplo en época de exames, se aloxan na cidade.

Gráfico 2.6. Tipoloxía do aloxamento durante o curso




Fonte: elaboración propia

Por termo medio, a duración do aloxamento daqueles estudantes que algunha vez durante o curso por motivos académicos pernoitan na cidade, independentemente do tipo de aloxamento, é de 9,6 meses.

O feito de que exista o Campus Terra tamén implica que aumente o seu interese como destino de visitantes relacionados cos estudantes que residen na contorna, xa sexan amigos ou familiares. A este respecto, o 69% dos estudantes di recibir visitas durante o curso académico (gráfico 2.7), sen embargo, destas poucas se aloxan en hoteis, hostais ou similares (13% das visitas).

Gráfico 2.6. Recepción de visitas



Fonte: elaboración propia

Respecto ás características das visitas recibidas e vinculadas á realización de gastos de aloxamento por parte dos visitantes (cadro 2.5), obtense que por termo medio os estudantes do Campus Terra reciben 4,5 visitas ao ano de 2,2 persoas e que duran algo máis de cinco días. Chama a atención a duración media das visitas, a cal está relacionada cos estudantes de orixe internacional que, en

poucos casos reciben visitas, pero cando existen teñen unha duración moi superior. O máis habitual é que as visitas duren un par de días.

Cadro 2.5. Principais características da visitas

	Nº visitas	Nª persoas/visita	Duración visita (días)
Media	4,5	2,2	5,1
Mediana	4	2	3
Moda	3	2	2


Fonte: elaboración propia

2.3.3. Estrutura de gasto dos estudantes

Os gastos que realizan os estudantes dependen en gran medida da tipoloxía do aloxamento, máis existen categorías que son transversais como os gastos académicos. Tendo en conta a variedade de bens en servizos nos que poden realizar gastos na provincia de Lugo, así como a variedade das respostas (semanais, mensuais ou anuais), en primeiro lugar preséntase a información relativa á tipoloxía de gastos que os estudantes manifestan realizar ao longo do curso na provincia, independentemente do tipo de aloxamento (gráfico 2.7).

Os produtos nos que a maioría de estudantes do campus realizan gastos son os relacionados coa hostalería (tanto comidas como bebidas), coa adquisición de alimentos en tendas e supermercados e cos gastos de orixe académico nas papelerías (fotocopias, impresións, libros, etc.). Tamén máis da metade do alumnado enquisado di realizar gastos na provincia en vivenda e subministracións da mesma, telefonía fixa ou internet, transporte público, roupa e complemento, ximnasios e medicamentos.

Gráfico 2.7. Tipoloxía de gastos dos estudantes do Campus Terra



Fonte: elaboración propia

Cadro 2.6. Gasto anual medio e total segundo tipoloxía

	Datos válidos ⁷	Gasto total (€)	Gasto medio válidos (€)	Gasto medio total (€)
Academias e cursos	290	245.027	845	385
Papelería, prensa e libros	534	109.577	205	172
Aloxamento	459	1.150.880	2.507	1.810
Equipamento do fogar	149	44.943	302	71
Subministracións	406	189.769	467	298
Telefonía fixa e internet	335	63.342	189	100
Tendas e supermercados de alimentación/bebidas	577	695.852	1.206	1.094
Alimentación en hostalaría	579	281.600	486	443
Transporte público	346	79.861	231	126
Transporte privado	258	280.215	1.086	441
Material informático	69	24.635	357	39
Bebidas en hostalaría	518	192.948	372	303
Cine	290	29.647	102	47
Ximnasio e similares	318	103.912	327	163
Espectáculos	111	20.247	182	32
Perruquería e estética	221	34.881	158	55
Medicamentos	65	22.703	349	36
Tabaco e artigos para fumadores	314	39.715	126	62
Saúde (consultas médicas)	144	71.399	496	112
TOTAL	--	3.681.150	--	5.788

Fonte: elaboración propia

O gasto total anual declarado polos estudantes enquisados é de algo máis de 3,68 millóns de euros, o que supón un gasto medio por enquisado de 5.788 €. Como era de agardar, as partidas cunha maior importancia dentro da estrutura de gastos son o aloxamento e os gastos en manutención realizados en locais de comercio alimentario. A bastante distancia, os seguintes gastos en importancia son os relativos á alimentación en locais de hostalaría e ao transporte privado, seguido dos gastos académicos para clases de apoio e a realización de cursos formativos. Hai que ter en conta que estes datos son unha extracción directa dos resultados da enquisa realizadas aos estudantes, pero non é o importe de gasto a imputar

⁷ Datos válidos refírese ao número de enquisados que manifestan realizar este tipo de gastos.


para a estimación do seu impacto económico. Estes datos non están elevados á poboación para garantir a súa representatividade e, máis importante, non están filtrados. É dicir, o gasto medio a imputar na análise de impacto será inferior xa que deben ser eliminados aqueles que se terían realizado igualmente sen a existencia do Campus Terra, o cal está relacionado tanto coa forma de actuar dos estudantes de non existir este campus como co seu lugar de residencia familiar/habitual durante o curso.

2.3.4. Coñecemento do Campus Terra

O bloque de preguntas sobre o Campus Terra estaba orientado ao alumnado de segundo curso e posteriores, así como ao alumnado de mestrado e doutoramento. Das enquisas válidas, descontando as respostas da proba piloto nas que este bloque aínda non existía e descontando aos alumnos de primeiro curso, téñense 450 respostas. Destas respostas válidas, 22 din non coñecer a existencia do Campus Terra antes da realización da enquisa. Polo tanto o resto de preguntas van orientadas aos restantes 428 individuos.

O 91% dos estudantes que coñecen o Campus Terra tamén coñecen a súa imaxe corporativa (logotipo), pola contra, o seu uso en documentos, presentacións ou similares dáse nunha proporción menor (gráfico 2.8). Entre aqueles que coñecen a imaxe corporativa do campus, o 30% emprégano sempre nos seus documentos, porén un 69% di só usalo nalgunhas ocasións.


Gráfico 2.8. Uso do logotipo do Campus Terra



Fonte: elaboración propia

No referente ás a información que o Campus Terra trata de transmitir por diversas canles, o 78,5% dos estudante que coñecen o Campus Terra son conscientes de ter recibido ou obtido información relativa ao campus nalgunha ocasión (gráfico 2.9), aínda que tamén hai unha proporción significativa de enquisados que din non ter recibido ou obtido información do campus ou que non están seguros.

Gráfico 2.9. Recepción de información sobre Campus Terra



Fonte: elaboración propia

As canles polas que o estudantado do campus obtén a información sobre o campus son as que se mostran no cadro 2.7. A grandísima maioría reciben a información por correo electrónico, pero tamén son canles de recepción moi relevantes a cartelería, Instagram e, en menor medida, a web da universidade.

Cadro 2.7. Canles de recepción de información


	Frecuencia
Correo electrónico	295
Cartelería	152
Facebook	25
Web	118
Istagram	148
X (antes Twitter)	30
Canle de YouTube	8
Prensa escrita	52

Fonte: elaboración propia

Tan só un 10% das persoas que son conscientes de recibir información do Campus Terra consideran que as canles de información das que se dispón non son suficientes, sendo a consideración máis repetida entre eles un maior e mellor posicionamento nas redes sociais. A este respecto cabe resaltar que os enquisados consideran que o uso das mesmas non é suficiente ou non se fai de forma adecuada, ademais de botar en falta “redes sociais máis actuais” como Tik-Tok. Por outra banda, nesas respostas tamén queda patente que non son coñecedores dos perfís do Campus Terra nalgunhas delas nas que está presente, como poden ser X e Instagram, xa que son especificamente redes mencionadas como canles necesarias polas que non reciben información nalgúns casos.

No relativo á información sobre o Campus Terra tamén se pregunta pola cantidade e a calidade, así como polo deseño. Respecto á cantidade (gráfico 2.10), arredor de dous terzos considera que é suficiente, fronte ao 22% que considera que é pouca e o 11% que é demasiada.

Gráfico 2.10. Cantidade de información sobre o Campus Terra




Fonte: elaboración propia

No relativo á calidade, entendida esta como se é do interese do alumnado, a grandísima maioría (86,1%) considera que si é de interese para eles. Entre os restantes botan de menos recibir información principalmente sobre cursos, charlas e todo tipo de actividades formativas, destacando en moitos dos comentarios a claridade informativa sobre prazos e datas.

No relativo ao deseño das mensaxes, nunha escala Likert do 1 ao 5, por termo medio os estudantes danlle un 3,3. De forma máis concreta (gráfico 2.11) pode observarse como para a maioría o deseño é indiferente, seguido daqueles que o consideran bastante atractivo.

Por último, no cuestionario pídese identificar as áreas de especialización do Campus Terra dentro dunha lista de 13 opcións podendo sinalar un máximo de catro. Os catro eixos estratéxicos do campus son produción vexetal e agricultura sostible; produción e saúde animal sostibles; alimentación segura e saudable; e produción forestal sostible. As respostas do alumnado a esta pregunta teñen unha frecuencia maior nos citados eixos estratéxicos (cadro 2.8), sendo as áreas de produción e saúde animal sostibles e a de produción vexetal e agricultura sostible as que acadan unha maior proporción de respostas, tanto pola vinculación histórica como pola imaxe diferencial do campus coas titulacións destes ámbitos.

Gráfico 2.11. Valoración do deseño das mensaxe do Campus Terra



Fonte: elaboración propia

Cadro 2.8. Eixos estratéxicos do Campus Terra

	Frecuencia
Innovación dixital, tecnolóxica e humanística	67
Produción e saúde animal sostibles	107
Comunicación e creatividade	40
Alimentación segura e saudable	70
Xestión forestal sostible	79
Produción vexetal e agricultura sostibles	107
Novas tecnoloxías: TICs, ómicas, etc.	51
Deporte, saúde e benestar	48
Cambio climático. Biodiversidade e infraestruturas verdes	40
Unha única saúde: OneHealth	31
Historia e cultura no mundo rural	29
Innovación social e xestión pública	31
Telecomunicacións	9

Fonte: elaboración propia

2.4. Impacto económico do gasto dos estudantes

A cuantificación do gasto dos estudantes que orixina algún tipo de impacto económico realízase a partir da información referida a catro variables: número de estudantes do Campus Terra, procedencia do alumnado, gasto medio por alumno e comportamento deste no caso de que non existise o campus. As dúas primeiras informacións obtéñense do centro de datos da USC e as dúas últimas da enquisa a estudantes presentada anteriormente.

Para o cálculo do gasto dos estudantes xerador de impacto han de seguirse os seguintes pasos: filtrado do gasto, estimación do gasto medio anual por estudante e estimación do gasto anual total do alumnado. Unha vez realizado este filtrado, xunto con outras transformacións dirixidas á correcta imputación do gasto ás ramas de actividade, estímase o impacto total, que ten a súa orixe no gasto

realizado polos estudantes. Para determinar estes efectos sobre a produción, o VEB e o emprego; así como a súa distribución sectorial, emprégase a metodoloxía input-output descrita no Anexo I, aplicada á actualización do Marco Input-Output de Galicia de 2018 (IGE).


2.4.1. Gasto medio dos estudantes do Campus Terra: filtrado e resultados

Tanto o nivel como o patrón de gasto dos estudantes do campus depende, entre outros factores, da súa proximidade á residencia familiar e dos medios de transporte dispoñibles, xa que deles depende o nivel de gasto en transporte (crecente coa distancia) e a necesidade de pernoctar durante o curso académico fóra da residencia habitual. Co obxectivo de coñecer e detectar as diferenzas derivadas destas características específicas, tanto no nivel como no patrón de gasto, realizáronse as enquisas aos estudantes.

Coa finalidade de considerar só aqueles gastos que non se producirían en caso de non existir o Campus Terra hai que realizar un filtrado de gasto, para o cal se segue o procedemento representado no gráfico 2.12. Este proceso de filtrado é análogo ao realizado nos estudos de impacto de universidades realizados polo *Instituto Valenciano de Investigaciones Económicas IVIE* (Pastor e Pérez, 2009; Pastor e Peraita 2010a, 2010b, 2010c, 2010d, 2011a, 2011b, 2012e 2014, e Pérez *et al.*, 2015) e por outras universidades españolas (Miret *et al.*, 2019; Luque *et al.*, 2009 e Muñoz *et al.*, 2015).

A idea subxacente é que non todo o gasto realizado polos estudantes do Campus Terra é atribuíble á súa existencia. Dado que o obxectivo é computar o volume de actividade económica xerada pola existencia do Campus Terra, é preciso excluír aqueles gastos que se producirían aínda que non houbera un campus en Lugo e que, en consecuencia non son atribuíbles á súa existencia. Con dito fin, o gasto obtido da enquisas foi filtrado da seguinte forma:

Gráfico 2.12. Filtrado do gasto dos estudantes



Fonte: elaboración propia

- Estudantes non residentes na provincia de Lugo: considéranse todas as partidas de gasto dos estudantes que proceden de fora da provincia xa que se entende que estes non terían vido a provincia de Lugo de non existir o Campus Terra e por tanto o seu impacto económico na provincia sería nulo.
- Estudantes residentes na provincia de Lugo: a imputación do gasto faise en función das respostas proporcionadas polos estudantes á pregunta P7 da enquisa, dándose dúas alternativas:
 - i. Estudar noutra universidade/campus (dentro ou fóra de Galicia): compútanse todas as partidas de gasto xa que de marchar a estudar a outra provincia ese gasto teríase realizado fóra da provincia de Lugo, por tanto, o impacto económico en Lugo sería nulo.
 - ii. Non realizar estudos universitarios: compútase o gasto das partidas directamente relacionadas coa realización de estudos universitarios, xa que o resto de gasto na provincia se produciría (probablemente non co mesmo perfil) aínda que non existise o Campus Terra. Concretamente as partidas de gasto consideradas son as relacionadas coa vivenda durante o curso académico (sempre é cando sexa distinta da vivenda habitual), co transporte e con cuestións académicas (academias, fotocopias, etc.).

Cabe sinalar que para a estimación do gasto medio, no proceso de filtrado, só o 7,14% do alumnado enquisado residente na provincia de Lugo (isto é, o 2,52% do total da mostra) respondeu que de non existir o Campus Terra non tería realizado estudos universitarios.

Unha vez filtrado o gasto, estímase o gasto medio anual por estudante en cada unha das partidas recollidas na enquisa. Co fin de obter resultados representativos e recoller as diferenzas existentes no gasto medio dos estudantes en función da súa residencia habitual así como do curso no que se atopan, no cálculo da media de gasto por estudante tivéronse en conta as proporcións de estudantes matriculados no Campus Terra relativos a eses aspectos. Para obter o gasto total dos estudantes multiplícase o gasto medio por estudante polo número de estudantes no curso 2023-2024, que ascende a 3.970. Os resultados do gasto medio e gasto total por partida preséntase no cadro 2.9.

O gasto medio anual dos estudantes do Campus Terra que xera impacto na economía provincial supera lixeiramente o 5.500 €, o que supón un gasto total de máis de 21,8 millóns de euros. A maior parte do gasto, máis da cuarta parte, diríxese ao aloxamento durante o curso, que engadido aos gastos de subministracións achegaría o gasto en aloxamento a preto dun terzo do total. A segunda partida en importancia son os gastos en comercios de alimentación (15,52%) ao que se poden engadir os realizados na hostalaría en concepto de alimentación e bebidas, representando conxuntamente case o 30% do total. Xa a bastante distancia, destacan tamén os gastos en transporte, especialmente privado, e os gastos en aspectos académicos (academias, papelería, etc.).

Cadro 2.9. Gasto medio e total dos estudantes por partida

	Gasto medio (€)	Gasto total (€)	% Gasto total
Academias e cursos	413,83	1.642.923,71	7,52
Papelería, prensa e libros	180,91	718.194,80	3,29
Aloxamento	1.432,11	5.685.463,66	26,03
Equipamento do fogar	71,49	283.803,30	1,30
Subministracións	278,74	1.106.610,57	5,07
Telefonía fixa e internet	103,19	409.650,83	1,88
Tendas e supermercados de alimentación/bebidas	1.018,87	4.044.927,12	18,52
Alimentación en hostalaría	452,37	1.795.890,99	8,22
Transporte público	110,49	438.632,04	2,01
Transporte privado	516,74	2.051.438,47	9,39
Material informático	51,32	203.745,41	0,93
Bebidas en hostalaría	321,98	1.278.279,23	5,85
Cine	51,33	203.775,84	0,93
Ximnasio e similares	153,77	610.461,38	2,79
Espectáculos	35,94	142.679,53	0,65
Perruquería e estética	63,03	250.216,04	1,15

Medicamentos	36,49	144.847,26	0,66
Tabaco e artigos para fumadores	68,08	270.269,88	1,24
Saúde (consultas médicas)	141,41	561.384,69	2,57
TOTAL	5.502,06	21.843.194,76	100,00

Fonte: elaboración propia

2.4.2. Impacto directo

Os datos de gasto total vinculados aos estudantes asígnanselles ás ramas de actividade do Marco Input- Output segundo o patrón de gasto, tendo que o impacto directo se da nalgunha das 12 ramas seguintes:

- R35_39M Fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado. Subministración de auga, actividades de saneamento, xestión de residuos e descontaminación de mercado
- R47 Comercio polo miúdo, salvo de vehículos de motor e motocicletas
- R49 Transporte terrestre e por tubaxe
- R55 Servizos de aloxamento
- R56 Servizos de comidas e bebidas
- R59_60 Actividades cinematográficas de vídeo e televisión, gravación de son e edición musical; actividades de programación e emisión de radio e televisión
- R61 Telecomunicacións
- R68 Actividades inmobiliarias
- R85M Educación de mercado
- R86_88M Actividades sanitarias e de servizos sociais de mercado
- R90_93 Actividades artísticas, recreativas e de entretemento
- R96 Outros servizos persoais

Unha vez imputado o gasto total ás distintas ramas de actividade, e tendo en conta a relación entre o VEB e a produción contida no marco Input-Output galego e a súa relación coa xeración de emprego, obtéñense os impactos directos que se presentan no cadro 2.10. O impacto directo do gasto dos estudantes do Campus Terra no curso 2023-2024 en termos de renda ascende a máis de 14,8 millóns de euros, isto é, arredor do 68% da produción xerada por ditos gastos. O maior impacto directo sobre a renda dáse na rama do comercio polo miúdo (R47), con máis de 5 millóns de euros que representan máis dun terzo do total. En segundo lugar atópanse as actividades inmobiliarias (R68), con case 4,25 millóns de euros e máis do 28% do VEB total, efecto relacionado co alugueiro de vivenda durante o curso. Das restantes ramas de actividade, destaca o efecto directo sobre a hostalaría (R56) con máis do 11% do VEB total e a rama e educación de mercado (R85M) con case o 9,5% e que se relaciona principalmente coas actividades de apoio académico e formación complementaria.

Cadro 2.10. Impacto directo dos gasto dos estudantes do Campus Terra

	% VEB/Producción	VEB (miles €)	% VEB total	Empregos Equivalentes a Tempo Completo (ETC)	% ETC total
R35_39M	40,99	453,61	3,06	1,4	0,45
R47	65,22	5.033,11	33,91	179,3	59,89
R49	36,96	162,12	1,09	3,7	1,24
R55	58,60	639,82	4,31	15,4	5,14
R56	53,26	1.637,15	11,03	27,7	9,23
R59_60	63,44	129,27	0,87	2,4	0,81
R61	50,94	208,68	1,41	0,7	0,22
R68	92,51	4.249,38	28,63	5,2	1,73
R85M	85,08	1.397,83	9,42	35,9	12,00
R86_88M	61,00	342,42	2,31	11,2	3,73
R90_93	57,47	432,83	2,92	8,2	2,74
R96	62,87	157,30	1,06	8,4	2,82
Total	67,95	14.843,51	100,00	299,5	100,00

Fonte: elaboración propia

En termos de emprego directo, o gasto dos estudantes do Campus Terra permiten a xeración ou mantemento de case 300 postos de traballo equivalentes a tempo completo (13,7 por cada millón de euros de gasto), dos cales, case o 60% se dan no comercio (R47). Esta actividade económica é por tanto a máis beneficiada en termos de VEB pero sobre todo en termos de xeración de postos de traballo. Porén, as actividades inmobiliarias (R68) tan só xeran o 1,73% dos postos de traballo a tempo completo a pesar da súa importancia en termos de VEB. A segunda actividade en importancia en termos de emprego é a de educación de mercado cun 12% (R85M) seguida da hostalaría cun 9,23% (R56), actividades ambas que xa tiñan unha importancia similar en termos de renda.

Este comportamento de determinadas ramas respecto ao dispar impacto sobre as distintas variables, isto é, sobre a distinta intensidade de uso da man de obra e de consumos intermedios no proceso produtivo, pon de manifesto a necesidade de estudar os impactos económicos non só desde a óptica do emprego ou só desde a óptica do VEB, senón desde ambas á vez e sempre tendo en conta a estrutura sectorial da economía.

2.4.3. Impacto indirecto

O impacto indirecto procede dos consumos intermedios adquiridos polas actividades económicas nas que os estudantes realizan o seu gasto e que lles son

indispensables para poder levar a cabo a súa produción. Iso implica unha demanda doutro conxunto de produtos e servizos e de postos de traballo para a súa consecución, é dicir, son produción que existe debido á demanda de bens e servizos por parte dos estudantes.

Para obter a súa produción, as actividades económicas nas que os estudantes realizan os seus gastos xeraron un impacto indirecto a través dos seus provedores na economía provincial que ascende a 7,9 millóns de euros de produción en todas as ramas, dos cales case 4,2 millóns de euros (53,15%) se corresponden co VEB xerado, e o importe restante, coa demanda intermedia doutras actividades. En termos de emprego, este impacto indirecto tradúcese en 59 empregos equivalentes a xornada completa.

O cadro 2.11 mostra o impacto indirecto sobre o VEB e o emprego segundo a súa distribución sectorial, presentando aquelas ramas de actividade para as que se obteñen os impactos máis substanciais, xa sexa respecto a renda ou emprego. As trece ramas incluídas representan máis de tres cuartas partes do VEB indirecto xerado polo gasto dos estudantes do Campus Terra, e algo máis do 64% do volume de emprego. A rama R68 (actividades inmobiliarias) representa máis dun cuarto do impacto indirecto sobre o VEB pero apenas xera emprego. A rama R35_39M (fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor, aire acondicionado; subministración de auga, saneamento, xestión de residuos e descontaminación) ten un comportamento similar pois representa máis 10% do VEB indirecto xerado pero ten un efecto sobre o emprego ínfimo. Entre aproximadamente o 5% e o 10% do total do VEB atópanse as ramas de construción (R41_43), os servizos financeiros (R64) e a comercio polo xunto (R46).

Cadro 2.11. Impacto indirecto dos gasto dos estudantes do Campus Terra

	% VEB/Produción	VEB (miles €)	% VEB total	Empregos Equivalentes a Tempo Completo (ETC)	% ETC total
R68	92,51	1.126,77	26,83	1,37	2,32
R35_39M	40,99	426,59	10,16	1,27	2,15
R41_43	49,39	333,80	7,95	6,24	10,54
R64	63,49	220,96	5,26	1,59	2,69
R46	45,49	205,35	4,89	3,31	5,60
R80_82	67,18	155,89	3,71	6,75	11,42
R69_70	61,21	155,26	3,70	4,85	8,20
R52	35,22	120,95	2,88	1,44	2,44
R49	36,96	112,28	2,67	2,57	4,35
R01	47,85	90,37	2,15	2,21	3,74
R86_88M	61,00	78,41	1,87	2,56	4,32
R62_63	58,54	72,95	1,74	1,63	2,76
R78	93,95	59,32	1,41	2,28	3,85
Resto	41,01	1.040,19	24,71	21,07	35,62
Total	53,15	4.199,09	100,00	59,15	100,00

Fonte: elaboración propia

Dende o punto de vista do emprego non hai ramas que acumulen un efecto tan elevado como en termos de VEB. De feito, as ramas máis destacadas pola súa contribución son a R80_82 (actividades de seguridade e investigación; servizos a edificios e actividades de xardinaría; actividades administrativas de oficina e outras actividades auxiliares das empresas) cun 11,42% do emprego indirecto a tempo completo; e a da construción (R41_43) cun 10,54%.

2.4.4. Impacto inducido

O impacto inducido é aquel que rexistra a actividade económica e o emprego como consecuencia do consumo privado que efectúan os traballadores das actividades económicas receptoras do gasto dos estudantes tanto de forma directa como indirecta.

O abastecemento directo e indirecto das demandas por parte de ditas actividades xera rendas que chegan aos fogares en forma de salarios. Estes ingresos adicionais, en parte, son gastados en bens e servizos domésticos, o que provoca os impactos económicos inducidos. Á súa vez, este novo consumo ou maior

demanda require incrementos de produción e emprego para ser satisfeita, o que xera novas rendas do traballo e novas roldas de efectos inducidos a través do consumo dos fogares.

O impacto inducido derivado do gasto dos estudantes do Campus Terra na economía provincial supera os 10,3 millóns de euros de produción, dos cales case 5,8 millóns (56,08%) se corresponden co VEB xerado, e o importe restante, coa demanda intermedia doutras actividades. En termos de emprego, este impacto inducido está asociado a preto de 100 empregos equivalentes a tempo completo.

O cadro 2.12 mostra o efecto inducido sobre o VEB e o emprego e a súa distribución sectorial para as ramas de actividade máis relevantes. As ramas incluídas no cadro 12 acumulan o 75% dos emprego a tempo completo e o 79% do VEB. Unha vez máis, a rama R68 (actividades inmobiliarias) representa máis dun cuarto do impacto sobre o VEB pero apenas xera emprego. As pautas de consumo da poboación levan a que as actividades de hostalaría (R56) e comercio polo miúdo (R47) sexan as dúas seguintes en xeración de VEB inducido, co 13,15% e o 9,96% respectivamente. Estas dúas ramas de actividade son ademais, aínda que na orde inversa, as que maior efecto inducido sobre o emprego xeran, máis dunha quinta parte o comercio e o 13,04% a hostalaría. O resto de ramas de actividade xeran menos do 5% do VEB inducido total pero en termos de emprego hai tres que si superan ese limiar. Ditas ramas son a sanidade e os servizos sociais de mercado (R86_88M) cun 8,69% e as ramas R96 (outros servizos persoais) e R97 (actividades dos fogares como empregadores de persoal doméstico) que, se ben non presentan un impacto inducido moi elevado en termos de VEB, si son importantes fontes de emprego, superando en ambos os casos o 5,0% do total.

Cadro 2.12. Impacto inducido dos gasto dos estudantes do Campus Terra

	% VEB/Produción	VEB (miles €)	% VEB total	Empregos Equivalentes a Tempo Completo (ETC)	% ETC total
R68	92,51	1491,97	26,00	1,82	1,84
R56	53,26	760,43	13,25	12,84	13,04
R47	65,22	576,37	10,05	20,53	20,86
R86_88M	61,00	262,35	4,57	8,56	8,69
R35_39M	40,99	257,01	4,48	0,77	0,78
R46	45,49	223,15	3,89	3,60	3,66
R01	47,85	184,31	3,21	4,52	4,59
R90_93	57,47	182,51	3,18	3,46	3,52
R64	63,49	163,29	2,85	1,18	1,20

R41_43	49,39	142,70	2,49	2,67	2,71
R96	62,87	105,06	1,79	5,63	5,72
R45	39,95	101,44	1,77	3,30	3,35
R97	100,00	117,26	1,28	4,98	5,06
Resto	39,79	1216,55	21,19	24,60	24,99
Total	56,08	5784,39	100,00	98,45	100,00

Fonte: elaboración propia

2.4.5. O gasto dos visitantes e o seu impacto

O gasto dos visitantes é aquel que realizan as persoas que visitan principalmente aos estudantes do Campus Terra que durante o curso académico residen fora do seu domicilio familiar habitual⁸. Os visitantes están compostos basicamente por familiares e amigos que durante o curso académico visitan aos estudantes e, como consecuencia, realizan un gasto atribuíble á existencia do campus.

O gasto calcúlase a partir da cifra de visitas e duración media das mesmas obtida das enquisas realizadas aos estudantes e do gasto medio dos turistas obtido de fontes estatísticas de carácter público.

Un 8,96% dos estudantes enquisados responden afirmativamente á pregunta de se reciben visitas de familiares ou amigos durante o curso que se aloxen en hoteis, hostais ou similares. Por termo medio, os estudantes do Campus Terra que declaran recibir visitas teñen 4,5 visitas por curso, de 2,2 persoas e cunha duración media de 5,1 días.

A combinación destas cifras reflicte que, en promedio, cada un dos 356 estudantes do Campus Terra que reciben habitualmente visitas (do total dos 3.970 estudantes) representa 50,5 días de aloxamento en establecementos hoteleiros por curso, o que implica case 18.000 pernoitas anuais asociadas aos visitantes dos estudantes.

Considerando que o gasto medio diario dun turista nacional en 2023 ascende a 73,25 € segundo Enquisa de Turismo de Residentes (ETR/FAMILITUR), obtense unha cifra de gasto dos visitantes de 1.315.895 euros anuais, atribuíbles na súa totalidade á existencia do Campus Terra.

O gasto anual estimado das visitas distribúese en seis grandes partidas en función do patrón de gasto proporcionado por FAMILITUR (2023) para os turistas residentes dentro do territorio nacional que non contratan paquetes turísticos. Así, o gasto repártese entre aloxamento (27,7%), hostalaría (27,4%), transporte

⁸ Non se ten en conta a organización de congresos debido a que non é unha actividade habitual, senón máis ven puntual en cursos académicos concretos.

(22,0%), actividades (excursións e outros) (4,0%), bens duradeiros (1,1%) e outros gastos (17,9%).

2.5. O impacto total asociado aos estudantes

O impacto total dos estudantes do Campus Terra sobre o VEB no curso 2023-2024 estímase en algo máis de 26,2 millóns de euros, dos cales máis de tres cuartas partes se corresponde aos impactos directo e indirecto (algo máis de 15,5 millóns de euros o directo e de 4,5 o indirecto), e o 23,5% correspóndese co efecto inducido, que supera os 6,1 millóns de euros.

Nos cadros 2.13 e 2.14 preséntase o impacto total sobre a economía da provincia de Lugo do gasto vinculado aos estudantes do Campus Terra para cada unha das variables estimadas, agregando por sectores de actividade e destacando, á súa vez, as ramas con efectos directos, así como outras ramas que, xa sexa en termos de emprego ou VEB, proporcionen impactos totais significativos (superiores ao 1%).

Respecto ao VEB, unha vez máis, a rama R68 (actividades inmobiliarias) representa máis dun cuarto do impacto (26,8%), véndose beneficiada tanto polo impacto directo como polos impactos indirectos e inducidos. As pautas de consumo da poboación en xeral, e dos estudantes en particular, levan a que o comercio polo miúdo (R47) e as actividades de hostalaría (R56) sexan as dúas seguintes en xeración de VEB total, cun 22,3% e 10,3% respectivamente. Cabe destacar tamén a rama da educación de mercado (R85M) que xera o 5,9% do VEB total asociado aos estudantes. O resto de ramas vense impactadas en maior ou menor medida, pero sempre por debaixo do 5%. Nese grupo pódense destacar a R35_R39M cun 4,5% do VEB e os servizos de aloxamento (R55) cun 3,7%.

Cadro 2.13. Impacto total sobre o VEB dos gasto vinculado aos estudantes
(miles de €)

Sector	Rama	Impacto directo e indirecto	% sobre total	Impacto inducido	% sobre total	Impacto total	% sobre total
Agricultura, Gandería e Pesca	R01	102,1	0,5	196,5	3,2	298,6	1,1
	Resto (R02 a R03B)	43,9	0,2	41,8	0,7	85,7	0,3
Industria	R05_09 a R33	326,1	1,6	260,4	4,2	586,5	2,2
Energía, gas, abastecemento de auga	R35_R39M	902,7	4,5	274,0	4,4	1.176,7	4,5
	R37_38NM	0,0	0,0	4,8	0,1	4,8	0,0
Construción	R41_43	347,4	1,7	152,1	2,5	499,6	1,9

Comercio, hostalería e transporte	R45	40,5	0,2	108,2	1,8	148,7	0,6
	R46	226,1	1,1	237,9	3,9	464,1	1,8
	R47	5.229,4	26,1	614,5	10,0	5.843,9	22,3
	R49	395,9	2,0	107,3	1,7	503,2	1,9
	R55	891,3	4,4	67,6	1,1	958,9	3,7
	R56	1.886,7	9,4	810,9	13,1	2.697,5	10,3
	Resto (R50_51 a R53)	185,8	0,9	102,0	1,7	287,8	1,1
Actividades de información e comunicación	R59_60	141,9	0,7	5,7	0,1	147,6	0,6
	R61	289,4	1,4	124,6	2,0	414,0	1,6
	Resto (R58 e R62_63)	93,1	0,5	35,9	0,6	129,0	0,5
Servizos financeiros e actividades de inmobles	R64	233,0	1,2	174,1	2,8	407,1	1,6
	R68	5.441,5	27,1	1.590,8	25,8	7.032,3	26,8
	Resto (R65 e R66)	122,2	0,6	148,3	2,4	270,5	1,0
Actividades profesionais	R69_70	166,3	0,8	68,7	1,1	235,0	0,9
	Resto (R71 a R74_75)	139,8	0,7	82,9	1,3	222,7	0,8
Actividades de alugueiro, axencias de viaxes e actividades auxiliares	R80_82	166,1	0,8	66,4	1,1	232,5	0,9
	Resto (R77 a R79)	105,9	0,5	46,4	0,8	152,3	0,6
AA.PP.	R84	0,0	0,0	7,5	0,1	7,5	0,0
Educación	R85M	1.446,8	7,2	94,7	1,5	1.541,5	5,9
	R85NM	0,0	0,0	12,4	0,2	12,4	0,0
Sanidade e servizos sociais	R86_88M	426,6	2,1	279,7	4,5	706,3	2,7
	R86_88NM	0,0	0,0	3,7	0,1	3,7	0,0
Servizos culturais, deportivos e de ocio	R90_93	517,8	2,6	194,6	3,2	712,4	2,7
	R96	183,0	0,9	112,0	1,8	295,0	1,1
	Resto (R94, R95 e R97)	21,7	0,1	141,0	2,3	162,7	0,6
Total	TOTAL	20.072,9	100,0	6.167,6	100,0	26.240,5	100,0

Fonte: elaboración propia

No relativo ao emprego, igual que nas epígrafes anteriores, hai diferenzas. Ramas con moito impacto no VEB como as actividades inmobiliarias apenas teñen impacto sobre a xeración de emprego (1,8% do total). Por outra banda as ramas do sector servizos, intensivas polo xeral en man de obra, xeran máis empregos en termos relativos. No relativo ao impacto vinculado ao estudiantado do Campus Terra, a maior parte do emprego xerado dáse no comercio polo miúdo (R47) cun 42,8% do total, e ningunha outra rama acumula un efecto sobre o emprego de dous díxitos. A segunda rama en importancia é a hostalaría (R56) cun 9,4% dos postos de traballo a tempo completo totais e logo a educación de mercado (R85M) cun 8,2%. Preto do 5% do emprego total xerado atópase a rama de sanidade e servizos socias de mercado (R86_88M) cun 4,7%.

Cadro 2.14. Impacto total sobre o emprego dos gasto vinculado aos estudantes (ETC)

Sector	Rama	Impacto directo e indirecto	% sobre total	Impacto inducido	% sobre total	Impacto total	% sobre total
Agricultura, Gandaría e Pesca	R01	2,5	0,7	4,8	4,6	7,3	1,5
	Resto (R02 a R03B)	1,2	0,3	1,2	1,1	2,4	0,5
Industria	R05_09 a R33	6,1	1,6	5,1	4,9	11,2	2,3
Enerxía, gas, abastecemento de auga	R35_R39 M	2,7	0,7	0,8	0,8	3,5	0,7
	R37_38N M	0,0	0,0	0,1	0,1	0,1	0,0
Construción	R41_43	6,5	1,7	2,8	2,7	9,3	1,9
Comercio, hostalería e transporte	R45	1,3	0,3	3,5	3,3	4,8	1,0
	R46	3,6	1,0	3,8	3,7	7,5	1,5
	R47	186,3	48,9	21,9	20,9	208,2	42,8
	R49	9,1	2,4	2,5	2,3	11,5	2,4
	R55	21,4	5,6	1,6	1,5	23,1	4,7
	R56	31,9	8,4	13,7	13,0	45,5	9,4

	Resto (R50_51 a R53)	3,0	0,8	1,6	1,5	4,6	0,9
Actividades de información e comunicación	R59_60	2,7	0,7	0,1	0,1	2,8	0,6
	R61	0,9	0,2	0,4	0,4	1,3	0,3
	Resto (R58 e R62_63)	2,1	0,6	0,8	0,8	3,0	0,6
Servizos financeiros e actividades de inmobles	R64	1,7	0,4	1,3	1,2	2,9	0,6
	R68	6,6	1,7	1,9	1,8	8,6	1,8
	Resto (R65 e R66)	1,3	0,3	1,5	1,4	2,8	0,6
Actividades profesionais	R69_70	5,2	1,4	2,1	2,0	7,3	1,5
	Resto (R71 a R74_75)	3,0	0,8	1,6	1,6	4,6	0,9
Actividades de alugueiro, axencias de viaxes e actividades auxiliares	R80_82	7,2	1,9	2,9	2,7	10,1	2,1
	Resto (R77 a R79)	3,3	0,9	1,3	1,3	4,6	0,9
AA.PP.	R84	0,0	0,0	0,1	0,1	0,1	0,0
Educación	R85M	37,2	9,8	2,4	2,3	39,6	8,2
	R85NM	0,0	0,0	0,2	0,2	0,2	0,0
Sanidade e servizos sociais	R86_88M	13,9	3,7	9,1	8,7	23,0	4,7
	R86_88N M	0,0	0,0	0,1	0,1	0,1	0,0
Servizos culturais, deportivos e de ocio	R90_93	9,8	2,6	3,7	3,5	13,5	2,8
	R96	9,8	2,6	6,0	5,7	15,8	3,3
	Resto (R94, R95 e R97)	0,6	0,2	5,9	5,6	6,5	1,3
Total	TOTAL	380,9	100, 0	105,0	100, 0	485,9	100, 0

Fonte: elaboración propia

Capítulo III: Impacto económico dos gastos de persoal do Campus Terra

3.1. Introducción

Como se describiu no resumo executivo, para acadar o obxectivo de cuantificar a contribución das actividades do Campus Terra sobre a economía provincial é vital coñecer o impacto directo dos actores vinculados ao mesmo. Neste capítulo analizamos o impacto xerado polos gastos do persoal docente e investigador (PDI) e o persoal técnico de xestión, administración e servizos (PTXAS) nos sectores económicos da área xeográfica baixo estudo. Ao igual que no caso do alumnado, o cálculo deste gasto directo supón a necesidade de recadar información do comportamento do PDI e o PTXAS a través da elaboración de enquisas específicas, dirixidas a estes colectivos. A nosa análise require abordar o estudo, cuantificación e distribución do gasto dos traballadores, que é un dos grupos de actores máis vinculados ao impacto de calquera sistema universitario. O persoal, residente e non residente, demanda na provincia bens e servizos diversos (aloxamento, material de oficina, servizos de transporte, servizos de restauración e hostalería, etc.), gastos que se traducen na xeración de VEB, produción e emprego de forma no só directa, senón tamén indirecta e inducida en todo o sistema económico. A información relacionada coa actividade económica xerada polo persoal, en función do seu lugar de residencia, non é directamente extraíble dos servizos administrativos da universidade. Polo tanto, para a súa consecución realizouse unha enquisa ao conxunto de persoal do Campus Terra para coñecer o seu comportamento en termos de gasto de forma que posteriormente se poida cuantificar o seu impacto na economía provincial.

Este capítulo resume os resultados da análise destas enquisas realizadas ao persoal, así como o cómputo dos efectos directos, indirectos e inducidos descritos anteriormente.

3.2. Recollida de información: a enquisa ao persoal

3.2.1. Deseño e estrutura do cuestionario da enquisa

A enquisa deséñase co obxectivo principal de recoller información sobre os patróns de gasto do persoal do Campus Terra durante o curso académico tendo en conta a súa residencia e a súa estrutura familiar.

O modelo de enquisa utilizado está baseado no utilizado por Pastor e Pérez (2009), Pastor e Peraita (2010a; 2010b; 2010c; 2010d; 2011a; 2011b; 2012; 2014), e Pérez *et al.* (2015) nos seus estudos sobre o impacto socioeconómico de distintas universidades españolas, e é moi similar ao empregado noutros estudos de análogas características, como por exemplo o realizado sobre o Campus de Gandía (Miret *et al.* 2019) ou sobre a Universidade de Granada (Luque *et al.*, 2009) e a de Salamanca (Muñoz *et al.*, 2015). Ese modelo base foi modificado para incluír a desagregación de gastos segundo unha tipoloxía que se adapte o mellor posible á información estatística dispoñible, así como para introducir un

maior rango de categorías e partidas de gasto que recollan o máis variado e amplo espectro de gasto que se poden dar dentro dun fogar.

Antes do deseño definitivo, realizouse unha enquisa piloto a trece docentes da Facultade de Administración e Dirección de Empresas. Nesta fase testouse se a redacción das preguntas era adecuada para unha boa comprensión, detectar valores inesperados das variables, fluxos de preguntas erróneos, considerar se a duración do cuestionario era adecuada, etc. As cuestións e opinións formuladas polo profesorado respecto a estes aspectos, así como a análise das respostas foi satisfactoria modificándose só unha pregunta e modificando a redacción dalgunhas aclaracións contidas na enquisa.

Na súa versión definitiva o cuestionario está dividido en tres bloques (dispoñible no Anexo III). No primeiro pregúntase sobre aspectos persoais e laborais. O segundo recolle aspectos relacionados coa estrutura familiar. O terceiro bloque trata de recoller a tipoloxía de gasto que realiza o persoal do Campus Terra así como a súa contía. A continuación detallamos estes bloques polo miúdo.

O **primeiro bloque** está dedicado á información persoal e laboral. É de esperar que a presenza de traballadores vinculados a un campus universitario teña un impacto económico nos lugares onde traballan. Este impacto debería observarse na actividade económica e na creación de emprego. A existencia deste impacto está principalmente relacionada cos traballadores que residen habitualmente, ou que teñen que trasladar a súa residencia durante o curso académico ou que se desprazan habitualmente dende o seu lugar de residencia.

Á diferenza coa análise feita para os estudantes, os traballadores que residen habitualmente na área de influencia do campus si son tidos en conta nos estudos de impacto, xa que non se pode afirmar que seguirían residindo no mesmo lugar de non existir o campus, nin que terían o mesmo patrón de gasto e, principalmente, porque os seus gastos están directamente vinculados á renda salarial que obteñen da universidade. Por tanto, neste bloque, ademais de información demográfica básica (sexo e idade), pregúntase polo concello de residencia habitual ou familiar, así como polo de residencia durante o curso. Dende un punto de vista laboral, ademais de obterse información sobre categoría laboral, tamén se inclúen cuestións sobre vinculación ao campus e tipo de xornada.

O **segundo bloque** está dedicado aos determinantes do gasto do PDI e o PTXAS. Neste bloque preténdese recoller información xeral relacionada co aloxamento durante o curso académico, a cal vai a condicionar de forma importante o patrón de gasto de cada membro do persoal. A tipoloxía do aloxamento do persoal (vivenda familiar, alugueiro, residencia ou desprazamento diario) determina a estrutura de gasto, tanto no relativo á súa composición como na súa distribución.

Tamén se pregunta por aspectos relacionados coa estrutura do fogar, como son o número de membros e a porcentaxe dos ingresos netos do fogar que representan as rendas salariais aportadas polos traballadores do Campus Terra.

O **terceiro bloque** está dedicado á estrutura do gasto propiamente dita. Este bloque pretende obter información sobre os gastos aproximados (reais ou previstos) realizados na provincia de Lugo polo persoal durante o curso académico. Pregúntase sobre gastos concretos correspondentes a nove categorías de gasto: educación non universitaria, aloxamento, manutención, comercio non alimenticio, transporte, protección social, turismo, ocio e outros gastos. A desagregación por tipoloxía de gasto en cada categoría deseñouse tratando de que non resultase excesiva pero si suficientemente detallada para poder realizar a análise de impacto de forma precisa. Para cada un deses tipos de gasto, pregúntase polo seu importe aproximado en función daquela opción que resulte máis cómoda ao enquisado (por semana, mes ou ano).

Esta información é moi importante para o estudo que se está a realizar pois o impacto económico do PDI e o PTXAS, tanto a súa magnitude como a súa distribución sectorial, ven condicionado polo patrón de gasto.

3.2.2. Deseño da mostraxe e mostra realizada

O universo obxecto de estudo está formado por todo o persoal vinculado ao Campus Terra no curso académico 2023-2024 (733 individuos). Para o cálculo do tamaño da mostra⁹ pártese dos datos de persoal para o citado curso académico proporcionados polo Centro de Datos da Universidade de Santiago de Compostela.

A mostraxe realizada é aleatoria estratificada, sendo os tres estratos considerados os colectivos de persoal: persoal técnico, de xestión, administración e servizos (PTXAS), persoal docente e investigador (PDI) e persoal investigador (PI). Para a afixación da mostra tómase o criterio proporcional, é dicir, o reparto dos elementos entre os estratos da mostra na mesma proporción na que se presentan na poboación obxecto de estudo.

Ao non dispor de información previa, a estimación do tamaño da mostra realízase tomando $p=q=0,5$ dado que ditos valores para a proporción maximizan o tamaño da mostra e aseguran a súa representatividade.

Establécese un nivel de confianza do 95,5% e unha marxe de erro do 5%, parámetros que se atopan dentro de abano habitual para extraer mostras

⁹ Tamaño da mostra (poboacións finitas): $n = \frac{Z^2 \cdot N \cdot p \cdot q}{E^2 \cdot (N-1) + Z^2 \cdot p \cdot q}$ onde Z é o valor da distribución normal (0,1) para o nivel de significación elixido, N é o tamaño da poboación, p é a proporción de éxitos, q é a proporción de fracasos, e E é a marxe de erro máxima.

estatísticas no ámbito das ciencias sociais. Así, o tamaño da mostra ascende a 260.

O proceso de recollida da información tiña que cumprir uns obxectivos concretos. En primeiro lugar, que fose un proceso áxil e rápido, En segundo lugar, tiña que ser un proceso eficaz e eficiente, pola limitación de recursos, non so económicos senón de persoas e de tempo. Por eses motivos optouse pola resposta de cuestionarios auto-administrados en Microsoft Forms obviando outros procedementos máis lentos e caros como o correo postal, a entrevista persoal, e incluso o contacto telefónico.

Para fomentar a participación, ademais da solicitude directa de cubrir a enquisa por parte do centro de datos da USC, solicitouse a colaboración tamén a través dos decanatos e as direccións de centro e pediuse a difusión da existencia desta enquisa facilitando a ligazón e o QR.

Obtivéronse 216 cuestionarios, que representan o 29,5% do universo de estudo. Finalmente, tras un proceso de depuración da base e de eliminación de casos estraños a mostra final obtida foi de 209 enquisas válidas (o 96,8% do total), pero quedando por debaixo do resultado obtido no deseño da mostraxe. Tendo en conta o número final de enquisas válidas, o erro máximo de mostraxe¹⁰ ascende a 5,87%, lixeiramente por encima do erro do deseño da mostraxe. No cadro 3.1 preséntase a ficha técnica da enquisa, que resume os aspectos previamente explicados.

Cadro 3.1. Ficha técnica da enquisa

Universo	Persoal vinculado ao Campus Terra no curso académico 2023-2024	
Tamaño poboación	733	
Procedemento da mostra	Mostraxe aleatoria estratificada por colectivo de persoal	
Nivel de confianza	95,5%, con $p=q=0,5$	
Tamaño mostra	Mostra Deseñada	260
	Mostra Realizada	209
Erro da mostra	Mostra Deseñada	5,00 %
	Mostra Realizada	5,87 %
Tipo de entrevista	Cuestionario auto-administrado	
Datas de realización	Do 15 de marzo ao 20 de abril de 2024	

Fonte: elaboración propia

¹⁰ Erro máximo de mostraxe (poboacións finitas): $E_{max} = Z \cdot \sqrt{\frac{p \cdot q}{n} \cdot \frac{(N-n)}{(N-1)}}$

A descrición das características principais da mostra realizada, extraída dos datos dos cuestionarios válidos, e a comparación coa mostra que foi deseñada para garantir a súa representatividade, está recollida no cadro 3.2.

Cadro 3.2. Descrición da mostra

Estratos	Mostra deseñada		Mostra realizada		Factor de elevación ¹¹
	Número	%	Número	%	
Persoal técnico de xestión, administración e servizos	57	22,0	65	31,1	0,88
Persoal docente e investigador	158	61,0	130	62,2	1,21
Persoal investigador	44	17,1	14	6,7	3,14
Total	260	100,00	209	100,0	

Notas: Factor de elevación: $f_i = N_i/n_i$

Fonte: elaboración propia

Como pode observarse nos datos do cadro 3.2, a mostra realizada é menor que a deseñada a nivel xeral pero superior no caso do PTXAS. En termos relativos, este colectivo supera o deseño da mostra de forma substancial, ao igual que o PDI, aínda que este de forma lixeira. Pola contra, o persoal investigador está bastante por debaixo. Este comportamento da participación explícase porque é máis difícil chegar ao persoal investigador tanto de forma directa como indirecta por non estar en moitas ocasións vinculados a facultades ou escolas.

3.3. Análise descritiva de resultados


3.2.1. Datos persoais

A descrición das principais características, en base ás respostas dos cuestionarios válidos, ademais das utilizadas para estratificar a mostra que xa foron descritas no apartado anterior móstranse a continuación.

En relación ao sexo (gráfico 3.1), as enquisas obtidas foron cubertas maioritariamente por mulleres (114). Respecto á idade, o persoal do Campus Terra ten entre 25 e 72 anos cumpridos na data de realización da enquisa, sendo a media de idade de 51 anos mentres que a moda 59 anos e a mediana 52 anos de idade

¹¹ Factor de elevación: $f_i = N_i/n_i$

Gráfico 3.1. Distribución por sexo




Fonte: elaboración propia

En canto ao lugar de residencia durante o curso, o 86,2% dos enquisados reside na provincia de Lugo e máis en concreto no concello de Lugo (75,7% do total de enquisados). Respecto ao lugar de residencia familiar ou habitual tense unha variedade algo maior. O 79% dos enquisados ten o domicilio familiar habitual na provincia de Lugo, e á súa vez, o 67,1% dos enquisados ten a residencia familiar no concello de Lugo. A Coruña, como era de agardar, é a segunda provincial en importancia, na que teñen a súa residencia habitual o 15,7% do total do persoal do Campus Terra enquisado.

3.2.2. Determinantes do gasto do persoal

Dous aspectos fundamentais determinan o patrón de gasto do persoal do Campus Terra. Por unha banda, as características do fogar e, pola outra, o lugar e tipoloxía do aloxamento durante o curso. Por termo medio, o fogares do persoal teñen un tamaño de 2,6 persoas; aínda que o 18,2% dos enquisados viven en fogares unipersoais. Como se observa no gráfico 3.2, durante o curso, a maioría do persoal do Campus Terra alóxase na súa vivenda habitual ou nunha segunda vivenda (84,2%), situada na provincia de Lugo ou non (desprazamentos laborais). Un 11,5% reside durante o curso en vivenda de alugueiro e as restantes opción son residuais.

Gráfico 3.2. Tipoloxía do aloxamento durante o curso




Fonte: elaboración propia

3.2.3. Estrutura de gasto do persoal

Os gastos que realiza o persoal dependen en gran medida do aloxamento e a estrutura do fogar. Tendo en conta a variedade de bens e en servizos nos que poden realizar gastos na provincia de Lugo, así como a variedade das respostas (semanais, mensuais ou anuais), en primeiro lugar preséntase a información relativa á tipoloxía de gastos que o persoal manifesta realizar ao longo do curso na provincia (gráfico 3.3).

Os tres bens e servizos nos que a maioría do persoal do campus realiza gastos son os relacionados coa hostalería, coa adquisición de alimentos en tendas e supermercados e cos gastos derivados do uso do transporte privado. Tamén unha elevada proporción do persoal declara realizar gastos na provincia en subministracións da vivenda e en diversos tipos de produtos relacionados co comercio, coas telecomunicacións e a saúde ou os seguros. Na situación oposta atópanse os gastos en protección social, realizados por moi poucas das familias vinculadas laboralmente ao Campus Terra. Cabe ter en conta que, aínda que se declara a realización deste tipo de gastos, nalgúns casos puntuais os enquisados non foron capaces de identificar a súa contía, o que implica o seu tratamento como valor perdido nos pasos seguintes.

Gráfico 3.3. Tipoloxía de gastos do persoal do Campus Terra



Fonte: elaboración propia

Se ben a información anterior é importante para determinar o patrón de gasto do persoal, a súa distribución final depende en maior medida da contía de ditos gastos. Tras o proceso de homoxeneización e anualización dos resultados individuais do enquisados sobre os gastos declarados, obtéñense os resultados medios e totais que se presenta no cadro 3.3. O gasto total anual realizado na provincia de Lugo polos fogares do persoal enquisado vinculado ao Campus Terra durante o curso 2023-2024 é de algo máis de 5,7 millóns de euros, o que supón un gasto medio por enquisado de 27.418 €. Como era de agardar, as partidas cun maior importe global dentro da estrutura de gastos dos fogares son os gastos en manutención realizados en locais de comercio alimentario e os de adquisición de vivenda. Este último ademais, dentro daqueles fogares que o realizan, representa un gasto anual promedio de case 15.000€ por fogar. A bastante distancia, os seguintes gastos en importancia son os relacionados coa hostalaría, o transporte privado (tanto adquisición como gastos derivados) e as subministracións do fogar. Porén, as partidas de gasto que menor importancia global teñen nos fogares dos traballadores do Campus Terra son os relacionados coa protección social, en concreto, as gardarías infantís e os centros de día para persoas maiores ou dependentes. O transporte público, as pernoitas en hoteis e similares e a asistencia ao cine son as seguintes partidas de menos importancia global dentro dos fogares analizados.

Cadro 3.3. Gasto anual medio e total segundo tipoloxía

	Datos válidos ¹²	Gasto total (€)	Gasto medio válidos (€)	Gasto medio total (€)
Cota colexio privado/concertado	20	81.100	4.055	388
Cursos e clases de apoio	59	76.861	1.303	368
Material de papelería, fotocopias, etc.	124	59.446	479	284
Adquisición da vivenda	48	715.820	14.913	3.425
Alugueiro da vivenda	37	185.340	5.009	887
Construción, reforma ou rehabilitación da vivenda	48	251.060	5.230	1.201
Equipamento do fogar	134	147.718	1.102	707
Subministracións	176	295.415	1.678	1.413
Gasoi para calefacción individual	46	55.840	1.214	267
Recibo de comunidade de veciños	138	175.709	1.273	841
Telefonía móbil, fixa e/ou internet	171	166.307	973	796

¹² Datos válidos refírese ao número de enquisados que manifestan realizar este tipo de gastos e o cuantifican.

Tendas de alimentación e supermercados	193	1.040.064	5.389	4.976
Roupa, calzado e complementos	167	203.901	1.221	976
Tabaco e artigos para fumadores	24	31.319	1.305	150
Material informático	116	58.710	506	281
Libros, prensa e similares	119	45.567	383	218
Medicamentos	170	55.988	329	268
Outros gastos no comercio	169	129.204	765	618
Transporte público	59	14.226	241	68
Adquisición de vehículo	36	324.424	9.012	1.552
Transporte privado	169	300.729	1.779	1.439
Garderías e/ou ludotecas	8	8.630	1.079	41
Centros de día/noite de persoas maiores e/ou dependentes	1	7.200	7.200	34
Residencia de persoas maiores e/ou dependentes	3	35.700	11.900	171
Servizo de axuda a domicilio de persoas maiores e/ou dependentes	5	45.420	9084	217
Contratación directa de persoal para coidado de menores ou maiores e/ou dependentes	15	88.140	5.876	422
Pernoitas en hoteis, hostais, residencias universitarias e similar	21	17.540	835	84
Axencias de viaxes	28	69.200	2.471	331
Comida e bebida en locais de hostalaría	190	333.439	1.755	1.595
Cine	92	19.404	211	93
Ximnasio ou similar	108	91.518	847	438
Espectáculos	88	27.710	315	133
Perruqueira e estética	148	79.087	534	378
Servizo doméstico	43	174.964	4.069	837
Seguros	134	169.401	1.264	811
Saúde	139	115.997	835	555
Lotaría	117	32.346	276	155
TOTAL	--	5.730.445	--	27.418

Fonte: elaboración propia

Hai que ter en conta que estes datos son unha extracción directa dos resultados da enquisa realizadas ao persoal, pero non é o importe de gasto a imputar para a

estimación do seu impacto económico. Estes datos non están elevados á poboación para garantir a súa representatividade e, máis importante, non están filtrados. É dicir, o gasto medio a imputar na análise de impacto será inferior xa que debe ser descontado o gasto non atribuíble ás rendas do fogar que non proceden da relación laboral coa universidade.

3.3. Impacto económico do gasto do persoal

A cuantificación do gasto do persoal que orixina algún tipo de impacto económico realizase a partir da información referida a catro variables: cantidade de persoal vinculado ao Campus Terra, lugar de residencia, gasto medio por fogar e importancia relativa da renda do persoal do campus dentro do seu fogar. As dúas primeiras informacións obtéñense a través do centro de datos da USC e as dúas últimas da enquisa a persoal presentada anteriormente.

Para o cálculo do gasto do persoal xerador de impacto han de seguirse os seguintes pasos: filtrado do gasto, estimación do gasto medio anual por traballador e estimación do gasto anual total do persoal. Unha vez realizada esta, xunto con outras transformacións dirixidas á correcta imputación do gasto ás ramas de actividade, estímase o impacto total, que ten a súa orixe no gasto realizado polos fogares do persoal na provincia de Lugo. Para determinar estes efectos sobre a produción, o VEB e o emprego, así como a súa distribución sectorial, emprégase a metodoloxía input-output descrita no Anexo I, aplicada á actualización do Marco Input-Output de Galicia de 2018 (IGE).

3.3.1. Gasto medio do persoal do Campus Terra: filtrado e resultados

Tanto o nivel como o patrón de gasto do persoal do campus depende, entre outros factores, da súa proximidade á residencia familiar e dos medios de transporte dispoñibles, xa que deles depende o nivel de gasto en transporte (crecente coa distancia) e a necesidade de pernoitar durante o curso académico fóra da residencia habitual. Con obxectivo de coñecer e detectar as diferenzas derivadas destas características específicas, tanto no nivel como no patrón de gasto, realizáronse as enquisas ao persoal.

Non todo o gasto realizado na provincia de Lugo por parte dos fogares do persoal do Campus Terra é atribuíble á súa existencia. Dado que o obxectivo é computar o volume de actividade económica xerada pola existencia do Campus Terra, é preciso excluír aqueles gastos que se financian con outras rendas do fogar non procedentes da relación laboral coa universidade. Para iso, na enquisa introduciuse unha pregunta na que o persoal enquisado tiña que indicar a porcentaxe de ingresos netos do fogar que representa o seu salario procedente do Campus Terra, asumíndose que o gasto se reparte na mesma proporción que a renda.

Unha vez illado o gasto xerador de impacto, estímase o gasto medio anual por fogar en cada unha das partidas recollidas na enquisa. Co fin de obter resultados representativos e recoller as diferenzas existentes no gasto medio en función da residencia habitual do persoal así como da súa categoría laboral, no cálculo da media de gasto por fogar tivéronse en conta as proporcións de persoal do Campus Terra relativos a eses aspectos. Para obter o gasto total do persoal multiplícase o gasto medio polo número de persoal no curso 2023-2024, que ascende a 733 persoas. Os resultados do gasto medio e gasto total por partida preséntase no cadro 3.4.

O gasto medio anual do persoal do Campus Terra que xera impacto na economía provincial ascende a case 19.000 €, o que supón un gasto total de preto de 14 millóns de euros. As dúas partidas que representan a maior parte do gasto (máis do 30% conxuntamente) son os gastos en comercios de alimentación (18,33%) e a adquisición dalgunha vivenda na provincia (11,88%). Xa a bastante distancia, destacan tamén os gastos derivados do uso do transporte privado (5,52%), os consumo na hostalaría (5,86%) e outras partidas de gasto relacionadas coa vivenda ou o aloxamento. En concreto, o alugueiro da vivenda representa un 8,57% do gasto total, a construción e rehabilitación de vivendas un 4,30% e as subministracións un 5,47%.

Cadro 3.4. Gasto medio e total do persoal por partida

	Gasto medio (€)	Gasto total (€)	% Gasto total
Cota colexio privado/concertado	213,10	156.204,80	1,12
Cursos e clases de apoio	264,27	193.706,76	1,39
Material de papelería, fotocopias, etc.	245,43	179.901,13	1,29
Adquisición da vivenda	2.254,51	1.652.556,49	11,88
Alugueiro da vivenda	1.114,58	816.989,28	5,87
Construción, reforma ou rehabilitación da vivenda	815,86	598.021,74	4,30
Equipamento do fogar	498,78	365.604,72	2,63
Subministracións	1.039,01	761.597,60	5,47
Gasoi para calefacción individual	161,99	118.739,62	0,85
Recibo de comunidade de veciños	557,77	408.847,56	2,94
Telefonía móbil, fixa e/ou internet	516,11	378.310,41	2,72
Tendas de alimentación e supermercados	3.479,01	2.550.114,49	18,33
Roupa, calzado e complementos	630,97	462.501,83	3,32
Tabaco e artigos para fumadores	86,70	63.552,92	0,46
Material informático	195,19	143.072,21	1,03
Libros, prensa e similares	157,71	115.603,46	0,83

Medicamentos	180,55	132.340,23	0,95
Outros gastos no comercio	467,40	342.600,94	2,46
Transporte público	68,34	50.090,09	0,36
Adquisición de vehículo	920,72	674.886,08	4,85
Transporte privado	1.047,71	767.971,44	5,52
Garderías e/ou ludotecas	31,64	23.193,23	0,17
Centros de día/noite de persoas maiores e/ou dependentes	21,88	16.036,05	0,12
Residencia de persoas maiores e/ou dependentes	142,23	104.254,87	0,75
Servizo de axuda a domicilio de persoas maiores e/ou dependentes	61,23	44.883,37	0,32
Contratación directa de persoal para coidado de menores ou maiores e/ou dependentes	233,67	171.280,76	1,23
Pernoitas en hoteis, hostais, residencias universitarias e similar	103,78	76.067,28	0,55
Axencias de viaxes	176,00	129.006,38	0,93
Comida e bebida en locais de hostalaría	1.113,27	816.025,28	5,86
Cine	69,92	51.249,98	0,37
Ximnasio ou similar	305,81	224.159,86	1,61
Espectáculos	93,30	68.390,25	0,49
Perruqueira e estética	230,63	169.050,53	1,21
Servizo doméstico	477,44	349.963,28	2,51
Seguros	539,43	395.405,71	2,84
Saúde	367,78	269.583,67	1,94
Lotaría	100,19	73.440,05	0,53
TOTAL	18.983,91	13.915.204,34	100,00

Fonte: elaboración propia

3.3.2. Impacto directo

Os datos de gasto total vinculados ao persoal asígnanselles ás ramas de actividade do Marco Input- Output segundo o patrón de gasto, obténdose que o impacto directo dáse nalgunha das 18 ramas seguintes:

- R35_39M Fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado. Subministración de auga, actividades de saneamento, xestión de residuos e descontaminación de mercado
- R41_43 Construción
- R45 Venda e reparación de vehículos de motor

- R47 Comercio polo miúdo, salvo de vehículos de motor e motocicletas
- R49 Transporte terrestre e por tubaxe
- R55 Servizos de aloxamento
- R56 Servizos de comidas e bebidas
- R59_60 Actividades cinematográficas de vídeo e televisión, gravación de son e edición musical; actividades de programación e emisión de radio e televisión
- R61 Telecomunicacións
- R65 Seguros, reaseguros e fondos de pensións agás Seguridade Social obrigatoria
- R68 Actividades inmobiliarias
- R69_70 Actividades xurídicas e de contabilidade; actividades das sedes centrais; actividades de consultaría e de xestión empresarial
- R79 Actividades das axencias de viaxes, operadores turísticos, servizos de reservas e actividades relacionadas
- R85M Educación de mercado
- R86_88M Actividades sanitarias e de servizos sociais de mercado
- R90_93 Actividades artísticas, recreativas e de entretemento
- R96 Outros servizos persoais
- R97 Actividades dos fogares como empregadores de persoal doméstico

Unha vez imputado o gasto total ás distintas ramas de actividade, e tendo en conta a relación entre o VEB e a produción contida no marco Input-Output galego e a súa relación coa xeración de emprego, obtéñense os impactos directos que se presentan no cadro 3.5. O impacto directo do gasto do persoal do Campus Terra no curso 2023-2024 en termos de renda ascende a preto de 8,5 millóns de euros, isto é, arredor do 61% da produción xerada por ditos gastos. O maior impacto directo dobre a renda dáse na rama do comercio polo miúdo (R47), con case 3,5 millóns de euros que representan máis do 40% do total. En segundo lugar, pero a moita distancia, atópanse a construción (R41_43), algo máis de 1,1 millóns de euros e máis do 13% do VEB total. Das restantes ramas de actividade, destaca o efecto directo sobre a hostalaría (R56) co 5,15% do VEB total, as actividades dos fogares como empregadores de persoal doméstico (R97) cun 6,17% do VEB e tamén a rama de actividades inmobiliarias (R68) cun 8,95% da renda total xerada de forma directa.

Cadro 3.5. Impacto directo dos gasto do persoal do Campus Terra

	% VEB/Produción	VEB (miles €)	% VEB total	Empregos Equivalentes a Tempo Completo (ETC)	% ETC total
R35_39M	40,99	312,18	3,70	0,9	0,42

R41_43	49,39	1.111,63	13,17	20,8	9,39
R45	39,95	269,60	3,19	8,8	3,96
R47	65,22	3.418,79	40,50	121,8	55,07
R49	36,96	18,51	0,22	0,4	0,19
R55	58,60	44,58	0,53	1,1	0,48
R56	53,26	434,57	5,15	7,3	3,32
R59_60	63,44	32,51	0,39	0,6	0,28
R61	50,94	192,71	2,28	0,6	0,27
R65	37,39	147,83	1,75	0,3	0,14
R68	92,51	755,76	8,95	0,9	0,42
R69_70	61,21	250,25	2,96	7,8	3,53
R79	29,14	37,60	0,45	1,2	0,56
R85M	85,08	297,71	3,53	7,7	3,46
R86_88M	61,00	279,33	3,31	9,1	4,12
R90_93	57,47	210,34	2,49	4,0	1,80
R96	62,87	106,27	1,26	5,7	2,58
R97	100,00	521,24	6,17	22,1	10,01
Total	60,66	8.441,42	100,00	221,2	100,00

Fonte: elaboración propia

En termos de emprego directo, o gasto do persoal do Campus Terra permite a xeración ou mantemento de máis de 221 postos de traballo equivalentes a tempo completo, ou o que é o mesmo, 15,9 empregos a tempo completo por cada millón de euros de gasto do persoal. A nivel sectorial, máis da metade dos postos de traballo (55,07%) son no comercio (R47). Esta actividade económica é por tanto a máis beneficiada en termos de VEB pero sobre todo en termos de xeración de postos de traballo. Porén, as actividades inmobiliarias (R68) tan só xeran o 0,42% dos postos de traballo a tempo completo a pesar da que a súa importancia en termos de VEB é substancial. A segunda actividade en importancia en termos de emprego son as actividades dos fogares como empregadores de persoal doméstico cun 10,01% (R97), seguida da construción cun 9,39% (R41_43), actividades ambas que xa tiñan unha importancia significativa en termos de renda.

Este comportamento de determinadas ramas respecto ao dispar impacto sobre as distintas variables, isto é, sobre a distinta intensidade de uso da man de obra e de consumos intermedios no proceso produtivo, pon de manifesto a necesidade de estudar os impactos económicos non só desde a óptica do emprego ou só desde a óptica do VEB, senón desde ambas á vez e sempre tendo en conta a estrutura sectorial da economía.

3.3.3. Impacto indirecto

O impacto indirecto procede dos consumos intermedios adquiridos polas actividades económicas nas que o persoal realiza o seu gasto e que lles son indispensables para poder levar a cabo a súa produción. Iso implica unha demanda doutro conxunto de produtos e servizos e de postos de traballo para a súa consecución, é dicir, son produción que existe debido á demanda de bens e servizos por parte do persoal.

Para obter a súa produción, as actividades económicas nas que os fogares do persoal realizan os seus gastos xeraron un impacto indirecto a través dos seus provedores na economía provincial que ascende a case 6,25 millóns de euros de produción en todas as ramas, dos cales máis de 3,25 millóns de euros (52,11%) se corresponden co VEB xerado, e o importe restante, coa demanda intermedia doutras actividades. En termos de emprego, este impacto indirecto tradúcese en 48 empregos equivalentes a xornada completa.

O cadro 3.6 mostra o impacto indirecto sobre o VEB e o emprego segundo a súa distribución sectorial, presentando aquelas ramas de actividade para as que se obteñen os impactos máis substanciais, xa sexa respecto a renda ou emprego. As ramas incluídas representan máis de tres cuartas partes do emprego indirecto xerado polo gasto do persoal do Campus Terra, e o 82% do VEB. A rama R68 (actividades inmobiliarias) é a que goza de maior representación no VEB, con caso o 22,5% total, pero apenas xera emprego (1,86%). A rama da construción (R41_43) é a segunda en xeración de VEB indirecto cun 14,42% do total e ademais é a que xera ou mantén unha maior cantidade de emprego, co 18,28% do total. A rama R35_39M (fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor, aire acondicionado; subministración de auga, saneamento, xestión de residuos e descontaminación) ten un comportamento similar a das actividades inmobiliarias pois o seu peso relativo en termos do VEB indirecto é substancial (8,74%), mais ten un efecto sobre o emprego reducido (1,77%). Entre o 5% e o 10% do total do VEB tamén se atopa a rama de servizos financeiros, agás seguros e fondos de pensións (R64), a cal en termos de xeración de emprego indirecto ten un peso relativo de aproximadamente a metade que en termos de renda.

Cadro 3.6. Impacto indirecto dos gasto do persoal do Campus Terra

	% VEB/Produción	VEB (miles €)	% VEB total	Empregos Equivalentes a Tempo Completo (ETC)	% ETC total
R68	92,51	732,13	22,48	0,9	1,86
R41_43	49,39	469,41	14,42	8,8	18,28
R35_39M	40,99	284,66	8,74	0,8	1,77

R64	63,49	198,57	6,10	1,4	2,98
R46	45,49	143,80	4,42	2,3	4,84
R69_70	61,21	125,81	3,86	3,9	8,19
R66	46,48	122,38	3,76	1,9	3,99
R80_82	67,18	107,67	3,31	4,7	9,72
R52	35,22	82,90	2,55	1,0	2,06
R49	36,96	80,24	2,46	1,8	3,83
R62_63	58,54	56,59	1,74	1,3	2,64
R25	33,45	51,36	1,58	1,1	2,31
R86_88M	61,00	51,02	1,57	1,7	3,47
R71	53,03	46,38	1,42	1,3	2,74
R33	46,28	45,89	1,41	1,1	2,20
R45	39,95	37,62	1,16	1,2	2,55
R78	93,95	33,62	1,03	1,3	2,69
Resto	40,38	586,31	18,00	11,5	23,91
Total	52,11	3.256,37	100,00	48,0	100,00

Fonte: elaboración propia

Dende o punto de vista do emprego non hai ramas que acumulen un efecto tan elevado como en termos de VEB, sendo a máis destacada a xa comentada da construción. Outras ramas destacadas pola súa contribución na xeración de emprego indirecto, aínda que por debaixo do 10%, son a R80_82 (actividades de seguridade e investigación; servizos a edificios e actividades de xardinaría; actividades administrativas de oficina e outras actividades auxiliares das empresas) cun 9,72 % do emprego indirecto a tempo completo; e a de actividades xurídicas e de contabilidade; actividades das sedes centrais; actividades de consultaría e de xestión empresarial (R69_70) cun 8,19%.

3.3.4. Impacto inducido

O impacto inducido é aquel que rexistra a actividade económica e o emprego como consecuencia do consumo privado que efectúan os traballadores das actividades económicas receptoras do gasto do persoal tanto de forma directa como indirecta.

O abastecemento directo e indirecto das demandas por parte de ditas actividades xera rendas que chegan aos fogares en forma de salarios. Estes ingresos adicionais, en parte, son gastados en bens e servizos domésticos, o que provoca os impactos económicos inducidos. Á súa vez, este novo consumo ou maior demanda require incrementos de produción e emprego para ser satisfeita, o que xera novas rendas do traballo e novas roldas de efectos inducidos a través do consumo dos fogares.

O impacto inducido derivado do gasto do persoal do Campus Terra na economía provincial ascende a 8 millóns de euros de produción, dos cales case 4,5 millóns (56,08%) se corresponden co VEB xerado, e o importe restante, coa demanda intermedia doutras actividades. En termos de emprego, este impacto inducido está asociado a 76 empregos equivalentes a tempo completo.

O cadro 3.7 mostra o efecto inducido sobre o VEB e o emprego e a súa distribución sectorial para as ramas de actividade máis relevantes. As ramas incluídas no cadro 3.7 acumulan arredor do 85% do VEB e dos emprego a tempo completo xerados de forma inducida. Unha vez máis, a rama R68 (actividades inmobiliarias) representa máis dun cuarto do impacto sobre o VEB pero apenas xera emprego. As pautas de consumo da poboación levan a que as actividades de hostalaría (R56) e comercio polo miúdo sexan as dúas seguintes en xeración de VEB inducido, co 13,15% e o 9,96% respectivamente. Estas dúas ramas de actividade son ademais, aínda que na orde inversa, as de maior efecto inducido sobre o emprego, xerando máis dunha quinta parte o comercio e o 13,04% a hostalaría. O resto de ramas de actividade xeran menos do 5% do VEB inducido total pero en termos de emprego hai tres que si superan ese limiar. Ditas ramas son a sanidade e os servizos sociais de mercado (R86_88M) cun 8,69% e as ramas R96 (outros servizos persoais) e R97 (actividades dos fogares como empregadores de persoal doméstico) que, se ben non presentan un impacto inducido moi elevado en termos de VEB, si son importantes fontes de emprego, superando en ambos os casos o 5,0% do total.

Cadro 3.7. Impacto inducido dos gasto do persoal do Campus Terra

	% VEB/Produción	VEB (miles €)	% VEB total	Empregos Equivalentes a Tempo Completo (ETC)	% ETC total
R68	92,51	1.157,28	25,79	1,4	1,84
R56	53,26	589,85	13,15	10,0	13,04
R47	65,22	447,07	9,96	15,9	20,86
R86_88M	61,00	203,50	4,54	6,6	8,69
R35_39M	40,99	199,36	4,44	0,6	0,78
R46	45,49	173,09	3,86	2,8	3,66
R01	47,85	142,97	3,19	3,5	4,59
R90_93	57,47	141,57	3,16	2,7	3,52

R64	63,49	126,66	2,82	0,9	1,20
R41_43	49,39	110,69	2,47	2,1	2,71
R97	100,00	90,95	2,03	3,9	5,06
R61	50,94	90,64	2,02	0,3	0,37
R96	62,87	81,49	1,82	4,4	5,72
R45	39,95	78,69	1,75	2,6	3,35
R49	36,96	78,05	1,74	1,8	2,34
R85M	85,08	68,90	1,54	1,8	2,32
R69_70	61,21	49,96	1,11	1,6	2,04
Resto	34,81	607,77	13,55	11,6	15,17
Total	56,08	4.486,81	100,00	76,4	100,00

Fonte: elaboración propia

3.4. O impacto total asociado ao persoal

O impacto total do persoal do Campus Terra sobre o VEB no curso 2023-2024 estímase en algo máis de 16 millóns de euros, dos cales o 72 % se corresponde aos impactos directo e indirecto (case 8,5 millóns de euros o directo e de 3,25 o indirecto), e o restante correspóndese co efecto inducido (preto de 4,5 millóns de euros).

Nos cadros 3.8 e 3.9 preséntase o impacto total sobre a economía da provincia de Lugo do gasto vinculado ao persoal do Campus Terra para cada unha das variables estimadas, agregando por sectores de actividade e destacando, á súa vez, as ramas con efectos directos, así como outras ramas que, xa sexa en termos de emprego ou VEB, proporcionen impactos totais significativos (superiores ao 1% do total).

As pautas de consumo da poboación en xeral, e do persoal en particular, levan a que o comercio polo miúdo (R47) sexa a actividade con maior impacto en termos de renda, con case un cuarto do total (24 %), sendo o efecto directo o predominante. En segundo lugar atópanse as actividades inmobiliarias (R68) cun 16,3 % do total e en terceiro a construción (R41_43) cun 10,5 % do VEB total. Entre o abano do 5% e o 10% do impacto total atópase a hostalaría (R56) cun 6,5 % e moi preto a rama R35_39 (fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor, aire acondicionado; subministración de auga, saneamento, xestión de residuos e descontaminación) cun 4,9 % do VEB. O resto de ramas vense impactadas en maior ou menor medida, pero sempre por debaixo do 5% do VEB total.

Cadro 3.8. Impacto total sobre o VEB dos gasto vinculado ao persoal (miles de €)

Sector	Rama	Impacto directo e indirecto	% sobre total	Impacto inducido	% sobre total	Impacto total	% sobre total
Agricultura, Gandaría e Pesca	R01	30,5	0,3	143,0	3,2	173,4	1,1
	Resto (R02 a R03B)	18,3	0,2	30,4	0,7	48,7	0,3
Industria	R05_09 a R33	250,0	2,1	189,5	4,2	439,4	2,7
Enerxía, gas, abastecemento de auga	R35_R39 M	596,8	5,1	199,4	4,4	796,2	4,9
	R37_38N M	0,0	0,0	3,5	0,1	3,5	0,0
Construción	R41_43	1.581,0	13,5	110,7	2,5	1.691,7	10,5
Comercio, hostalería e transporte	R45	307,2	2,6	78,7	1,8	385,9	2,4
	R46	143,8	1,2	173,1	3,9	316,9	2,0
	R47	3.441,0	29,4	447,1	10,0	3.888,0	24,0
	R49	98,8	0,8	78,1	1,7	176,8	1,1
	R55	61,9	0,5	49,2	1,1	111,1	0,7
	R56	461,1	3,9	589,8	13,1	1.051,0	6,5
	Resto (R50_51 a R53)	113,3	1,0	74,2	1,7	187,5	1,2
Actividades de información e comunicación	R59_60	38,9	0,3	4,1	0,1	43,0	0,3
	R61	253,2	2,2	90,6	2,0	343,8	2,1
	Resto (R58 e R62_63)	66,1	0,6	26,1	0,6	92,2	0,6
Servizos financeiros e actividades de inmobles	R64	198,6	1,7	126,7	2,8	325,2	2,0
	R65	178,7	1,5	46,1	1,0	224,9	1,4
	R66	122,4	1,0	61,8	1,4	184,1	1,1
	R68	1.487,9	12,7	1.157,3	25,8	2.645,2	16,3
Actividades profesionais	R69_70	376,1	3,2	50,0	1,1	426,0	2,6
	Resto (R71 a R74_75)	114,6	1,0	60,3	1,3	174,9	1,1
	R79	42,3	0,4	7,5	0,2	49,8	0,3

Actividades de alugueiro, axencias de viaxes e actividades auxiliares	R80_82	107,7	0,9	48,3	1,1	156,0	1,0
	Resto (R77 a R78)	57,9	0,5	26,2	0,6	84,2	0,5
AA.PP.	R84	0,0	0,0	5,5	0,1	5,5	0,0
Educación	R85M	328,8	2,8	68,9	1,5	397,7	2,5
	R85NM	0,0	0,0	9,0	0,2	9,0	0,1
Sanidade e servizos sociais	R86_88M	330,4	2,8	203,5	4,5	533,8	3,3
	R86_88N M	0,0	0,0	2,7	0,1	2,7	0,0
Servizos culturais, deportivos e de ocio	R90_93	236,6	2,0	141,6	3,2	378,2	2,3
	R96	117,1	1,0	81,5	1,8	198,6	1,2
	R97	521,2	4,5	91,0	2,0	612,2	3,8
	Resto (R94 a R95)	15,7	0,1	11,6	0,3	27,3	0,2
Total	TOTAL	11.697,8	100,0	4.486,8	100	16.184,6	100,0

Fonte: elaboración propia

O gasto vinculado ao persoal do Campus Terra xera na provincia arredor de 345 empregos equivalentes a tempo completo (cadro 9), dos cales o 64% son directos. A nivel sectorial, no relativo ao emprego, igual que nas epígrafes anteriores, hai diferenzas. Ramas cun impacto substancial no VEB como as actividades inmobiliarias apenas teñen impacto sobre a xeración de emprego (0,9% do total). Por outra banda as ramas do sector servizos, intensivas polo xeral en man de obra, xeran máis empregos en termos relativos. No relativo ao impacto vinculado ao persoal do Campus Terra, a maior parte do emprego xerado dáse no comercio polo miúdo (R47) cun 40,1% do total e ningunha outra rama acumula un efecto sobre o emprego de dous díxitos. A segunda rama en importancia é a construción (R41_43) cun 9,1% dos postos de traballo a tempo completo totais e logo a R97 (actividades dos fogares como empregadores de persoal doméstico) cun 7,5%. Roldando o 5% atópanse a hostalaría (R56) e a rama de sanidade e servizos sociais de mercado (R86_88M). O resto de ramas vense impactadas en maior ou menor medida, pero sempre por debaixo do 5% do emprego total. Nese grupo pódense destacar a rama R69_70 (actividades xurídicas e de contabilidade; actividades das sedes centrais; actividades de consultaría e de xestión

empresarial) con 3,9% e a educación de mercado (R85M) con 3% dos postos de traballo equivalentes a tempo completo totais.

Cadro 3.9. Impacto total sobre o emprego dos gasto vinculado ao persoal (ETC)

Sector	Rama	Impacto directo e indirecto	% sobre total	Impacto inducido	% sobre total	Impacto total	% sobre total
Agricultura, Gandaría e Pesca	R01	0,7	0,3	3,5	4,6	4,2	1,2
	Resto (R02 a R03B)	0,5	0,2	0,8	1,1	1,3	0,4
Industria	R05_09 a R33	5,2	1,9	3,7	4,9	8,9	2,6
Enerxía, gas, abastecemento de auga	R35_R39M	1,8	0,7	0,6	0,8	2,4	0,7
	R37_38NM	0,0	0,0	0,1	0,1	0,1	0,0
Construción	R41_43	29,5	11,0	2,1	2,7	31,6	9,1
Comercio, hostalería e transporte	R45	10,0	3,7	2,6	3,3	12,5	3,6
	R46	2,3	0,9	2,8	3,7	5,1	1,5
	R47	122,6	45,5	15,9	20,9	138,5	40,1
	R49	2,3	0,8	1,8	2,3	4,0	1,2
	R55	1,5	0,6	1,2	1,5	2,7	0,8
	R56	7,8	2,9	10,0	13,0	17,7	5,1
	Resto (R50_51 a R53)	1,9	0,7	1,1	1,5	3,0	0,9
Actividades de información e comunicación	R59_60	0,7	0,3	0,1	0,1	0,8	0,2
	R61	0,8	0,3	0,3	0,4	1,1	0,3
	Resto (R58 e R62_63)	1,5	0,6	0,6	0,8	2,1	0,6
Servizos financeiros e actividades de inmobles	R64	1,4	0,5	0,9	1,2	2,3	0,7
	R65	0,4	0,1	0,1	0,1	0,5	0,1
	R66	1,9	0,7	1,0	1,3	2,9	0,8
	R68	1,8	0,7	1,4	1,8	3,2	0,9
Actividades profesionais	R69_70	11,7	4,4	1,6	2,0	13,3	3,9
	Resto (R71 a R74_75)	2,5	0,9	1,2	1,6	3,7	1,1
	R79	1,4	0,5	0,2	0,3	1,6	0,5

Actividades de alugueiro, axencias de viaxes e actividades auxiliares	R80_82	4,7	1,7	2,1	2,7	6,8	2,0
	Resto (R77 a R78)	1,7	0,6	0,7	0,9	2,4	0,7
AA.PP.	R84	0,0	0,0	0,1	0,1	0,1	0,0
Educación	R85M	8,4	3,1	1,8	2,3	10,2	3,0
	R85NM	0,0	0,0	0,2	0,2	0,2	0,0
Sanidade e servizos sociais	R86_88M	10,8	4,0	6,6	8,7	17,4	5,0
	R86_88NM	0,0	0,0	0,1	0,1	0,1	0,0
Servizos culturais, deportivos e de ocio	R90_93	4,5	1,7	2,7	3,5	7,2	2,1
	R96	6,3	2,3	4,4	5,7	10,7	3,1
	R97	22,1	8,2	3,9	5,1	26,0	7,5
	Resto (R94 a R95)	0,4	0,2	0,4	0,5	0,9	0,2
Total	TOTAL	269,2	100	76,4	100	345,5	100

Fonte: elaboración propia

Capítulo IV: Impacto económico dos gastos do Campus Terra

4.1. Introducción

Neste capítulo procedemos a calcular o impacto económico xerado pola propia institución a través dos seus gastos correntes e investimentos. O Campus Terra, como campus de especialización, engloba ao conxunto de facultades, escolas e centros de investigación localizados no campus de Lugo. Polo tanto, os diferentes centros de gasto correspondentes a todas estas unidades administrativas son axentes de gasto, que a través da súa actividade xeran unha demanda de bens e servizos, que impactará de xeito directo, indirecto e inducido sobre a actividade económica da provincia. Ao igual que no caso do estudiantado e do persoal, neste capítulo calculamos os devanditos impactos aplicando a metodoloxía input-output. A análise require, por tanto, a necesidade de contar con abundante información. Polo tanto, o terceiro paso do estudo consistiu na identificación do gasto realizado polos centros de gasto ubicados no Campus Terra en provedores da provincia.

4.2. Obtención da información

O gasto directo da institución pode calcularse a partir da execución orzamentaria dos centros docentes e administrativos do Campus Terra en provedores localizados na provincia para os capítulos de gastos correntes e de capital. Dita información foi subministrada pola propia institución a través do Centro de Datos. Non obstante, esta inclúe todo tipo de pagos e non se dispón da clasificación da actividade económica dos receptores segundo a CNAE09, polo tivo que ser completada e filtrada.

Coa finalidade de considerar só aqueles gastos atribuíbles directamente ao funcionamento do Campus Terra na provincia e tamén para asignalos a un código da CNAE09 realizouse o filtrado do gasto da seguinte forma:


- Dado que o obxectivo é computar o volume de actividade económica xerada pola existencia do Campus Terra, é preciso excluír aqueles gastos recollidos na liquidación orzamentaria que en realidade son transferencias de renda percibidas polo persoal do Campus, como por exemplo, dietas ou pagos relacionados con proxectos. Cabe recordar que o impacto do persoal xa se ten en conta no Capítulo III a través do seu patrón de consumo na provincia e a representación dos seus ingresos dentro do fogar. Por tanto, o primeiro paso é identificar e eliminar das obrigas estas partidas.
- Para as restantes partidas de gastos na provincia dispónse da información tanto do CIF como da denominación do receptor, polo que o seguinte paso consistiu en identificar cada un deles para asignar un código de actividade económica. Para esta labor cotexáronse os datos rexistrados en SABI (Sistema de Análises de Balances Ibéricos). Dado que os receptores das obrigas poden ter calquera tipo de forma xurídica, nos casos nos que SABI non obtiña resultados empregáronse webs que conteñen informacións de empresas como Axesor ou, en casos puntuais, a propia web do receptor.

- A asignación dos códigos CNAE09 faise por código primario xa que, nos casos de existencia de varios códigos, a información obtida da liquidación orzamentaria non permite diferenciar a cal das actividades do provedor fai referencia a liquidación.
- Os perceptores para os que non se atopan datos dos seus códigos de actividade (algunha asociación e algúns traballadores por conta propia e persoas físicas) non son tidos en conta.

Segundo a información subministrada polo Campus Terra, no ano 2023, as obrigas totais con persoas físicas e/ou xurídicas radicadas na provincia de Lugo ascenderon a case 2,5 millóns de euros (2,1 millóns de base imponible). Unha vez aplicado o proceso de filtrado, as obrigas que xeran impacto ascenden a preto de 2,3 millóns de euros (1,95 millóns de base imponible).

Tanto a magnitude como a distribución sectorial do impacto dos gastos realizados polo Campus Terra dependen do volume de gasto xerador de impacto e da actividade económica de destino. Unha vez illado o gasto xerador de impacto, este diríxese a 52 actividades económicas segundo a CNAE09, porén o 25% das actividades (13 CNAE09 a dous díxitos) acumulan máis do 80% do gasto. Como pode observarse no gráfico 4.1, o comercio é o principal perceptor das obrigas realizadas polos centros de gasto do Campus Terra acumulando un cuarto do gasto total, estando especialmente concentrado no comercio polo miúdo cun 18,5% do total. Tomadas conxuntamente, as actividades da construción representan o 13,1% do total do gasto, sendo a máis relevante a actividade de enxeñaría civil. Dada a natureza e especialización do Campus Terra, a segunda actividade a nivel individual con maior representación nos gastos é a agricultura e a gandería (7,36%).

Gráfico 4.1. Distribución do gasto do Campus Terra segundo actividade económica



Fonte: elaboración propia

4.3. Impacto económico do gasto do Campus Terra

Para o cálculo do impacto do gasto realizado polo propio Campus Terra, unha vez realizado o filtrado xunto con outras transformacións dirixidas á correcta imputación do gasto nas ramas de actividade, estímase o impacto total. Para determinar estes efectos sobre a produción, o VEB e o emprego; así como a súa distribución sectorial, emprégase a metodoloxía input-output descrita no Anexo I, aplicada á actualización do Marco Input-Output de Galicia de 2018 (IGE).

4.3.1. Impacto directo

Os datos de gasto xerador de impacto realizado polo Campus Terra asígnanselles ás ramas de actividade do Marco Input- Output segundo a correspondencia establecida polo IGE (Anexo IV). Unha vez realizada dita imputación, o gasto dirixido ás 52 actividades CNAE09 a dous díxitos mencionadas na epígrafe anterior tradúcese en impactos en 47 ramas de actividade.

Unha vez imputado o gasto total ás distintas ramas de actividade, e tendo en conta a relación entre o VEB e a produción contida no marco Input-Output galego e a súa relación coa xeración de emprego, obtéñense os impactos directos que se presentan no cadro 4.1. O impacto directo do gasto do propio Campus Terra no curso 2023-20024 en termos de renda sitúase un pouco por debaixo do millón de euros, isto é, arredor do 50% da produción xerada por ditos gastos. Como era de

agardar dada a distribución do gasto, aínda que incrementado o seu peso relativo, o maior impacto directo sobre a renda dáse no comercio (R46 e R47) con case o 30% do total, especialmente no comercio polo miúdo (R47) cun cuarto do total. En segundo lugar, pero xa a bastante distancia, atópanse a construción (R41_43) con arredor do 13% do VEB total, un peso similar ao obtido na distribución do gasto. No abano do 5% ao 10% de representación atópase a agricultura e a gandaría (R01) co 7,08% do VEB total, a rama R80_82 (actividades de seguridade e investigación; servizos a edificios e actividades de xardinería; actividades administrativas de oficina e outras actividades auxiliares das empresas) co 7,14%, e tamén a rama de servizos técnicos de arquitectura e enxeñaría, ensaios e análise técnica (R71) cun 6,49% da renda total xerada de forma directa. Preto do 5% atópanse as ramas de transporte terrestre (R49) e outras industrias manufactureiras (R32).

Cadro 4.1. Impacto directo dos gasto do Campus Terra

	% VEB/Produción	VEB (miles €)	% VEB total	Empregos Equivalentes a Tempo Completo (ETC)	% ETC total
R01	47,85	68,78	7,08	1,7	6,32
R02	46,56	0,62	0,06	0,0	0,05
R10A	23,97	0,07	0,01	0,0	0,01
R10C	12,49	0,63	0,06	0,0	0,04
R10D	8,67	0,09	0,01	0,0	0,01
R10E	24,91	0,61	0,06	0,0	0,07
R11_12	36,98	0,22	0,02	0,0	0,01
R13	32,57	0,05	0,01	0,0	0,01
R14_15	23,50	0,10	0,01	0,0	0,01
R16	23,57	0,05	0,01	0,0	0,00
R18	37,77	10,87	1,12	0,3	1,25
R20_21	19,18	1,90	0,20	0,0	0,06
R22	24,32	0,02	0,00	0,0	0,00
R23	24,91	2,73	0,28	0,1	0,28
R25	33,45	31,68	3,26	0,7	2,56
R26	41,86	0,12	0,01	0,0	0,01
R27	37,75	1,01	0,10	0,0	0,01
R28	31,29	0,25	0,03	0,0	0,02
R31	33,05	10,71	1,10	0,3	1,19
R32	43,21	44,47	4,58	1,3	4,93

R33	46,28	2,66	0,27	0,1	0,23
R35_39M	40,99	10,91	1,12	0,0	0,12
R41_43	49,39	125,94	12,97	2,4	8,82
R45	39,95	4,38	0,45	0,1	0,53
R46	45,49	53,30	5,49	0,9	3,23
R47	65,22	236,05	24,31	8,4	31,53
R49	36,96	46,62	4,80	1,1	4,00
R52	35,22	0,68	0,07	0,0	0,03
R55	58,60	11,90	1,23	0,3	1,07
R56	53,26	29,46	3,03	0,5	1,87
R58	43,60	9,33	0,96	0,2	0,93
R59_60	63,44	3,55	0,37	0,1	0,25
R62_63	58,54	7,23	0,74	0,2	0,61
R68	92,51	0,23	0,02	0,0	0,00
R69_70	61,21	12,78	1,32	0,4	1,50
R71	53,03	63,06	6,49	1,8	6,69
R72	56,21	1,30	0,13	0,0	0,11
R73	32,39	12,26	1,26	0,5	1,69
R74_75	78,44	8,63	0,89	0,1	0,43
R77	51,07	0,84	0,09	0,0	0,05
R79	29,14	31,33	3,23	1,0	3,88
R80_82	67,18	69,31	7,14	3,0	11,26
R85M	85,08	9,33	0,96	0,2	0,90
R86_88M	61,00	0,43	0,04	0,0	0,05
R90_93	57,47	42,41	4,37	0,8	3,02
R94	65,18	0,36	0,04	0,0	0,03
R96	62,87	1,75	0,18	0,1	0,35
Total	49,76	971,03	100,00	26,7	100,00

Fonte: elaboración propia

En termos de emprego directo, o gasto do Campus Terra permite a xeración ou mantemento de case 27 postos de traballo equivalentes a tempo completo, ou o que é o mesmo, 13,7 empregos a tempo completo por cada millón de euros de gasto. A nivel sectorial o patrón de xeración de emprego directo é moi similar ao do VEB. Case o 35% dos postos de traballo directos se dan no comercio, especialmente no comercio polo miúdo (R47) co 31,53% do total. Esta actividade económica é por tanto a máis beneficiada en termos de VEB pero sobre todo en termos de xeración de postos de traballo. A segunda e terceira rama en

importancia en termos de emprego son a R80_82 é a construción, cun 11,26% e un 8,82% do total de traballos directos a tempo completo respectivamente.

4.3.2. Impacto indirecto

O impacto indirecto procede dos consumos intermedios adquiridos polas actividades económicas nas que o Campus Terra realiza o seu gasto e que lles son indispensables para poder levar a cabo a súa actividade. Iso implica unha demanda doutro conxunto de produtos e servizos e de postos de traballo para a súa consecución, é dicir, son produción que existe debido á demanda inicial de bens e servizos por parte do propio campus.

Para obter a súa produción, as actividades económicas nas que os centros de gasto do Campus Terra xeraron un impacto indirecto a través dos seus provedores na economía provincial ascende a algo máis dun millón de euros de produción en todas as ramas da economía, dos cales o 46,82% se corresponden co VEB xerado (506 mil euros), e o importe restante, coa demanda intermedia doutras actividades. En termos de emprego, este impacto indirecto tradúcese en 8,8 empregos equivalentes a xornada completa.

O cadro 4.2 mostra o impacto indirecto sobre o VEB e o emprego segundo a súa distribución sectorial, presentando aquelas ramas de actividade para as que se obteñen os impactos máis substanciais, xa sexa respecto a renda ou emprego. As ramas incluídas representan arredor do 64% do emprego indirecto xerado polo gasto do Campus Terra e máis do 70% do VEB. A rama R68 (actividades inmobiliarias) é a que goza de maior representación no VEB, cun 14,19% total, pero apenas xera emprego (0,99%). A rama da construción (R41_43) é a segunda en xeración de VEB indirecto cun 11,16% do total e ademais é a que xera ou mantén unha maior cantidade de emprego, con case o 12% do total. A rama R35_39M (fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor, aire acondicionado; subministración de auga, saneamento, xestión de residuos e descontaminación) ten un comportamento similar a das actividades inmobiliarias pois o seu peso relativo en termos do VEB indirecto é substancial (6,25%), mais ten un efecto sobre o emprego reducido (1,07%). Entre o 5% e o 10% do total do VEB tamén se atopa a rama de comercio polo xunto (R46), a cal en termos de xeración de emprego indirecto ten un peso relativo un pouco inferior ca en termos de renda.

Cadro 4.2. Impacto indirecto dos gasto do Campus Terra

	% VEB/Produción	VEB (miles €)	% VEB total	Empregos Equivalentes a Tempo Completo (ETC)	% ETC total
R68	92,51	71,755	14,19	0,09	0,99
R41_43	49,39	56,393	11,16	1,05	11,97

R46	45,49	31,692	6,27	0,51	5,81
R35_39M	40,99	31,618	6,25	0,09	1,07
R52	35,22	24,021	4,75	0,29	3,25
R80_82	67,18	21,790	4,31	0,94	10,72
R49	36,96	21,452	4,24	0,49	5,58
R64	63,49	18,993	3,76	0,14	1,56
R69_70	61,21	17,723	3,51	0,55	6,29
R74_75	78,44	15,266	3,02	0,20	2,28
R01	47,85	14,072	2,78	0,34	3,92
R71	53,03	11,564	2,29	0,33	3,72
R33	46,28	9,847	1,95	0,23	2,58
R78	93,95	8,610	1,70	0,33	3,75
Resto	35,68	150,72	29,81	3,22	36,52
Total	52,11	505,51	100,00	8,80	100,00

Fonte: elaboración propia

Dende o punto de vista do emprego aparte da xa comentada da construción, destaca a contribución na xeración de emprego indirecto da R80_82 (actividades de seguridade e investigación; servizos a edificios e actividades de xardinaría; actividades administrativas de oficina e outras actividades auxiliares das empresas) cun 10,72% do total. Tamén merecen mención a rama de actividades xurídicas e de contabilidade; actividades das sedes centrais; actividades de consultaría e de xestión empresarial (R69_70) cun 6,29% dos postos de traballo indirectos totais e a rama de transporte (R49) cun 5,58%.

4.3.3. Impacto inducido

O impacto inducido é aquel que rexistra a actividade económica e o emprego como consecuencia do consumo privado que efectúan os traballadores das actividades económicas receptoras do gasto do Campus Terra tanto de forma directa como indirecta.

O abastecemento directo e indirecto das demandas por parte de ditas actividades xera rendas que chegan aos fogares en forma de salarios. Estes ingresos adicionais, en parte, son gastados en bens e servizos domésticos, o que provoca os impactos económicos inducidos. Á súa vez, este novo consumo ou maior demanda require incrementos de produción e emprego para ser satisfeita, o que xera novas rendas do traballo e novas roldas de efectos inducidos a través do consumo dos fogares.

O impacto inducido derivado do centros de gasto do Campus Terra na economía provincial ascende a 1,1 millóns de euros de produción, dos cales 0,63 millóns

(56,08%) se corresponden co VEB xerado, e o importe restante, coa demanda intermedia doutras actividades. En termos de emprego, este impacto inducido está asociado a 10,7 empregos equivalentes a tempo completo.

O cadro 4.3 mostra o efecto inducido sobre o VEB e o emprego e a súa distribución sectorial para as ramas de actividade máis relevantes. As ramas incluídas no cadro 4.3 acumulan arredor do 80% do VEB e dos emprego a tempo completo xerados de forma inducida. Unha vez máis, a rama R68 (actividades inmobiliarias) representa máis dun cuarto do impacto sobre o VEB pero apenas xera emprego. As pautas de consumo da poboación levan a que as actividades de hostalaría (R56) e comercio polo miúdo sexan as dúas seguintes en xeración de VEB inducido, co 13,15% e o 9,96% respectivamente. Estas dúas ramas de actividade son ademais, aínda que na orde inversa, as de maior efecto inducido sobre o emprego, xerando máis dunha quinta parte o comercio e o 13,04% a hostalaría. O resto de ramas de actividade xeran menos do 5% do VEB inducido total pero en termos de emprego hai tres que si superan ese limiar. Ditas ramas son a sanidade e os servizos sociais de mercado (R86_88M) cun 8,69% e as ramas R96 (outros servizos persoais) e R97 (actividades dos fogares como empregadores de persoal doméstico) que, se ben non presentan un impacto inducido moi elevado en termos de VEB, si son importantes fontes de emprego, superando en ambos os casos o 5,0% do total.

Cadro 4.3. Impacto inducido dos gasto do Campus Terra

	% VEB/Produción	VEB (miles €)	% VEB total	Empregos Equivalentes a Tempo Completo (ETC)	% ETC total
R68	92,51	162,25	25,79%	0,20	1,84%
R56	53,26	82,70	13,15%	1,40	13,04%
R47	65,22	62,68	9,96%	2,23	20,86%
R86_88M	61,00	28,53	4,54%	0,93	8,69%
R35_39M	40,99	27,95	4,44%	0,08	0,78%
R46	45,49	24,27	3,86%	0,39	3,66%
R01	47,85	20,04	3,19%	0,49	4,59%
R90_93	57,47	19,85	3,16%	0,38	3,52%

R64	63,49	17,76	2,82%	0,13	1,20%
R41_43	49,39	15,52	2,47%	0,29	2,71%
R97	100,00	12,75	2,03%	0,54	5,06%
R96	62,87	11,42	1,82%	0,61	5,72%
R45	39,95	11,03	1,75%	0,36	3,35%
R80_82	67,18	6,77	1,08	0,29	2,74
Resto	38,97	125,53	19,95	2,38	22,25
Total	56,08	629,06	100,00	10,71	100,00

Fonte: elaboración propia

4.4. O impacto total asociado ao gasto do Campus Terra

O impacto total dos gastos efectuados polo Campus Terra sobre o VEB no curso 2023-2024 estímase en 2,1 millóns de euros, dos cales o 70% se corresponde aos impactos directo e indirecto, e o restante correspóndese co efecto inducido.

O gasto efectuado pola unidades do Campus Terra e moi diverso en termos sectoriais, o que leva a que os efectos pola economía lucense se produzan na maioría de ramas de actividade. Porén, os maiores efectos danse naquelas ramas que teñen un impacto directo, como se pode observar nos cadros dos epígrafes precedentes así como nos cadros 4.4 e 4.5. Tan só destacan dúas ramas en canto a impacto total sobre o VEB que, sen ter recibido gasto directo, superan o 1% sobre o total. As citadas ramas son a R64 (Servizos financeiros, agás seguros e fondos de pensións) e a R61 (Telecomunicacións) co 1,7% e 1,1% do VEB total respectivamente. A importancia da primeira ven dada polo impacto indirecto e no segundo polo impacto inducido.

Cadro 4.4. Impacto total sobre o VEB dos gasto do Campus Terra (miles de €)

Sector	Rama	Impacto directo e indirecto	% sobre total	Impacto inducido	% sobre total	Impacto total	% sobre total
Agricultura, Gandaría e Pesca	R01	82,8	5,6	20,0	3,2	102,9	4,9
	R02	3,5	0,2	0,5	0,1	4,1	0,2
	R03A	0,6	0,0	2,1	0,3	2,7	0,1
	R03B	0,4	0,0	1,6	0,3	2,1	0,1
Industria extractiva	R05_09	2,8	0,2	0,3	0,0	3,1	0,1
	R10A	0,7	0,0	4,6	0,7	5,3	0,3
	R10B	0,5	0,0	1,4	0,2	1,9	0,1

Industria manufacturei ra	R10C	0,8	0,1	1,4	0,2	2,1	0,1
	R10D	3,4	0,2	0,8	0,1	4,2	0,2
	R10E	2,1	0,1	2,4	0,4	4,6	0,2
	R11_12	1,7	0,1	4,7	0,7	6,4	0,3
	R13	0,2	0,0	0,1	0,0	0,3	0,0
	R14_15	0,4	0,0	0,6	0,1	1,0	0,0
	R16	2,1	0,1	0,3	0,0	2,4	0,1
	R17	0,9	0,1	0,4	0,1	1,3	0,1
	R18	17,5	1,2	0,5	0,1	18,0	0,9
	R19	2,7	0,2	1,5	0,2	4,2	0,2
	R20_21	2,8	0,2	0,4	0,1	3,2	0,2
	R22	2,0	0,1	0,5	0,1	2,4	0,1
	R23	6,7	0,5	0,5	0,1	7,2	0,3
	R24	3,0	0,2	0,2	0,0	3,2	0,2
	R25	41,3	2,8	1,2	0,2	42,5	2,0
	R26	0,4	0,0	0,1	0,0	0,5	0,0
	R27	2,0	0,1	0,2	0,0	2,2	0,1
	R28	1,4	0,1	0,2	0,0	1,7	0,1
	R29	0,2	0,0	0,1	0,0	0,4	0,0
	R30	0,0	0,0	0,0	0,0	0,1	0,0
R31	11,5	0,8	0,5	0,1	12,0	0,6	
R32	47,9	3,2	0,5	0,1	48,4	2,3	
R33	12,5	0,8	3,1	0,5	15,6	0,7	
Enerxía, gas e abastecemen to de auga	R35_R39	42,5	2,9	28,0	4,4	70,5	3,3
	R37_38N M	0,0	0,0	0,5	0,1	0,5	0,0
Construción	R41_43	182,3	12,3	15,5	2,5	197,9	9,4
Comercio, hostalería e transporte	R45	10,6	0,7	11,0	1,8	21,7	1,0
	R46	85,0	5,8	24,3	3,9	109,3	5,2
	R47	241,9	16,4	62,7	10,0	304,5	14,5
	R49	68,1	4,6	10,9	1,7	79,0	3,8
	R50_51	1,6	0,1	0,7	0,1	2,2	0,1
	R52	24,7	1,7	8,0	1,3	32,7	1,6
	R53	3,6	0,2	1,7	0,3	5,3	0,3
	R55	16,6	1,1	6,9	1,1	23,5	1,1
R56	35,1	2,4	82,7	13,1	117,8	5,6	
	R58	12,0	0,8	1,1	0,2	13,0	0,6

Actividades de información e comunicación	R59_60	7,3	0,5	0,6	0,1	7,9	0,4
	R61	9,5	0,6	12,7	2,0	22,2	1,1
	R62_63	15,7	1,1	2,6	0,4	18,3	0,9
Servizos financeiros e actividades de inmobles	R64	19,0	1,3	17,8	2,8	36,8	1,7
	R65	5,7	0,4	6,5	1,0	12,2	0,6
	R66	8,4	0,6	8,7	1,4	17,1	0,8
	R68	72,0	4,9	162,3	25,8	234,2	11,1
Actividades profesionais	R69_70	30,5	2,1	7,0	1,1	37,5	1,8
	R71	74,6	5,1	2,7	0,4	77,3	3,7
	R72	1,3	0,1	0,0	0,0	1,3	0,1
	R73	14,6	1,0	0,7	0,1	15,3	0,7
	R74_75	23,9	1,6	5,1	0,8	29,0	1,4
Actividades de alugueiro, axencias de viaxes e actividades auxiliares	R77	7,1	0,5	1,8	0,3	8,9	0,4
	R78	8,6	0,6	1,8	0,3	10,4	0,5
	R79	33,3	2,3	1,1	0,2	34,3	1,6
	R80_82	91,1	6,2	6,8	1,1	97,9	4,6
AAPP	R84	0,0	0,0	0,8	0,1	0,8	0,0
Educación	R85M	14,3	1,0	9,7	1,5	24,0	1,1
	R85NM	0,0	0,0	1,3	0,2	1,3	0,1
Sanidade e servizos sociais	R86_88M	5,3	0,4	28,5	4,5	33,9	1,6
	R86_88NM	0,0	0,0	0,4	0,1	0,4	0,0
Servizos culturais, deportivos e de ocio	R90_93	48,6	3,3	19,8	3,2	68,4	3,3
	R94	3,5	0,2	0,7	0,1	4,2	0,2
	R95	0,9	0,1	0,9	0,2	1,8	0,1
	R96	2,5	0,2	11,4	1,8	13,9	0,7
	R97	0,0	0,0	12,8	2,0	12,8	0,6
Total	TOTAL	1.476,5	100,0	629,1	100,0	2.105,6	100,0

Fonte: elaboración propia

As pautas de consumo da poboación en xeral, e do persoal en particular, levan a que o comercio polo miúdo (R47) sexa a actividade con maior impacto en termos de renda, con 14,5% do total e xerando ademais o 23,5% do emprego equivalente a tempo completo. En segundo lugar atópanse as actividades inmobiliarias (R68)

cun 11,1% pero con apenas impacto sobre o emprego (0,6%). En terceiro lugar en termos de VEB atópanse a construción (R41_43) cun 9,4% e que ademais xera o 8% do emprego. Entre o abano do 5% e o 10% do impacto total tamén se atopan as ramas de comercio polo xunto (R46) cun 5,2% do VEB e a hostalaría (R56) cun 5,6%. Estas dúas ramas teñen un peso inferior en termos de emprego, representando o 3,8% e o 4,3% respectivamente. O resto de ramas vense impactadas en maior ou menor medida, pero sempre por debaixo do 5% do VEB total. Nese grupo destacan a rama R80_82 (actividades de seguridade e investigación; servizos a edificios e actividades de xardinería; actividades administrativas de oficina e outras actividades auxiliares das empresas) co 4,6% do VEB total, pero a súa importancia débese principalmente a o seu efecto sobre o emprego, xerando ou mantendo o 9,2% do total. Tamén a agricultura e gandaría (R01) merece mención cun 4,9% do VEB e un 5,6% dos postos de traballo a tempo completo.

Cadro 4.5. Impacto total sobre o emprego dos gasto do Campus Terra (ETC)

Sector	Rama	Impacto directo e indirecto	% sobre total	Impacto inducido	% sobre total	Impacto total	% sobre total
Agricultura, Gandaría e Pesca	R01	2,0	5,7	0,5	4,6	2,5	5,5
	R02	0,1	0,2	0,0	0,1	0,1	0,2
	R03A	0,0	0,1	0,1	0,6	0,1	0,2
	R03B	0,0	0,0	0,0	0,4	0,1	0,1
Industria extractiva	R05_09	0,1	0,2	0,0	0,1	0,1	0,2
Industria manufacturera	R10A	0,0	0,0	0,1	0,9	0,1	0,2
	R10B	0,0	0,0	0,0	0,4	0,1	0,1
	R10C	0,0	0,0	0,0	0,2	0,0	0,1
	R10D	0,1	0,2	0,0	0,1	0,1	0,2
	R10E	0,1	0,2	0,1	0,7	0,1	0,3
	R11_12	0,0	0,0	0,0	0,4	0,1	0,1
	R13	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0
	R14_15	0,0	0,0	0,0	0,1	0,0	0,0
	R16	0,1	0,1	0,0	0,1	0,1	0,1
	R17	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0
	R18	0,5	1,5	0,0	0,2	0,6	1,2
	R19	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0
R20_21	0,0	0,1	0,0	0,0	0,0	0,0	0,1

	R22	0,0	0,1	0,0	0,1	0,0	0,1
	R23	0,2	0,5	0,0	0,1	0,2	0,4
	R24	0,0	0,1	0,0	0,0	0,0	0,1
	R25	0,9	2,5	0,0	0,2	0,9	2,0
	R26	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0
	R27	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0
	R28	0,0	0,1	0,0	0,0	0,0	0,1
	R29	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0
	R30	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0
	R31	0,3	1,0	0,0	0,1	0,4	0,8
	R32	1,4	4,0	0,0	0,1	1,4	3,1
	R33	0,3	0,8	0,1	0,7	0,4	0,8
Energía, gas e abastecemento de auga	R35_R39	0,1	0,4	0,1	0,8	0,2	0,5
	R37_38N M	0,0	0,0	0,0	0,1	0,0	0,0
Construción	R41_43	3,4	9,6	0,3	2,7	3,7	8,0
Comercio, hostalería e transporte	R45	0,3	1,0	0,4	3,3	0,7	1,5
	R46	1,4	3,9	0,4	3,7	1,8	3,8
	R47	8,6	24,3	2,2	20,9	10,8	23,5
	R49	1,6	4,4	0,3	2,3	1,8	3,9
	R50_51	0,0	0,1	0,0	0,1	0,0	0,1
	R52	0,3	0,8	0,1	0,9	0,4	0,8
	R53	0,1	0,3	0,1	0,5	0,2	0,4
	R55	0,4	1,1	0,2	1,5	0,6	1,2
	R56	0,6	1,7	1,4	13,0	2,0	4,3
Actividades de información e comunicación	R58	0,3	0,9	0,0	0,3	0,3	0,7
	R59_60	0,1	0,4	0,0	0,1	0,1	0,3
	R61	0,0	0,1	0,0	0,4	0,1	0,2
	R62_63	0,4	1,0	0,1	0,5	0,4	0,9
Servizos financeiros e actividades de inmobles	R64	0,1	0,4	0,1	1,2	0,3	0,6
	R65	0,0	0,0	0,0	0,1	0,0	0,1
	R66	0,1	0,4	0,1	1,3	0,3	0,6
	R68	0,1	0,2	0,2	1,8	0,3	0,6
Actividades profesionais	R69_70	1,0	2,7	0,2	2,0	1,2	2,5
	R71	2,1	6,0	0,1	0,7	2,2	4,7

	R72	0,0	0,1	0,0	0,0	0,0	0,1
	R73	0,5	1,5	0,0	0,2	0,6	1,2
	R74_75	0,3	0,9	0,1	0,6	0,4	0,8
Actividades de alugueiro, axencias de viaxes e actividades auxiliares	R77	0,1	0,3	0,0	0,3	0,1	0,3
	R78	0,3	0,9	0,1	0,7	0,4	0,9
	R79	1,1	3,1	0,0	0,3	1,1	2,5
	R80_82	3,9	11,1	0,3	2,7	4,2	9,2
AAPP	R84	0,0	0,0	0,0	0,1	0,0	0,0
Educación	R85M	0,4	1,0	0,2	2,3	0,6	1,3
	R85NM	0,0	0,0	0,0	0,2	0,0	0,0
Sanidade e servizos sociais	R86_88M	0,2	0,5	0,9	8,7	1,1	2,4
	R86_88N M	0,0	0,0	0,0	0,1	0,0	0,0
Servizos culturais, deportivos e de ocio	R90_93	0,9	2,6	0,4	3,5	1,3	2,8
	R94	0,1	0,2	0,0	0,1	0,1	0,2
	R95	0,0	0,1	0,0	0,4	0,1	0,2
	R96	0,1	0,4	0,6	5,7	0,7	1,6
	R97	0,0	0,0	0,5	5,1	0,5	1,2
Total	TOTAL	35,5	1,0	10,7	1,0	46,2	100,0

Fonte: elaboración propia.

Capítulo V: O impacto económico total do Campus Terra

5.1. O Impacto económico total do gasto do Campus Terra

O valor total da produción provincial en 2023 vinculada ao Campus Terra é de máis de 75 millóns de euros, dos cales un 52% se corresponde ao impacto directo (39 millóns de euros), o 21,2% ao indirecto (15,9 millóns de euros) e o 26,8% ao efecto inducido (20,1 millóns). Dende o punto de vista dos axentes sociais que xeran este impacto total, o 5,5% é xerado polas unidades de gasto do propio campus, o 37,5% polos gastos realizados polos traballadores do campus na provincia e o 56,9% polos gastos vinculados aos estudantes.

Este impacto total sobre a produción implica un multiplicador de 1,92, é dicir, por cada euro de produción que xeran os gastos vinculados ao Campus Terra de forma directa, xéranse 0,92 € adicionais de produción como consecuencia dos efectos indirectos e inducidos.

Dado que a información da contabilidade rexional a nivel provincial só está publicada ata 2021, para estimar o impacto sobre a economía da provincia de Lugo pártese dos datos das Contas Económicas Trimestrais do IGE para 2023. Tendo en conta a evolución do peso relativo da provincia sobre o total da economía galega, estímase que o valor da produción vinculada ao impacto do Campus Terra representa entre un 0,82% e un 0,85% do total da economía provincial¹³. Este resultado está medio punto porcentual por debaixo ao estimado por Suriñach, Vayá e Murillo (2023) no estudo de impacto económico das universidades públicas españolas para 2021, que nos resultados provinciais determinan un impacto do 1,35% para Lugo. Agora ben, as diferenzas nos supostos, o método de territorialización, na información e o ano de cálculo son algúns dos factores que explican estas diferenzas.

Nas táboas seguintes preséntase o impacto total sobre a produción, o emprego e o VEB a economía da provincia de Lugo das actividades vinculadas ao Campus Terra, diferenciando por sectores de actividade e, á súa vez, por ramas de actividade.

Como se observa no cadro 5.1, o maior impacto sobre a produción dáse na rama de comercio polo miúdo (R47) con máis dunha quinta parte do impacto total (20,5%), o que supón uns 15,4 millóns de euros. Este impacto é principalmente directo (88,2%), é dicir, froito dos gastos realizados na provincia polos axentes implicados, especialmente estudantes e persoal. A segunda da rama en importancia é a de actividades inmobiliarias (R68) cun 14,3% do total, isto é un impacto total de 10,7 millóns de euros. E en terceiro lugar atópase a hostalaría (R56) cun 9,7% da produción total. No entorno do 6,5% do efecto total atopáranse

¹³ O peso da provincia de Lugo sobre o conxunto galego leva en descenso continuado dende 2015, sendo do 12,09% antes da pandemia e do 11,58% en 2021.

as ramas de abastecemento (R35_R39) e construción (R41_43) mentres que as restantes se atopan por debaixo do 3% do total.

Cadro 5.1. Impacto total sobre a produción por sectores económicos e ramas

(miles de euros)

Sector	Rama	Impacto directo	Impacto indirecto	Impacto inducido	Impacto total	% sobre total
Agricultura, Gandería e Pesca	R01	143,7	306,4	751,4	1.201,5	1,6
	R02	1,3	41,4	20,4	63,2	0,1
	R03A	0,0	47,0	66,0	113,0	0,2
	R03B	0,0	28,1	41,1	69,2	0,1
Industria extractiva	R05_09	0,0	57,5	10,5	68,0	0,1
Industria manufacturera	R10A	0,3	159,1	344,2	503,6	0,7
	R10B	0,0	119,5	160,5	280,0	0,4
	R10C	5,0	67,5	195,0	267,5	0,4
	R10D	1,0	103,4	172,3	276,6	0,4
	R10E	2,5	94,3	175,7	272,4	0,4
	R11_12	0,6	265,8	228,2	494,5	0,7
	R13	0,2	5,8	5,6	11,5	0,0
	R14_15	0,4	18,7	48,2	67,4	0,1
	R16	0,2	72,1	20,9	93,3	0,1
	R17	0,0	28,8	19,7	48,5	0,1
	R18	28,8	69,2	25,9	124,0	0,2
	R19	0,0	381,7	362,7	744,4	1,0
	R20_21	9,9	33,7	33,2	76,8	0,1
	R22	0,1	74,0	34,7	108,7	0,1
	R23	10,9	157,9	35,9	204,8	0,3
	R24	0,0	79,7	19,6	99,3	0,1
	R25	94,7	254,2	63,0	412,0	0,5
	R26	0,3	9,5	3,6	13,4	0,0
	R27	2,7	31,2	10,9	44,8	0,1
	R28	0,8	36,0	13,7	50,6	0,1
R29	0,0	17,3	15,0	32,3	0,0	
R30	0,0	0,4	5,6	5,9	0,0	

	R31	32,4	35,4	28,2	96,0	0,1
	R32	102,9	12,1	18,8	133,8	0,2
	R33	5,7	253,9	121,3	381,0	0,5
Energía, gas e abastecemento de auga	R35_R39	1.894,8	1.867,2	1.223,1	4.985,1	6,6
	R37_38NM	0,0	0,0	74,4	74,4	0,1
Construción	R41_43	2505,6	1768,0	563,5	4837,1	6,4
	R45	685,8	211,3	495,4	1.392,5	1,9
	R46	117,2	882,9	957,0	1.957,0	2,6
Comercio, hostalería e transporte	R47	13.570,1	94,9	1.723,9	15.388,9	20,5
	R49	903,8	618,6	531,1	2.053,5	2,7
	R50_51	0,0	30,9	53,3	84,2	0,1
	R52	1,9	706,5	407,1	1.115,5	1,5
	R53	0,0	116,5	50,1	166,7	0,2
	R55	1.553,3	101,5	211,0	1.865,9	2,5
	R56	4.305,5	168,9	2.785,3	7.259,8	9,7
Actividades de información e comunicación	R58	21,4	64,3	43,5	129,2	0,2
	R59_60	260,6	35,9	16,4	312,9	0,4
	R61	788,0	295,8	447,5	1.531,2	2,0
	R62_63	12,4	243,1	79,7	335,1	0,4
Servizos financeiros e actividades de inmobles	R64	0,0	709,7	501,6	1.211,3	1,6
	R65	395,4	218,9	310,3	924,6	1,2
	R66	0,0	447,1	334,1	781,3	1,0
	R68	5.410,9	2.157,6	3.146,1	10.714,6	14,3
	R69_70	429,7	506,2	205,3	1.141,2	1,5
Actividades profesionais	R71	118,9	197,7	89,8	406,4	0,5
	R72	2,3	0,0	0,0	2,3	0,0
	R73	37,9	96,4	38,6	172,8	0,2
	R74_75	11,0	188,1	116,7	315,8	0,4
Actividades de alugueiro, axencias de viaxes e	R77	1,7	129,1	64,7	195,4	0,3
	R78	0,0	117,0	35,1	152,0	0,2
	R79	236,5	32,6	64,9	333,9	0,4
	R80_82	103,2	439,9	180,9	723,9	1,0

actividades auxiliares						
AAPP	R84	0,0	0,0	18,7	18,7	0,0
Educación	R85M	2.003,8	99,9	203,6	2307,3	3,1
	R85NM	0,0	0,0	24,5	24,5	0,0
Sanidade e servizos sociais	R86_88M	1.020,0	229,7	839,0	2.088,7	2,8
	R86_88N M	0,0	0,0	10,8	10,8	0,0
Servizos culturais, deportivos e de ocio	R90_93	1245,8	151,6	619,5	2.016,8	2,7
	R94	0,6	44,7	18,8	64,1	0,1
	R95	0,0	19,8	27,6	47,5	0,1
	R96	422,1	59,3	326,0	807,3	1,1
	R97	521,2	0,0	228,7	750,0	1,0
Total	TOTAL	39.025,9	15.913,0	20.119,4	75.058,3	100,0

Fonte: Elaboración propia

En termos de VEB, o impacto total do Campus Terra ascende a 44,5 millóns de euros, dos cales un 56,1 % lle corresponde ao impacto directo (25 millóns de euros), o 18,6 % ao indirecto (8,3 millóns) e o restante 25,3 % ao inducido (11,3 millóns). O multiplicador total do VEB é de 1,78, polo que por cada euro de VEB que se xera de forma directa grazas aos gastos vinculados ao Campus Terra, xéranse 0,78 € adicionais de VEB a través dos efectos indirectos e inducidos.

Como é lóxico, en termos de VEB, a distribución do impacto total non muda de xeito substancial (Cadro 5.2). As diferenzas obsérvanse no incremento ou descenso de peso relativo das ramas de actividade pero sen mudar as posicións. O comercio polo miúdo, as actividades inmobiliarias e a construción incrementan a súa representación sobre o total, mentres que a rama de abastecemento e a de hostalaría perden peso relativo.

Cadro 5.2. Impacto total sobre o VEB por sectores económicos e ramas
(miles de euros)

Sector	Rama	Impacto directo	Impacto indirecto	Impacto inducido	Impacto total	% sobre total
Agricultura, Gandaría e Pesca	R01	68,8	146,6	359,5	574,9	1,1
	R02	0,6	19,3	9,5	29,4	0,1
	R03A	0,0	27,0	37,9	64,9	0,1
	R03B	0,0	19,8	29,0	48,9	0,1

Industria extractiva	R05_09	0,0	25,1	4,6	29,7	0,1
Industria manufacturera	R10A	0,1	38,1	82,5	120,7	0,2
	R10B	0,0	18,9	25,4	44,3	0,1
	R10C	0,6	8,4	24,4	33,4	0,1
	R10D	0,1	9,0	14,9	24,0	0,0
	R10E	0,6	23,5	43,8	67,9	0,1
	R11_12	0,2	98,3	84,4	182,9	0,4
	R13	0,1	1,9	1,8	3,8	0,0
	R14_15	0,1	4,4	11,3	15,8	0,0
	R16	0,1	17,0	4,9	22,0	0,0
	R17	0,0	9,7	6,7	16,4	0,0
	R18	10,9	26,2	9,8	46,8	0,1
	R19	0,0	28,7	27,3	56,0	0,1
	R20_21	1,9	6,5	6,4	14,7	0,0
	R22	0,0	18,0	8,4	26,4	0,1
	R23	2,7	39,3	8,9	51,0	0,1
	R24	0,0	13,4	3,3	16,7	0,0
	R25	31,7	85,0	21,1	137,8	0,3
	R26	0,1	4,0	1,5	5,6	0,0
	R27	1,0	11,8	4,1	16,9	0,0
	R28	0,2	11,3	4,3	15,8	0,0
R29	0,0	2,5	2,2	4,6	0,0	
R30	0,0	0,1	0,9	0,9	0,0	
R31	10,7	11,7	9,3	31,7	0,1	
R32	44,5	5,2	8,1	57,8	0,1	
R33	2,7	117,5	56,2	176,3	0,4	
Energía, gas e abastecemento de auga	R35_R39	776,7	765,4	501,3	2.043,4	5,0
	R37_38NM	0,0	0,0	8,8	8,8	0,0
Construción	R41_43	1237,6	873,3	278,3	2.389,2	7,1
Comercio, hostalería e transporte	R45	274,0	84,4	197,9	556,3	1,9
	R46	53,3	401,6	435,3	890,2	1,8
	R47	8850,3	61,9	1.124,3	10.036,5	23,7
	R49	334,1	228,6	196,3	759,0	1,6
	R50_51	0,0	7,0	12,1	19,1	0,0

	R52	0,7	248,8	143,4	392,9	0,8
	R53	0,0	72,4	31,2	103,6	0,2
	R55	910,3	59,5	123,7	1.093,4	2,2
	R56	2292,9	90,0	1.483,4	3.866,3	8,5
Actividades de información e comunicación	R58	9,3	28,0	19,0	56,3	0,1
	R59_60	165,3	22,8	10,4	198,5	0,4
	R61	401,4	150,7	227,9	780,0	1,9
	R62_63	7,2	142,3	46,7	196,2	0,4
Servizos financeiros e actividades de inmoables	R64	0,0	450,6	318,5	769,1	1,5
	R65	147,8	81,8	116,0	345,7	1,2
	R66	0,0	207,8	155,3	363,1	0,7
	R68	5005,4	1.996,0	2.910,4	9.911,7	19,9
Actividades profesionais	R69_70	263,0	309,8	125,6	698,5	1,7
	R71	63,1	104,8	47,6	215,5	0,4
	R72	1,3	0,0	0,0	1,3	0,0
	R73	12,3	31,2	12,5	56,0	0,1
	R74_75	8,6	147,6	91,5	247,7	0,5
Actividades de alugueiro, axencias de viaxes e actividades auxiliares	R77	0,8	65,9	33,0	99,8	0,2
	R78	0,0	109,9	32,9	142,8	0,3
	R79	68,9	9,5	18,9	97,3	0,4
	R80_82	69,3	295,5	121,5	486,4	1,0
AAPP	R84	0,0	0,0	13,8	13,8	0,0
Educación	R85M	1704,9	85,0	173,3	1.963,1	4,0
	R85NM	0,0	0,0	22,7	22,7	0,0
Sanidade e servizos sociais	R86_88M	622,2	140,1	511,8	1.274,1	2,9
	R86_88NM	0,0	0,0	6,8	6,8	0,0
Servizos culturais, deportivos e de ocio	R90_93	715,9	87,1	356,0	1.159,1	2,6
	R94	0,4	29,2	12,3	41,8	0,1
	R95	0,0	12,2	17,0	29,1	0,1
	R96	265,3	37,3	204,9	507,5	1,1
	R97	521,2	0,0	228,7	750,0	1,5
Total	TOTAL	24.961,2	8.286,0	11.283,4	44.530,7	1,0

Fonte: Elaboración propia

En termos de mantemento e creación de emprego, o gasto realizado polos distintos axentes vinculados ao Campus Terra é de 878 postos de traballo equivalentes a tempo completo, dos que o 64,3 % se corresponde co impacto directo (564), o 13,8 % co indirecto (121) e o 21,9 % co inducido (192). Este resultado tradúcese nun multiplicador de emprego de 1,55, isto é, por cada emprego directo derivados dos gastos directos vinculados aos axentes do Campus Terra, xéranse outros 0,55 empregos máis a consecuencia dos impactos indirecto e inducido.

Ao igual que con produción e VEB. Unha vez máis, a rama R47 de comercio polo miúdo destaca con moita diferenza sobre as demais, pois acumula o 40,7 % do impacto total sobre o emprego, sendo dito efecto principalmente directo (88,2 % do seu impacto). A segunda rama en importancia no efecto sobre o emprego é a da hostalaría (R56) que representa un 7,4 % do total. Tamén a construción (R41_43) ten un impacto significativo, cun 5,1 % do total de emprego. Neste senso, aparece tamén a rama de educación de mercado (R85M) que grazas aos gastos principalmente de estudantes e persoal do campus, xera un 5,7 % do emprego total, isto son 51 postos de traballo a tempo completo xerados principalmente de forma directa.

En contraposición co observado nos resultados de produción e VEB, nos cales as actividades inmobiliarias (R68) e as de abastecemento (R35_39) tiñan un forte impacto, en termos de emprego a súa achega é moi baixa, con tan só 12 e 6 postos de traballo equivalentes a tempo completo respectivamente, o que representa en cada caso un 1,4 % e un 0,7 % do total

Cadro 5.3. Impacto total sobre o emprego por sectores económicos e ramas (ETC)

Sector	Rama	Impacto directo	Impacto indirecto	Impacto inducido	Impacto total	% sobre total
Agricultura, Gandaría e Pesca	R01	1,7	3,6	8,8	14,1	1,6
	R02	0,0	0,4	0,2	0,6	0,1
	R03A	0,0	0,8	1,2	2,0	0,2
	R03B	0,0	0,5	0,7	1,3	0,1
Industria extractiva	R05_09	0,0	0,7	0,1	0,8	0,1
	R10A	0,0	0,8	1,8	2,6	0,3
	R10B	0,0	0,5	0,7	1,2	0,1

Industria manufacturei ra	R10C	0,0	0,1	0,4	0,6	0,1
	R10D	0,0	0,2	0,3	0,4	0,1
	R10E	0,0	0,8	1,4	2,2	0,3
	R11_12	0,0	1,0	0,8	1,8	0,2
	R13	0,0	0,1	0,1	0,2	0,0
	R14_15	0,0	0,1	0,3	0,4	0,0
	R16	0,0	0,4	0,1	0,5	0,1
	R17	0,0	0,1	0,0	0,1	0,0
	R18	0,3	0,8	0,3	1,4	0,2
	R19	0,0	0,1	0,1	0,2	0,0
	R20_21	0,0	0,1	0,1	0,1	0,0
	R22	0,0	0,3	0,2	0,5	0,1
	R23	0,1	1,1	0,2	1,4	0,2
	R24	0,0	0,1	0,0	0,1	0,0
	R25	0,7	1,8	0,5	3,0	0,3
	R26	0,0	0,0	0,0	0,1	0,0
	R27	0,0	0,0	0,0	0,1	0,0
	R28	0,0	0,2	0,1	0,3	0,0
	R29	0,0	0,0	0,0	0,1	0,0
	R30	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0
R31	0,3	0,3	0,3	0,9	0,1	
R32	1,3	0,2	0,2	1,7	0,2	
R33	0,1	2,7	1,3	4,1	0,5	
Enerxía, gas e abastecemen to de auga	R35_R39	2,3	2,3	1,5	6,1	0,7
	R37_38N M	0,0	0,0	0,2	0,2	0,0
Construción	R41_43	23,1	16,3	5,2	44,6	5,1
Comercio, hostalería e transporte	R45	8,9	2,7	6,4	18,1	2,1
	R46	0,9	6,5	7,0	14,4	1,6
	R47	315,3	2,2	40,1	357,5	40,7
	R49	7,6	5,2	4,5	17,4	2,0
	R50_51	0,0	0,1	0,2	0,3	0,0
	R52	0,0	3,0	1,7	4,7	0,5
	R53	0,0	2,2	1,0	3,2	0,4
	R55	21,9	1,4	3,0	26,3	3,0
R56	38,7	1,5	25,0	65,3	7,4	
	R58	0,2	0,7	0,5	1,5	0,2

Actividades de información e comunicación	R59_60	3,1	0,4	0,2	3,7	0,4
	R61	1,3	0,5	0,7	2,5	0,3
	R62_63	0,2	3,2	1,0	4,4	0,5
Servizos financeiros e actividades de inmobles	R64	0,0	3,2	2,3	5,5	0,6
	R65	0,3	0,2	0,2	0,7	0,1
	R66	0,0	3,3	2,4	5,7	0,6
	R68	6,1	2,4	3,5	12,1	1,4
Actividades profesionais	R69_70	8,2	9,7	3,9	21,8	2,5
	R71	1,8	3,0	1,3	6,1	0,7
	R72	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0
	R73	0,5	1,1	0,5	2,1	0,2
	R74_75	0,1	1,9	1,2	3,3	0,4
Actividades de alugueiro, axencias de viaxes e actividades auxiliares	R77	0,0	1,1	0,5	1,6	0,2
	R78	0,0	4,2	1,3	5,5	0,6
	R79	2,3	0,3	0,6	3,2	0,4
	R80_82	3,0	12,8	5,3	21,1	2,4
AAPP	R84	0,0	0,0	0,2	0,2	0,0
Educación	R85M	43,8	2,2	4,5	50,5	5,7
	R85NM	0,0	0,0	0,4	0,4	0,0
Sanidade e servizos sociais	R86_88M	20,3	4,6	16,7	41,6	4,7
	R86_88NM	0,0	0,0	0,1	0,1	0,0
Servizos culturais, deportivos e de ocio	R90_93	13,6	1,7	6,8	22,0	2,5
	R94	0,0	0,7	0,3	1,0	0,1
	R95	0,0	0,5	0,7	1,3	0,1
	R96	14,2	2,0	11,0	27,2	3,1
	R97	22,1	0,0	9,7	31,8	3,6
Total	TOTAL	564,4	121,2	192,0	877,6	100,0

Fonte: Elaboración propia

Porén, os 878 postos de traballo equivalentes a tempo completo son resultado dos gastos realizados polo campus e os estudantes e traballadores na provincia, máis para obter o impacto total sobre o emprego hai que engadir os postos de traballo

directos que xera o campus na provincia¹⁴, que ascenden a 468. Por tanto, o efecto total do Campus Terra sobre o nivel de emprego da provincia é de 1.345,6.

A contabilidade rexional a nivel provincial só está dispoñible ata 2021, non obstante dispónse de datos de emprego da EPA e da Seguridade Social para 2023. Neste ano, segundo a EPA, na provincia de Lugo había 137.700 ocupados, polo tanto, o emprego vinculado ao impacto total do campus representaría o 0,98% do total da economía provincial. Tomando o Emprego na Seguridade Social e mutualidades en 2023 (IGE) o impacto relativo incrementaríase ata o 1,1% da economía provincial.

Estes resultados están unha vez máis e polos mesmos motivos, por debaixo do estimado por Suriñach, Vayá e Murillo (2023) no estudo de impacto económico das universidades públicas españolas para 2021, que nos resultados provinciais determinan un impacto do 1,45 % para Lugo.

En calquera caso, hai que indicar que os resultados obtidos en termos de impacto económico están necesariamente subestimando o impacto real, debido a unha serie de factores. O principio de prudencia, que debe guiar a elaboración de análises de impacto económico, lévanos a non considerar diferentes fontes de gasto. Podemos citar algúns exemplos:

- Impacto inducido xérase a través da totalidade de rendas que perciben os fogares derivadas dos gastos directos do Campus Terra. Porén, a falta de información sobre rendas mixtas lévanos a que na estimación só consideremos as rendas salariais. Unha parte das rendas dos fogares queda fora da análise.
- É posible que existan gastos que non quedasen reflectidos para que as enquisas fosen manexables. Tamén hai que engadir que non se tiveron en conta, no caso dos estudantes, os gastos realizados en roupa e complementos, pois a pesar de declarar que si realizaban este tipo de gasto non foron capaces de cuantificalos.
- O Campus Terra recibe profesores visitantes e tamén conferenciantes en diversas ocasións durante o curso académico. Non obstante non se dispón de información suficiente que permita calcular a súa magnitude e estrutura de gasto na provincia.
- No Campus Terra, non de forma periódica, organízanse xornadas, congresos, etc. Non se dispón de suficiente información para poder consideralos.
- O impacto do Campus Terra tamén debe considerar os contratos e concesións de determinados servizos, como por exemplo as cafeterías, que xeran actividade económica e emprego. Non se dispón desta información no caso analizado.

¹⁴ O 63,85 % do persoal do Campus Terra reside na provincial de Lugo.

- O gasto por parte da universidade vinculado ao Campus Terra non só é o efectuado polas unidades de gasto do propio Campus, senón tamén aquel realizado dende Santiago na provincia de Lugo para prover ao Campus Terra. Porén esta información non é posible obtela.
- Non se incorpora valoración económica da investigación e da transferencia (p. ex. as patentes)

5.2. Comparacións con outras universidades

A modo de comparación, pero tendo en conta as diferencias en canto a metodoloxía (distintas enquisas, cobertura destas, ámbito xeográfico, etc.), nesta sección procedemos a facer unha comparación dos resultados obtidos cos presentados en informes de características similares realizados para outras universidades, campus ou conxunto de universidades.

Cadro 5.4. Comparación con outros estudos

		Valor producción	Multiplicador Producción	% PIB	Valor VEB	Multi VEB	Emprego (ETC)	% Empr ego total	Mult.Emp rego
GAME (2024)	Campus Terra	75M	1,92	0,82%- 0,85%	50M	1,64	878	0,98% -1,1%	1,55
IVIE (2015)	Universidades Públicas Comunidad Valenciana			1,91%				2,73%	
IVIE (2024)	Universidades Públicas Comunidad Valenciana			2,20%				2,40%	
Muñoz et al (2015)	Univ. Salamanca			0,90%				1,30%	
Consejo Social (2019)	Univ. Sevilla		2,64	1,2% (5% provinci al)		1,5			1,4
Consejo Social (2021)	Univ. Sevilla		2,8			1,56			
Romera et al (2021)	Universidades Públicas de Madrid			2,28%				2,51%	
Suriñach et al (2017)	Universidades Públicas de Cataluña			1,70%		1,44			1,55

Fonte: Elaboración propia

Da información contida no cadro 5.4 observamos que os resultados obtidos para o Campus Terra non se afastan moito dos obtidos noutros estudos. Comezando polo impacto sobre a produción, o multiplicador de 1,92 do Campus Terra é inferior (aínda que non moito) ao obtido para a Universidade de Sevilla nos anos 2019 e 2021. A diferenza virá dada, en parte, polo tamaño do campus e pola estrutura

sectorial da economía vinculada ao gasto da universidade, xa que esta determina a difusión dos efectos derivados do incremento na demanda. En termos de porcentaxe do PIB, o impacto do Campus Terra é similar ao da Universidade de Salamanca e lixeiramente inferior ao da Universidade de Sevilla en 2019.

Se facemos a comparación en termos do multiplicador do VEB o Campus Terra presenta un efecto multiplicador superior ao calculado para a Universidade de Sevilla (1,5 e 1,56 en 2019 e 2021, respectivamente), e superior ao do sistema universitario público catalán (1,44). Algo similar ocorre co multiplicador do emprego, cun valor lixeiramente superior no Campus Terra ao de Sevilla ou Cataluña. En termos de porcentaxe do emprego sobre o total, o valor obtido no Campus Terra é superior ao da Universidade de Salamanca, pero inferior ao do sistema universitario valenciano ou o madrileño.

En resumo, á vista da comparación cos resultados obtidos para outras universidades con metodoloxías similares semella que os impactos estimados para o Campus Terra son razoables e plausibles, podéndose atribuír as diferencias á diferente estrutura sectorial.

Referencias

Luque, T.; del Barrio, S. e Aguayo, J. M. (2009): *Estudio del impacto económico de la Universidad de Granada en su entorno*. Universidad de Granada, Consejo Social.

Miret, L.; Fernández, M. e Sigalat, E. (2019): *El impacto económico del campus de Gandia UPV en la comarca de la Safor*. Universitat Politècnica de València.

Múñoz, R.; Bonete, R.; Carrera, M.; Esteve, F. e Grande R. (2015): *La parte y el todo. El impacto económico de la Universidad de Salamanca*. Universidad de Salamanca, Consejo Social.

Pastor, J.M. e Pérez, F. (2009): *La contribución socioeconómica de las Universidades públicas valencianas*. Universitat de València, Servicio de Publicaciones.

Pastor, J. M. e Peraita, C. (2010a): *La contribución socioeconómica de la Universidad de Cantabria*. Universidad de Cantabria.

Pastor, J. M. e Peraita, C. (2010b): *La contribución socioeconómica de la Universitat de les Illes Balears*. Universitat de les Illes Balears.

Pastor, J. M. e Peraita, C. (2010c): *La contribución socioeconómica de la Universidad de Castilla-La Mancha*. Universidad de Castilla-La Mancha.

Pastor, J. M. e Peraita, C. (2010d): *La contribución socioeconómica de la Universidad Pública de Navarra*. Universidad Pública de Navarra.

Pastor, J. M. e Peraita, C. (2011a): *La contribución socioeconómica de la Universidad de Zaragoza*. Universidad de Zaragoza.

Pastor, J. M. e Peraita, C. (2011b): *La contribución socioeconómica de la Universidad de Extremadura*. Universidad de Extremadura.

Pastor, J. M. e Peraita, C. (2012): *La contribución económica y social de la UNED*. Universidad Nacional de Educación a Distancia.

Pastor, J. M. e Peraita, C. (2014): *La contribución socioeconómica de la Universidad de Burgos*. Universidad de Burgos.

Pérez, F.; Pastor, J. M. e Peraita, C. (2015): *La contribución socioeconómica de las universidades públicas valencianas*. IVIE, Valencia


Suriñach, J.; Vayá, E. e Murillo, J. (2023): *Estudio de impacto económico de las universidades públicas españolas. Análisis territorializado para el año 2021*. Ministerio de Universidades y Universitat de Barcelona.

Anexo I: A metodoloxía input-output

Tal e como se explica no texto, nesta análise de impacto económico do Campus Terra na súa contorna empregamos a metodoloxía input-output, sendo esta a metodoloxía estandarizada para a realización deste tipo de análises. O obxectivo é o cálculo do impacto económico (efecto sobre o output, as rendas e o emprego) asociado ao gasto realizado polos axentes relacionados coa actividade do Campus Terra. Cabe destacar que dende un punto de vista xeográfico a unidade de análise é a provincia de Lugo. O motivo é que a análise input-output baséase na utilización da Táboa Input-Output, unha operación estatística que recolle para un ano concreto as interrelacións existentes entre os sectores económicos dunha determinada economía. Esta táboa resume os fluxos de transaccións intersectoriais así como os diferentes vectores de demanda final e os inputs primarios de cada sector. A táboa constrúese baixo o suposto de que a unidade de análise conforma unha economía (ou mercado). Por este motivo, a unidade administrativa máis desagregada para a que se dispón dunha TIO é a comunidade autónoma (no caso galego esta táboa é realizada polo Instituto Galego de Estatística). Realizar a análise a este nivel administrativo garante que os sectores económicos (ata 99) están identificados e existe vector de demanda para cada un gran maioría deles. Non obstante, dende o Grupo de Análise e Modelización Económica tense desenvolvida unha metodoloxía específica para poder aplicar estes análises desagregados a partires da TIO rexional. No caso desta análise empregaremos o nivel provincial.

A TIO recolle os fluxos de transaccións intersectoriais na economía galega no ano de referencia (2018), así como os vectores de demanda final e os inputs primarios.

A estrutura da táboa pode observarse na seguinte figura.



Polo tanto, o modelo de cantidades do denominado sistema pechado de Leontieff queda definido pola ecuación en forma matricial

$$X = AX + Y$$

$$A = \left[a_{ij} = \frac{X_{ij}}{X_j} \right]$$

Polo que a solución para o vector de output sectorial é

$$X = [I - A]^{-1}Y$$

Donde X é o vector de output sectorial (nx1), A é a matriz de coeficientes técnicos (nxn), [I-A] é a matriz tecnolóxica (nxn) e Y é o vector de demanda final interna (nx1).

Supoñendo a constancia e proporcionalidade dos coeficientes técnicos, o sistema de cantidades permite avaliar o impacto sobre a produción (ventas), rendas e emprego derivado do aumento no vector de demanda final (gasto) debido á existencia do Campus Terra.

Para poder facer a estimación dos impactos é preciso realizar dous pasos previos. En primeiro lugar é necesario asignar sectorialmente o aumento na demanda final. Para cada un dos axentes xeradores de gasto procedemos a asignar que parte do seu gasto lle corresponde a cada uno dos sectores incluídos na TIO (consultar cada un dos capítulos para a descrición da metodoloxía seguida en cada caso para realizar esta asignación). En segundo lugar é preciso converter o vector de

demanda que se obtén da asignación sectorial dos gastos (valorado a prezos de adquisición) a un vector de demanda valorado a prezos básicos.

Para poder identificar os impactos sobre produción, renda e emprego derivados do aumento na demanda final, estendemos o modelo básico de cantidades de Leontieff para identificar os requerimentos de inputs primarios na demanda final. Deste xeito podemos obter os denominados multiplicadores input-output, que son fundamentalmente tres: o multiplicador do output, o de renda e o de emprego.

Multiplicadores do output

Sexa B a inversa da matriz tecnolóxica:

$$B = [I - A]^{-1}$$

Cada elemento de B (b_{ij}) indica o incremento na produción do sector i necesario para satisfacer o incremento dunha unidade na demanda final do sector j . A suma das columnas da matriz B indica a produción necesaria de todos os sectores da economía para satisfacer un incremento nunha unidade da demanda final do sector j . Esta suma indica o impacto sobre todo o sistema económico dun incremento na demanda final do sector j . Os **multiplicadores do output** calcúlanse como

$$MO_j = \sum_{i=1}^n b_{ij}$$

Multiplicadores de renda

Estes multiplicadores representan unha cuantificación da capacidade de xeración de renda derivada dos cambios na demanda final. Porén, o aumento inicial de renda derivado dun cambio na demanda final ten efectos inducidos adicionais no consumo das familias, que causarán aumentos adicionais na demanda final, nun proceso iterativo que se vai esgotando en cada unha das fases da rolda de gasto. A literatura IO diferencia entre o multiplicador de renda tipo I (que non contén o efecto inducido, senón unicamente o efecto directo e indirecto dun aumento nunha unidade da demanda final) e o multiplicador de renda tipo II (que inclúe o efecto directo, indirecto e inducido dos aumentos na demanda final).

O multiplicador de renda tipo I pódese definir como

$$MR_j^I = \sum_{i=1}^n v_i b_{ij}$$

$$MR^I = v' B$$

Onde v_j é a capacidade de xerar renda por unidade de output no sector j , calculada como o coeficiente unitario de valor engadido (valor engadido no sector j / produción no sector j).

Para construír os multiplicadores tipo II hai que ampliar a matriz de transaccións intersectoriais incluíndo ao sector de economías domésticas como se fora un sector produtivo máis. A matriz de transaccións intersectoriais terá unha fila e unha columna adicionais. A columna é a que xa aparece na TIO como consumo das familias. En canto á fila, debería recoller a totalidade de rendas percibidas, polo que debería deducirse do montante total o valor engadido da TIO de todas as partidas que non se canalizan ás economías domésticas (beneficios non distribuídos, aforro, etc.). A TIO non ofrece esta información, polo que é preciso estimar os elementos desta fila facendo unha redistribución sectorial do consumo familiar en función da súa participación de cada sector na renda total.

Os elementos da nova matriz de coeficientes técnicos A^* representan a renda doméstica xerada directamente ao obter unha unidade do sector j .

A nova matriz inversa de Leontieff é

$$B^* = [I - A^*]^{-1}$$

Os multiplicadores de renda tipo II calcúlanse empregando a última fila da nova matriz inversa. A nova matriz de transaccións intersectoriais pódese expresar de xeito particionado como

$$\begin{bmatrix} X \\ y \end{bmatrix} = \begin{bmatrix} A & cf \\ \omega' & 0 \end{bmatrix} \begin{bmatrix} X \\ y \end{bmatrix} + \begin{bmatrix} Y - CF \\ RE \end{bmatrix}$$

Onde y é o valor engadido ou renda, cf é o vector de coeficientes correspondentes aos consumos dos fogares, CF é o vector de consumo dos fogares, Y é a demanda final interna, RE son as rendas percibidas do exterior, ω' é o vector de ratios renda/producto.

A matriz inversa de Leontieff é agora

$$B^* = \left[I - \begin{bmatrix} A & cf \\ \omega' & 0 \end{bmatrix} \right]^{-1}$$

Polo que os multiplicadores de renda tipo II poden expresarse como

$$MR_j^{II} = b_{n+1,j}^*$$

Multiplicadores do emprego

Os multiplicadores do emprego poden obterse tendo en conta só os efectos directos e indirectos derivados do aumento na demanda final (multiplicador tipo I) ou incluíndo os efectos inducidos (multiplicador tipo II). O multiplicador tipo I pode definirse como

$$ME_j^I = \sum_{i=1}^n l_i b_{ij}$$

$$ME_j^I = l' B$$

onde l_i é o coeficiente do traballo calculado como o cociente entre o emprego e o output do sector i , e o vector l_j contén os coeficientes de traballo dos diferentes sectores económicos.

Para obter o multiplicador tipo II só é preciso substituír os coeficientes da matriz inversa de Leontieff B polos coeficientes da matriz B^* :

$$ME_j^{II} = \sum_{i=1}^n l_i b_{ij}^*$$

Anexo II: Cuestionario da enquisa ao alumnado

O Instituto de Estudos e Desenvolvemento de Galicia, IDEGA (USC), por encargo do Campus Terra, está levando a cabo un **estudo sobre o impacto económico do Campus** no seu entorno máis próximo. O obxectivo desta enquisa é obter información que permita estimar os **efectos económicos do gasto dos estudantes** do campus de Lugo.

A enquisa é totalmente **anónima** e as **respostas confidenciais**, só se empregarán para obter resultados globais.

O tempo preciso para realizala é duns **20 minutos**.

Todos os estudantes que cubran a enquisa e que superen o filtrado de validación posterior (congruencia das respostas), entrarán no **sorteo de dous iPad**.

Agradecemos a túa sinceridade e colaboración.

BLOQUE I: INFORMACIÓN ACADÉMICA E PERSOAL

P1. Sexo:

1 – home

2 – muller

P2. Idade (anos cumpridos na data de realización da enquisa):

P3. Lugar de residencia durante o curso:

Concello:

Código

Postal:

P4. Lugar de residencia habitual/familiar:

Concello:

Código

Postal:

P5. Facultade ou escola na que cursas os teus estudos: -

P6. Titulación na que estás matriculado:

P6b. Os estudos que estás cursando actualmente eran a túa primeira opción (independentemente da cidade/universidade)?

- 1 – Si, tiña claro o que quería estudar
- 2 – Non, pero di que me interesaba por iso eran a miña segunda ou terceira opción
- 3 – Non, en realidade non tiña claro que estudar

P6c. Cal é o motivo principal polo que elixiches realizar os teus estudos no Campus de Lugo?

- 1 – Polo prestixio da titulación
- 2 – Polo prestixio da USC
- 3 – Por proximidade ao lugar de orixe / resido en Lugo
- 4 – Porque non entrei na mesma titulación que estudo noutro Campus/Universidade
- 5 – Porque non entrei noutra titulación diferente á que estudo noutro Campus/Universidade
- 6 – Porque o custe da vida en Lugo é máis baixo que noutras cidades
- 7 – Porque quería estudar fora da casa
- 8 – Outro motivo. Especificar:

P7. En caso de non existir o Campus Terra, que terías feito?

- 1 – Ir a estudar a outra universidade fora de Galicia
- 2 – Ir a estudar a outra universidade/campus de Galicia
- 3 – Non iría á universidade

P8. Curso en que estás matriculado (maior número de créditos):

- 1– 1º curso de grao
 - 2 – 2º curso de grao
 - 3 – 3º curso de grao
 - pregunta P9]
 - 4 – 4º, 5º ou 6º curso de grao ou dobre grao
 - 5 – Mestrado ou doutoramento
- [Pasar a

P8b. Cursaches os estudos de grao universitario no Campus Terra?

- 1 – si
- 2 – non

BLOQUE II: DETERMINANTES DO GASTO

P9. Onde te aloxas durante o curso universitario?

- 1 – Na miña residencia familiar/habitual _____ → [Pasar a pregunta P11]
- 2 – Nunha vivenda propia ou dalgún familiar ou coñecido (sen custo de alugueiro)
- 3 – Nunha residencia universitaria ou colexio maior
- 4 – Nunha vivenda de alugueiro
- 5 – _____ Outros. Especificar: _____

P10. Duración prevista da estada no aloxamento durante este curso en meses: _____

P11. Recibes visitas ou tes pensado recibir visitas de familiares ou amigos durante o curso académico?

- 1 – si
- 2 – non _____ → [Pasar a pregunta P14]

P12. As visitas que recibes ou tes pensado recibir alóxanse en hotel, hostal ou similar (é dicir, implícalles algún custo de aloxamento)?

- 1 – si
- 2 – non _____ → [Pasar a pregunta P14]

P13. Información sobre as visitas con custes de aloxamento:

- Número de visitas por curso: _____
- Número de persoas por visita: _____
- Duración (en días) das visitas: _____

BLOQUE III: ESTRUTURA DO GASTO

P14. Cales son os teus gastos aproximados (reais ou previstos) durante o curso académico?

Introduce as cantidades (en €) para cada categoría na que realices gastos na provincia de Lugo en función daquela opción que resulte máis cómoda (por semana, mes ou ano).

Se vives no domicilio familiar, non rexistres os gastos comúns, so os que impliquen un pago directo pola túa parte (é dicir, se as factura da luz non a pagas ti non a indiques). Se vives nun piso alugado compartido rexistra só os gastos que che correspondan a nivel individual.

Gasto total na provincia de Lugo dedicado a cuestións académicas e papelería:

	€/semana	€/mes	€/ano
Cursos (idiomas, ofimática, etc.), academias ou clases de apoio			
Material de papelería, fotocopias, revistas, periódicos, libros (académicos e non académicos)			

Gasto total na provincia de Lugo dedicado a aloxamento:

	€/semana	€/mes	€/ano
Residencia universitaria (pública ou privada) ou colexio maior			
Alugueiro da vivenda			
Equipamento do fogar (mobles, electrodomésticos, lámpadas, etc.)			
Subministracións (luz, auga e gas)			
Telefonía fixa e/ou internet (fibra, ADSL, etc.)			

Gasto total na provincia de Lugo dedicado a manutención:

	€/semana	€/mes	€/ano
Produtos de alimentación e bebidas en tendas e supermercados			

Comida en locais de hostalaría (cafetería universitaria, bares e restaurantes)			
Roupa, calzado e complementos			

Gasto total na provincia de Lugo dedicado a transporte:

	€/semana	€/mes	€/ano
Transporte público (bus, tren, taxi)			
Transporte privado (combustible, reparacións)			

Gasto total na provincia de Lugo dedicado a comunicación e novas tecnoloxías:

	€/semana	€/mes	€/ano
Material informático (software, teléfono, tablet, ordenador e outros aparellos electrónicos)			

Gasto total na provincia de Lugo dedicado a ocio:

	€/semana	€/mes	€/ano
Bebidas en locais de hostalaría (diúrnos e nocturnos)			
Cine			
Ximnasio ou similar (instalacións deportivas, estudos de ioga/pilates, etc.)			
Espectáculos (concertos, teatro, eventos deportivos de baloncesto, fútbol, voleibol, etc.)			

Gasto total na provincia de Lugo dedicado a outros gastos:

	€/semana	€/mes	€/ano
Perruqueira e estética			

Medicamentos			
Tabaco e artigos para fumadores			
Saúde (fisioterapeuta, psicólogo, dentista, oculista, etc.)			

BLOQUE IV: COÑECEMENTO DO CAMPUS TERRA (só para alumnado de 2º curso de grao e posterior ou estudantes de posgrao)

P15. 1. Coñecías a existencia do Campus Terra antes da realización desta enquisa?

1 – si

2 – non [Fin do cuestionario]

P16. Coñecías a súa imaxe de marca do Campus Terra (logotipo) antes da realización desta enquisa?

1 – si

2 – non [Pasar a pregunta P18]

P17. Utilizas esta imaxe (logotipo) nalgún documento escrito, presentación ou formulario que teñas que xerar ti?

1 – si, sempre

2 – si, algunhas veces

3 – non

P18. Tes recibido/obtido información relativa ao Campus Terra nalgunha ocasión (ben sexa por redes sociais, correo electrónico, cartelería, etc.)?:

1 – si

2 – non

3 – non estou seguro } [Pasar a pregunta P24]

P19. Por medio de cales das seguintes canles recibes ou obtés información do Campus Terra? Marca todas as canles polas que recordes ter recibido dita información.

1 – Web

- 2 – Facebook
- 3 – Instagram
- 4 – X (antes Twitter)
- 5 – Canle de YouTube
- 6 – Correo electrónico
- 7 – Cartelería
- 8 – Prensa escrita

P20. Consideras que as canles de comunicación coas que conta o Campus Terra (citados anteriormente) son suficientes para comunicarse?

- 1 – si
- 2 – non. Cales botas en falta? _____

P21. Segundo a túa opinión, a cantidade de información recibida sobre Campus Terra polas canles de comunicación existentes é:

- 1 – moita
- 2 – suficiente
- 3 – pouca

P22. A información recibida sobre Campus Terra polas canles de comunicación existentes é de interese para ti?

- 1 – si
- 2 – non. Indicar temáticas de interese: _____

P23. Valora, nunha escala do 1 ao 5 (sendo 1 “pouco atractivo” e 5 “moi atractivo”) o deseño das mensaxes que recibes con información sobre Campus Terra: _____

P24. Entre as seguintes, cales cres que son as áreas de especialización ou áreas estratéxicas do Campus Terra? Marcar un máximo de catro

- 1 – Innovación dixital, tecnolóxica e humanística
- 2 – Produción e saúde animal sostibles
- 3 – Comunicación e creatividade
- 4 – Alimentación segura e saudable
- 5 – Xestión forestal sostible

- 6 – Produción vexetal e agricultura sostible
- 7 – Novas tecnoloxías: TICs, ómicas, etc.
- 8 – Deporte, saúde e benestar
- 9 – Cambio climático. Biodiversidade e infraestruturas verdes
- 10 – Unha única saúde: OneHealth
- 11 – Historia e cultura no mundo rural
- 12 – Innovación social e xestión pública
- 13 – Telecomunicacións

Anexo III: Cuestionario da enquisa ao PDI e PTXAS

O Instituto de Estudos e Desenvolvemento de Galicia, IDEGA (USC), por encargo do Campus Terra, está levando a cabo un **estudo sobre o impacto económico do Campus** no seu entorno máis próximo. O obxectivo desta enquisa é obter información que permita estimar os **efectos económicos do gasto do persoal** vinculado total ou parcialmente ao campus de Lugo.

A enquisa é totalmente **anónima** e as **respostas confidenciais**, só se empregarán para obter resultados globais.

O tempo preciso para realizala é duns **20 minutos**.

Agradecemos a túa sinceridade e colaboración.

BLOQUE I: INFORMACIÓN PERSOAL E LABORAL

P1. Sexo:

1 – home

2 – muller

P2. Idade (anos cumpridos na data de realización da enquisa):

P3. Lugar de residencia durante o curso:

Concello:

Código

Postal:

P4. Lugar de residencia habitual/familiar:

Concello:

Código

Postal:

P5. Colectivo de persoal o que pertences:

1 – Persoal de administración e servizos (PAS) →

[Pasar a

pregunta P5b]

2 – Persoal docente e investigador (PDI) → [Pasar a pregunta P5c]

3 – Persoal investigador (PI) → [Pasar a pregunta P5d]

P5b. Categoría/grupo laboral o que pertences (1, 2, A1, C1, etc.): _____

P5c. Categoría/grupo laboral o que pertences:

1 – Profesor asociado

2 – Catedrático de universidade

3 – Axudante doutor

4 – Contratado doutor

5 – Profesor emérito

6 – Interino por substitución

7 – Titular de universidade

8 – Titular de escola universitaria

9 – Outros → [Pasar a pregunta P5c1]

P5d. Categoría/grupo laboral o que pertences (investigador en iniciación, investigador colaborador, técnico superior de investigación, etc): _____

P5c1. Indica o nome da categoría ou grupo laboral ao que pertences: _____

P6. Dedicación:

1 – Tempo completo

2 – Tempo parcial → [Pasar a pregunta P6b]

P6b. Cal é a túa dedicación parcial (exemplo: P3, P6, 25h/semana, etc.)?: _____

PDI1. Campus ao que está asignado o teu posto de traballo:

1 – Lugo

2 – Santiago

PDI2. Campus no que impartes docencia:

- 1 – Lugo
- 2 – Santiago
- 3 – Lugo e Santiago

PDI3. Período do curso académico actual no que impartes docencia no campus de Lugo:

- 1 – 1º semestre
- 2 – 2º semestre
- 3 – Ambos semestres

BLOQUE II: DETERMINANTES DO GASTO

P7. Número de membros do fogar: _____

P8. Que porcentaxe representa ou teu salario neto sobre o total de ingresos do fogar? _____

P9. Nunha semana laboral habitual das que estás traballando no campus de Lugo, cantos días por semana traballas presencialmente na provincia de Lugo? _____

P10. Onde te aloxas durante o curso universitario?

- 1 – Na miña residencia familiar/habitual ou segunda vivenda
- 2 – Nunha vivenda propia ou dalgún familiar ou coñecido (sen custo de alugueiro)
- 3 – Nunha residencia universitaria ou colexio maior
- 4 – Nunha vivenda de alugueiro
- 5 – Outros. Especificar: _____

BLOQUE III: ESTRUTURA DO GASTO

P11. Cales son os teus gastos aproximados (reais ou previstos) durante o ano na provincia de Lugo?

Introduce as cantidades (en €) para cada categoría na o fogar realice gastos na provincia de Lugo en función daquela opción que resulte máis cómoda (por semana, mes ou ano).

Indicar só gasto en centros/negocios na provincia de Lugo, NON o realizado en plataformas online (formación, Amazon, etc.). Indicar gasto total do fogar.

Gasto total na provincia de Lugo dedicado a educación NON universitaria:

	€/semana	€/mes	€/ano
Cota colexio privado/concertado (educación infantil, primaria, ESO, BAC e FP)			
Cursos e clases de apoio (idiomas, ofimática, etc.)			
Material de papelería, fotocopias, libros, etc.			

Gasto total na provincia de Lugo dedicado a aloxamento (vivenda habitual, vacacional e/ou segundas vivendas):

	€/semana	€/mes	€/ano
Adquisición da vivenda			
Construción, reforma ou rehabilitación da vivenda			
Alugueiro da vivenda			
Equipamento do fogar (mobles, electrodomésticos, lámpadas, etc.)			
Subministracións (luz, auga e gas)			
Recibo de comunidade de veciños			
Gasoil para calefacción individual			
Telefonía móbil, fixa e/ou internet (fibra, ADSL, etc.)			

Gasto total na provincia de Lugo dedicado a alimentación:

	€/semana	€/mes	€/ano
Gasto en tendas e supermercados			

Gasto total na provincia de Lugo dedicado a comercio non alimenticio:

	€/semana	€/mes	€/ano
Roupa, calzado e complementos			
Tabaco e artigos para fumadores			
Material informático (software, teléfono, tablet, ordenador e outros aparellos electrónicos)			
Libros, prensa e similares			
Medicamentos			
Outros gastos no comercio (droguería, mascotas, xoiería, xogos, instrumentos, etc.)			

Gasto total na provincia de Lugo dedicado a transporte:

	€/semana	€/mes	€/ano
Transporte público (bus, tren, taxi)			
Transporte privado (combustible, reparacións, revisións)			
Adquisición de vehículo			

Gasto total na provincia de Lugo dedicado a protección social:

	€/semana	€/mes	€/ano
Garderías e/ou ludotecas			
Centros de día/noite de persoas maiores e/ou dependentes			
Residencia de persoas maiores e/ou dependentes			

Servizo de axuda a domicilio de persoas maiores e/ou dependentes			
Contratación directa de persoal para coidado de menores ou maiores e/ou dependentes (NON servizo doméstico)			

Gasto total na provincia de Lugo dedicado a turismo:

	€/semana	€/mes	€/ano
Pernoctacións en hoteis, hostais, residencias universitarias e similar			
Axencias de viaxes			

Gasto total na provincia de Lugo dedicado a ocio:

	€/semana	€/mes	€/ano
Comida e bebida en locais de hostalaría (diúrnos e nocturnos)			
Cine			
Ximnasio ou similar (instalacións deportivas, estudos de ioga/pilates, etc.)			
Espectáculos (concertos, teatro, eventos deportivos de baloncesto, fútbol, voleibol, etc.)			

Gasto total na provincia de Lugo dedicado a outros gastos:

	€/semana	€/mes	€/ano
Perruqueira e estética			
Servizo doméstico			
Seguros (saúde, fogar, vehículo, etc.)			
Saúde (consultas do fisioterapeuta, psicólogo, dentista, oculista, etc.)			
Lotaría			

Anexo IV: Correspondencia entre ramas e CNAE-09

Código	Descrición rama	CNAE-09
R01	Agricultura, gandería, caza e servizos relacionados con elas	01
R02	Silvicultura e explotación forestal	02
R03A	Pesca	03.1
R03B	Acuicultura	03.2
R05_09	Industrias extractivas	05 - 09
R10A	Procesamento e conservación de carne e elaboración de produtos cárnicos	10.1
R10B	Procesamento e conservación de peixes, crustáceos e moluscos	10.2
R10C	Fabricación de produtos lácteos	10.5
R10D	Fabricación de produtos para a alimentación animal	10.9
R10E	Outras industrias alimentarias	10.3, 10.4, 10.6, 10.7, 10.8
R11_12	Fabricación de bebidas e industria do tabaco	11, 12
R13	Industria téxtil	13
R14_15	Confección de roupa de vestir e industria do coiro e do calzado	14, 15
R16	Industria da madeira e da cortiza, agás mobles; cestaría e espartaría	16
R17	Industria do papel	17
R18	Artes gráficas e reprodución de soportes gravados	18
R19	Coquerías e refino de petróleo	19
R20_21	Industria química e fabricación de produtos farmacéuticos	20, 21
R22	Fabricación de produtos de caucho e plásticos	22
R23	Fabricación doutros produtos minerais non metálicos	23
R24	Metalurxia; fabricación de produtos de ferro, aceiro e ferroalixes	24
R25	Fabricación de produtos metálicos, agás maquinaria e equipamento	25
R26	Fabricación de produtos informáticos, electrónicos e ópticos	26
R27	Fabricación de material e equipamento eléctrico	27
R28	Fabricación de maquinaria e equipamento n.c.n.	28

R29	Fabricación de vehículos de motor, remolques e semirremolques	29
R30	Fabricación doutro material de transporte	30
R31	Fabricación de mobles	31
R32	Outras industrias manufactureiras	32
R33	Reparación e instalación de maquinaria e equipamento	33
R35_39M	Fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado. Subministro de auga, actividades de saneamento, xestión de residuos e descontaminación de mercado	35, 36, 37(M), 38(M), 39
R37_38NM	Actividades de saneamento e xestión de residuos de non mercado	37(NM), 38(NM)
R41_43	Construción	41 - 43
R45	Venda e reparación de vehículos de motor	45
R46	Comercio polo xunto e intermediarios do comercio, agás de vehículos de motor	46
R47	Comercio polo miúdo, salvo de vehículos de motor e motocicletas	47
R49	Transporte terrestre e por tubaxe	49
R50_51	Transporte marítimo e por vías navegables interiores; transporte aéreo	50, 51
R52	Almacenamento e actividades anexas ao transporte	52
R53	Actividades postais e de correo	53
R55	Servizos de aloxamento	55
R56	Servizos de comidas e bebidas	56
R58	Edición	58
R59_60	Actividades cinematográficas de vídeo e televisión, gravación de son e edición musical; actividades de programación e emisión de radio e televisión	59, 60
R61	Telecomunicacións	61
R62_63	Programación, consultaría e outras actividades relacionadas coa informática; servizos de información	62, 63
R64	Servizos financeiros, agás seguros e fondos de pensións	64
R65	Seguros, reaseguros e fondos de pensións agás Seguridade Social obrigatoria	65
R66	Actividades auxiliares aos servizos financeiros e aos seguros	66
R68	Actividades inmobiliarias	68

R69_70	Actividades xurídicas e de contabilidade; actividades das sedes centrais; actividades de consultaría e de xestión empresarial	69, 70
R71	Servizos técnicos de arquitectura e enxeñería; ensaios e análise técnica	71
R72	Investigación e desenvolvemento	72
R73	Publicidade e estudos de mercado	73
R74_75	Outras actividades profesionais, científicas, técnicas e veterinarias	74, 75
R77	Actividades de alugueiro	77
R78	Actividades relacionadas co emprego	78
R79	Actividades das axencias de viaxes, operadores turísticos, servizos de reservas e actividades relacionadas	79
R80_82	Actividades de seguridade e investigación; servizos a edificios e actividades de xardinería; actividades administrativas de oficina e outras actividades auxiliares das empresas	80 - 82
R84	Administración pública e defensa; Seguridade Social obrigatoria	84
R85M	Educación de mercado	85(M)
R85NM	Educación de non mercado	85(NM)
R86_88M	Actividades sanitarias e de servizos sociais de mercado	86(M), 87(M), 88(M)
R86_88NM	Actividades sanitarias e de servizos sociais de non mercado	86(NM), 87(NM), 88(NM)
R90_93	Actividades artísticas, recreativas e de entretemento	90, 91, 92, 93
R94	Actividades asociativas	94
R95	Reparación de ordenadores, efectos persoais e artigos de uso doméstico	95
R96	Outros servizos persoais	96
R97	Actividades dos fogares como empregadores de persoal doméstico	97

Fonte: Instituto Galego de Estatística